


A fonte limpa

Pedro González López



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Concello de Lugo



Museo Cívico de
Arqueología de Lugo



IRMANDADE
XURÍDICA GALEGA



XACOBEO 2010
Galicia



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A FONTE LIMPA

Historia do Dereito Galego

Pedro González López

© dos textos: os autores

© da publicación: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

Coordinación: Xosé González Martínez e Carme Pérez Vaquero

Deseño e maquetación: Pío García



Edición: PIO GARCIA
EDICIONS

Imprime: Eurográficas

Depósito Legal: C 1834-2010

GALEGUIZAR GALICIA



A Irmandade Xurídica Galega réndelle homenaxe neste ano 2010 ao ilustre avogado lucense D. Pedro González López, seguindo a rota que establecemos no acto fundacional da nosa asociación que tivo lugar hai dous anos, en Celanova, de recuperar a memoria de prestixiosos xuristas galegos que se distinguiran pola defensa da lingua e a cultura do noso país.

Nesa liña enmárcase o acto que xa organizáramos en Castro Caldelas no outono do 2007 en honor do fiscal D. Manuel Casado Nieto e dos maxistrados D. Claudio Movilla Álvarez e D. Orencio Pérez González, todos eles naturais daquela localidade ourensá; que continuamos na ocasión citada en Celanova, en xuño do 2008, para lembrar ao avogado e xuíz D. Sebastián Martínez Risco; e logo no Pazo de Fonseca de Santiago de Compostela, xuño do 2009, en homenaxe aos nosos compañeiros o maxistrado D. Daniel García Ramos e o notario D. Vitorino Gutiérrez Aller.

Todos eles forman parte integrante dunha estensa nómina de xuristas –pouco coñecida– na que figuran, entroutros moitos, Lois Porteiro Garea, Fermín Bouza Brey, Lois Peña Novo, Valentín Paz Andrade, Amando Losada Díaz, Arturo Noguero Buján, Roberto González Pastoriza...

Agora, nas terras de Lugo, imos recordar ao espello de avogados que foi don Pedro González López, ao que celebramos, entroutras actividades, con esta edición das páxinas que, por mor do seu ingreso na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, escribiu sobre o pai bieito frei Xerónimo Feixoo e Montenegro no ano 1976, en que se cumprían precisamente os trescentos anos do seu nacemento.

Non é casual que un avogado humanista como don Pedro González López se interesase, nunha ocasión tan sinalada, pola figura do bieito, que xa antes atraera a atención doutros intelectuais galeguistas como don Ramón Otero Pedrayo, don Sebastián Martínez Risco e don Xosé M^a Álvarez Blázquez.

A razón dese interese reside con toda seguridade en que Feixoo –ourensán de Casdemiro e estudante na súa mocidade no Mosteiro de Samos– aparece como sobranceiro iniciador da Ilustración e promotor e divulgador en España das ideas do movemento racionalista que percorría Europa no século XVIII. Por certo que, nesa tarefa, contou cun ilustre colaborador, o seu compañeiro de orde frei Martín Sarmiento, que tan singular papel xogou no abrollar da filoloxía galega.

Convén citar que no marco dos estudos lingüísticos daqueles tempos, Feixoo foi dos primeiros en incorporar o portugués en igualdade de condicións coas tres linguas que ata entón se xulgaban como romances por excelencia –o italiano, o francés e o castelán– e en considerar que todas as linguas son iguais. Iso significou unha negación revolucionaria dos prexuízos existentes sobre a materia naquela época e, partindo de que o castelán e o portugués son dialectos independentes procedentes do latín, permitiulle matinar sobre as relacións entre o portugués e o galego, considerando a esta última como lingua indistinta da primeira, de acordo coa doutrina corrente do seu tempo, e sostivo que o idioma común formouse en Galicia e deiquí pasou a Portugal.

González López céntrase nas ideas filosóficas e xurídicas do pai Feixoo e subliña as simpatías deste por Newton e Bacon e o coñecemento que o escritor tiña das doutrinas de Descartes. No terreo do dereito, o noso avogado comenta as opinións do bieito sobre cuestións candentes en 1976, en toda a segunda metade do século XX e aínda hoxe en día. Por exemplo:

–O papel preponderante que Feixoo lles atribúe aos xuíces en relación co lexislador para realizar o ideal

de xustiza, e as virtudes que debe posuír un bo maxistrado.

–A crítica dos vezos seculares dos escribáns e oficios das xustiza: o seu número desproporcionado, a inutilidade e profusión dos empregos e as falcatuadas que comenten a cotío.

–A crítica do tormento e das torturas como instrumento do proceso penal.

–O debate sobre a pena de morte, da que por certo Feixoo se amosa partidario fronte ao criterio oposto de Martín Sarmiento. González López recorda que a Xunta xeral do Colexio de Avogados de Lugo, que el presidía como decano, adoptara na sesión do 25 de xaneiro de 1970 un acordo de que se abolise a pena de morte.

–A inxustiza da multa tradicional, que é pena para os pobres pero non para os ricos.

–A xustiza de menores, coas cuestións e as particulares solucións que demanda.

–A igualdade do home da muller.

–A problemática do dereito procesual e, en especial, a que xira arredor do proceso penal: a necesaria celeri-

dade do procedemento, a falta de fiabilidade da proba de testemuñas e a utilización sistemática e a impunidad das falsas declaracións, o custo do proceso e os criterios de imposición das custas aos litigantes.

–As cuestións xurídicas e morais que suscita o suicidio.

–A consideración dunha normativa específica sobre os vagos e lacazáns.

E comenta finalmente o avogado lugués as ideas de Feixoo sobre a lingua galega en relación co portugués e co resto das linguas romances ás que aludimos arriba.

A Irmandade Xurídica Galega quere recuperar a memoria de Pedro González López, como a doutros xuristas do noso país, no marco do proceso que promovemos de conseguir que o galego acade a condición de lingua normal de traballo nas actividades xurídicas e administrativas: nos despachos de avogados, nas administracións públicas, nas comisarías, nas facultades de dereito, nos tribunais de xustiza... Como dixemos nalgunha outra ocasión, os profesionais do dereito temos unha especial responsabilidade na creación do clima que permita que as persoas utilicen con naturalidade e sen atrancos a lingua propia do país.

O que pretendemos coa creación e a actividade da Irmandade Xurídica Galega é, por unha banda, manter acceso o forno do galeguismo xurídico e reivindicar a súa tradición; e pola outra, defender e propagar cara ao século XXI o uso da lingua galega nos ámbitos xurídicos e administrativos.

A Irmandade quere ser pois a continuadora do esforzo de profesionais que, como D. Pedro González López, contribuíron a superar o rol do galego como lingua coloquial ou literaria, para íla convertendo en idioma de produción científica, xurídica e administrativa.

O resultado do seu exemplo e maxisterio é o número cada vez maior de xuíces, fiscais, avogados e secretarios xudiciais, que co inestimable apoio doutros funcionarios, contribúen a devolverlle ao galego a condición de lingua de prestixio por medio do seu uso nas revistas xurídicas, nos ámbitos académicos e nos procesos e documentos xurídicos e administrativos.

Incentivaron ese proceso decisivamente desde hai xa máis de 20 anos os maxistrados D. Xosé Xoán Barreiro Prado, D. Luciano Varela Castro e D. Fernando Fernández Leiceaga, os fiscais D. Benito Montero Prego, D. Xoán Horro González e D. Carlos Varela García,

xunto con outros avogados e funcionarios, moitos deles que forman parte da Irmandade. A eles forónselles xuntando unha mancha de xuíces, fiscais, avogados e funcionarios das fornadas recentes que manteñen e manterán vivo o uso do galego na sociedade da información e do coñecemento.

É relevante a contribución da *Revista Xurídica Galega* e dos boletíns e páxinas dixitais do Consello da Avogacía Galega e dos colexios profesionais de avogados e procuradores, en especial, a publicación *Avogacía Compostelá* do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, que constitúe un exemplo senlleiro da defensa do galego nas actividades do dereito.

A aparición da Irmandade é froito dun longo proceso de maduración que principia coa fundación da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia en 1983 por traballadores das administracións locais, autonómica e estatal, máis xuíces, fiscais e avogados que quixemos aproveitar a oportunidade que os novos ordenamentos xurídicos estatal e autonómico significaban para a lingua galega coa súa declaración de oficialidade e o mandado do proceso de normalización.

En efecto, a *Lei de normalización lingüística* de 1983 e a *Lei orgánica do poder xudicial* de 1985 abríanlle portas á lingua galega nos procedementos administrativos e xudiciais e atentos a esas posibilidades promovimos iniciativas para materializar e avanzar no uso do galego. Como fitos deses traballos, citamos a título de exemplo:

–A declaración de alcaldes a prol do galego en Compostela en 1984, da que precisamente vimos de celebrar o 25 aniversario en colaboración coa FEGAMP, no Hostal dos Reis Católicos, na data 10 de xullo de 2009.

–A creación da Sección de Linguaxe Xurídica e Administrativa no Instituto da Lingua Galega en 1985.

–A tradución dos códigos e das leis procesuais ao galego.

–A proposición de lei de uso do galego nas corporacións locais de que aprobou o Parlamento de Galicia en 1988.

–As publicacións de *Contos da xustiza e Palabra de lei. Galeguizar Galicia*.

–A edición resumida en galego do BOE coas disposicións e normas xurídicas estatais.

–A *Declaración de Foz* que asinaron no ano 2009 trinta profesionais do dereito da provincia de Lugo, con ocasión da declaración como fillo predilecto daquel Concello de D. Xosé Xoán Barreiro Prado.

Non nos cansamos de repetir que unha das marcas que definen a autonomía política de Galicia, como a do resto das nacionalidades históricas, é o recoñecemento da oficialidade da súa lingua, do valor cultural do idioma propio e da súa condición de seña de identidade do pobo galego, que conlevan que o Estado no seu conxunto tamén ten a obrigaón legal de promover o uso do galego.

Este é un principio básico do proceso de normalización lingüística e tradúcese nunha forma de actuar que ten unha dobre fasquía: por unha banda, as administracións non deben discriminar aos cidadáns por mor da lingua oficial que estes usen pero, por outro lado, deben potenciar o uso da lingua galega e aplicar políticas activas dirixidas a acadar ese obxectivo. Esas son as ideas que subxacen no réxime xurídico do plurilingüismo vixente no noso país –desde os estatutos de autonomía, as leis de normalización lingüística, ata a normativa reguladora da función pública.

Pero, fóra do ordenamento xurídico interno, a Unión Europea tamén converteu o plurilingüismo nunha das súas opcións políticas definidoras, como di nun dos seus documentos oficiais:

“A UE está convencida de que o uso das linguas dos seus cidadáns é un dos factores da súa transparencia, lexitimidade e eficacia (...) A Unión Europea é consciente da importancia da política lingüística e nomeou a un dos seus máis eminentes representantes para que defenda esta causa ao máis alto nivel (...) A Unión Europea baséase no principio de ‘unidade na diversidade’: diversidade de culturas, de costumes, de crenzas e de linguas (...) O respecto á diversidade lingüística xunto co respecto á persoa humana, a apertura a outras culturas, a tolerancia e a aceptación dos demais, é un dos valores básicos da Unión (...)”

Noutras palabras, a intervención no eido das linguas é un tipo de políticas públicas que no seo da Unión son perfectamente lexítimas e rigorosamente necesarias porque non hai un “mercado” que garanta a regulación da diversidade e, en concreto, da diversidade lingüística.

Neste contexto, podemos dicir que dispomos dun réxime xurídico que, no esencial, garante adecuadamente

o uso do galego. Pero dito iso, tamén defendemos que se teñan en conta as propostas dirixidas a pór de relevo a lingua como elemento vertebrador e estruturante do país e as consecuencias que se derivan loxicamente da declaración de oficialidade. Entre elas:

–O deber de coñecer o galego.

–A presenza da nosa lingua nas institucións da Unión Europea e a súa difusión exterior.

–A regulación clara e completa dos dereitos lingüísticos perante as administracións públicas e as institucións estatais, incluídos os órganos constitucionais do Estado.

–A atención singular ás relacións dos cidadáns coa Administración de Xustiza, o notariado e os rexistros públicos e que estes poidan funcionar en galego sen atrancos nin demoras.

–A previsión de que a Administración Xeral do Estado adopte as medidas necesarias para que o persoal ao seu servizo en Galicia posúa un coñecemento das linguas oficiais suficiente e axeitado ás tarefas propias do seu posto de traballo.

–E a norma que recolla os dereitos lingüísticos das persoas na súa condición de consumidores e usuarios

de produtos e servizos, especialmente daqueles que teñan carácter de esenciais para a vida cotidián.

É relevante sinalar que a LNL, ao par que as súas homónimas das outras comunidades autónomas con linguas propias, recoñeceu que para garantir a implantación efectiva do galego como idioma oficial do país era necesario programar e executar un proceso de normalización no que, xunto coa prohibición de calquera discriminación aos cidadáns por razón da lingua oficial que usen –por mor do dereito fundamental á igualdade das persoas perante a lei–, impera o principio de que os poderes públicos –especialmente a Xunta de Galicia e as corporacións locais– están obrigados a promoveren o uso do galego como lingua historicamente desfavorecida, para incorporala de contado e canto primeiro aos ámbitos dos que se viu arredada ao longo do tempo (usos administrativos e xurídicos, usos relixiosos, ensino, demais servizos públicos, relacións económicas e medios de comunicación social).

Pola súa actualidade, cómpre dicir aquí que, para o ámbito do ensino, o artigo 14 da LNL precisa como obxectivo do sistema educativo galego garantir que ao final dos ciclos do ensino obrigatorio os alumnos

teñan igualdade de competencia lingüística no uso, a nivel oral e escrito, dos dous idiomas oficiais.

Esa disposición da LNL fora desenvolvida por un decreto da Xunta de Galicia, o 247/1995, do 14 de setembro (DOG nº 178, do 19.09.05), lixeiramente modificado en 1997, que –en resumo– se baseaba nos seguintes piares básicos:

–O fomento do uso progresivo do galego como lingua vehicular na idea de que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización desta lingua nunha parte significativa do currículo.

–Acadar o equilibrio no uso das dúas linguas oficiais pola comunidade educativa no ámbito do centro e na administración dos centros.

–E a rigorosa prohibición de separar o alumnado en centros ou aulas distintas por razón da lingua.

En setembro do 2004, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o *Plan xeral de normalización da lingua galega* (PNLG) –no que participamos activamente moitos dos membros da Irmandade– que porfía naqueles obxectivos, analiza os seus presupostos e condicionantes, e propón medidas concretas para a

súa consecución. En concreto, o PNLG propón como obxectivos para o sector das administracións públicas acadar que o galego sexa lingua habitual de traballo e de relación no ámbito das administracións autonómica e local, coa mellora na capacitación lingüística dos traballadores e funcionarios; e que os órganos xurisdicionais e da administración de xustiza estean en condicións de atender e funcionar en galego para garantir os dereitos lingüísticos dos cidadáns. Ao par diso, proponse conseguir que en todos os centros educativos de Galicia exista unha planificación lingüística adaptada ás súas especificidades e orientada cara ao obxectivo legal de que o alumnado acade unha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.

O PNLG foi aprobado por unanimidade –ao igual que a LNL de 1983– non por casualidade, senón porque ao longo do proceso de implantación da autonomía política de Galicia, as entidades públicas e privadas e os axentes sociais defensores do uso do galego, así como a clase política do país, foron conscientes de que o tema lingüístico é moi importante e extraordinariamente sensible: a idea era, e segue a ser, a de que podemos polemizar sobre todo pero á hora de adoptar medidas sobre regulación ou planificación do uso das

linguas cómpre que primeiro dispoñamos dunha información adecuada e, de segundo, que procuremos actuar con consenso. Velaí o pacto non escrito do que xurdiron a LNL de 1983 e o PNLG do 2004.

Os resultados desa metodoloxía para a sorte da lingua galega pódense xulgar como máis ou menos afortunados segundo a libre perspectiva de cadaquén, pero o que ninguén negará é que, como subliña o PNLG, o uso das linguas oficiais en Galicia e nomeadamente o do galego non orixinou ningún conflito significativo, á parte as incidencias e anécdotas que naturalmente a todos nos veñen ás mentes. Tampouco xurdiu ata o de agora oposición social ningunha á progresiva implantación do proceso de normalización.

Os redactores do PNLG e o Parlamento de Galicia que o aprobou foron conscientes diso e recomendaron porfiar nese método cando sinalan como elementos básicos da súa “estratexia” para o clima das relacións lingüísticas en Galicia os da modernidade e da corte-sía, que concretan en tres fórmulas:

- oferta positiva do galego (iniciemos en galego a relación);
- oferta informativa do galego (informemos sobre a plena validez xurídica da relación en galego); e

–uso da cortesía (o uso do galego ten que aparecer como un exercicio de cortesía, fuxamos das imposicións).

Nese contexto, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG nº 125, do 28.06.07), que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo e vén substituír o anterior Decreto 247/1995.

O contido da nova norma é en boa parte idéntico ao do anterior e as súas singularidades máis significativas son a referencia aos obxectivos sinalados para cada etapa educativa polo propio PNLG, a esixencia de que no bacharelato o alumnado reciba alomenos a metade da súa docencia en galego; e a regulación detallada do “proxecto lingüístico do centro” e do seu procedemento de aprobación para adaptarse ás características específicas de cada sitio.

O Decreto 124/2007 non significaba unha alteración substancial da política lingüística que se viña aplicando no ámbito educativo, prevé unha avaliación anual dos resultados da súa aplicación e as medidas que contén constitúen basicamente unha actualización do anterior Decreto de 1995 para harmonizalo co PNLG, documento que, como sabemos, foi promovido e aus-

picado polo último goberno do presidente Fraga e aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia.

A pesar de todo iso, non se puido evitar que algún sector minoritario falase de que co novo Decreto trátase de “imponer el gallego en la escuela” e de que esa norma “puede causar perjuicios psicológicos a los escolares al enseñarles a los niños un idioma que no es el suyo” (*sic*).

O anterior non pasaría do nivel anecdótico senón fose porque tivo eco na campaña das eleccións ao Parlamento de Galicia de marzo/2009 e continúa a ecoar en certas declaracións dalgúns altos cargos do goberno galego, que chegan a cuestionar a validez do propio PNLG.

O negativo destas declaracións, ao noso xuízo, é que rachan coa mellor da filosofía que, para ben, presidía a política lingüística deste país: se temos que facer algo, primeiro ímolo estudar a modo coa xente experta na materia; en segundo lugar, ímolo debater de vagar nos foros apropiados co ánimo de acordar e consensuar; e, finalmente, que decida o órgano político ao que por representación democrática lle corresponda, preferiblemente o Parlamento de Galicia.

Pero todo iso cómpre facelo á marxe de crispacións, argumentos demagóxicos ou afirmacións simplistas que soamente serven para alimentar conflitos artificiosos, son potencialmente moi prexudiciais e poden levar á sociedade galega a desandar o que, traballosa e proveitosamente, adiantou desde o establecemento da autonomía política. Noutras palabras, as actuacións nesta materia requiren actitudes positivas, cortesía persoal, tolerancia e capacidade de comprensión nos interlocutores.

As institucións e as asociacións cívicas que teñen a promoción da lingua e da cultura galegas como obxectivos sociais –a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, a Irmandade Xurídica Galega, o Foro Enrique Peinador, a Asociación Álvaro das Casas, a Fundación Lois Peña Novo... e outras moitas semellantes a elas– estamos obrigados nestes momentos a xogar un importante papel: o de evitar que se imponha a dinámica de crispación e de conflito ao tratarmos os temas lingüísticos.

Cómpre apouvir, porque se os sensibles equilibrios que se foron tecendo comezan a desenfriarse polo terreiro do sistema educativo, a seguir cuestionaranse co mesmo método outros obxectivos nos eidos adminis-

trativos, xurídicos, económicos, dos servizos públicos ou relixiosos. E os avances máis ou menos modestos que nesas áreas se van construíndo acabarán vindo abaixo e con eles a arquitectura que sostén o uso da lingua galega nestes principios do século XXI.

Como é evidente, as autoridades autonómicas teñen unha especial responsabilidade e o presidente da Xunta de Galicia, como máis alto representante institucional de todos os galegos, debe impoñer o sentidíño, alentar o espírito de diálogo, alonxar a crispación do debate sobre o uso do galego...

Nós –coido que recollo o sentir de moita xente que andamos no labor da lingua e da cultura galegas– estamos polo diálogo e a negociación e agardamos que o goberno galego escoite as voces, como a nosa, antes de tomar decisións que signifiquen unha volta atrás na historia do noso país.

Como mostra do espírito da nosa asociación, citamos as liñas coas que concluía a *Declaración de Foz*, asinada en abril do 2009 por máis de 30 profesionais do dereito da provincia de Lugo:

“Comprometémonos a crear un ambiente de favorable acollida da nosa lingua nos despachos profesionais,

nas oficinas xudiciais e nas salas de vistas, explicándolle á xente que pode desenvolverse e actuar en galego sen medo a verse reprendido e animándoos a se expresar na lingua na que o fagan habitualmente;

Comprometémonos a tomar a iniciativa falando na nosa lingua nas relacións persoais cos cidadáns e cidadás que demandan os nosos servizos e acoden a nós;

Comprometémonos a impulsar o emprego do galego nos nosos escritos, documentos ou resolucións, sobre todo aqueles que son de acceso á cidadanía, para transmitir a sensación de normalidade da lingua na Administración de Xustiza e no mundo do Dereito;

Comprometémonos, en fin, coa nobre tarefa de desterrar, dende agora e para sempre, os prexuízos que poidan quedar contra o galego na Xustiza, fomentando a concordia e a normalidade do seu uso, abríndolle de novo as portas á súa expresión oral e escrita en toda a súa extensión.”

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da Irmandade Xurídica Galega



Pedro González López, naceu en Monforte de Lemos o 10 de agosto de 1918 no seo dunha familia humilde. Cursou estudos na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, que custeou traballando nunha notaría.

Avogado en exercicio desde 1946, exerceu como avogado nos colexios de Lugo, Santiago de Compostela, A Coruña e Madrid; foi decano do Colexio de Avogados de Lugo desde 1964; conselleiro por elección do Consello Xeral da Avogacía Española desde 1967; fundador e vicepresidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación desde a súa constitución, versando o seu discurso de ingreso sobre o pensamento filosófico e xurídico do P. Benito Feixóo, o primeiro realizado en lingua galega; vicepresidente da sección galega do Instituto Español de Dereito Foral; membro do Instituto Español de Dereito Procesual e da Asociación Internacional de Avogados.

Participou moi activamente nos congresos nacionais da avogacía e, nomeadamente, no IV Congreso de 1970. Pola súa iniciativa celebrouse o I Congreso de Dereito Galego en 1972, de clara afirmación galeguista, sendo presidente da comisión organizadora con intervención moi destacada. Presentou nel traballos en varias seccións, entres estes: *Cadeira de Dereito Civil Galego* e *Separación matrimonial de feito. Convenio sobre bens e alimentos*.

Presidiu tamén a comisión organizadora do II Congreso de Dereito Galego de 1985 e foi relator no mesmo.



Na presentación deste segundo congreso insistiu en que os galegos teñen o seu Dereito propio e deben reclamálo a través da súa lingua para conqueriren unha Galicia con homes libres, proclamando que “cando centos de galegos, a través da súa historia, están amosando a existencia dun Dereito galego, están no seu dereito”. Publicou na prensa traballos literarios, de temas sociais e de Dereito Internacional e, na revista *Foro Galego*, sobre Dereito Foral, montes e outros. Entre as súas obras están: *Lembranza da loita polo Dereito Galego*, *Pensamento filosófico-xurídico do Padre Feixóo*. Son numerosas as conferencias, traballos sobre institucións especiais de Galicia: montes, augas, servidumes, compañía familiar galega, dereito

de labrar e posuír, arrendamentos, testamento mancomunado, o vitalicio..., das que era fondo coñecedor e defensor. Realizou un estudo moral e xurídico sobres transplantes de órganos humanos e as primeiras bases para o seu regulamento legal, con extraordinario eco na prensa nacional e estranxeira.

Salientar, asemade, as súas exposicións sobre a abolición da pena de morte (o Colexio de Lugo foi o primeiro en pronunciarse contra a devandita pena), a defensa da capacidade procesual da muller casada, competencia en asuntos civís polas Audiencias Provinciais, prescrición das agravantes de reiteración e reincidencia...

Moitos dos seus estudos e propostas serían recollidas na lexislación. Defensor constante do prestixio, independencia e liberdade da avogacía e orgulloso do colexio do que el era decano, ao que chamaba “colexio lexionario”. É o labor dun home que con fe, entusiasmo e sacrificio fixo que o Colexio de Avogados de Lugo se escoitase e resoase polos ámbitos de tódolos colexios de avogados de España.

Pola primeira Xunta de Galicia foi designado presidente da comisión mixta Xunta-Deputacións. Por nomeamento da avogacía formou parte da delegación española na Comisión Consultiva dos Colexios de Avogados da Comunidade Europea, en outubro de 1979. Presidiu a comisión formada na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación para o estudo e redacción das *Bases do Estatuto de Galicia*, sendo as primeiras que se presentaron e publicaron despois do franquismo.

No ano 1977, Manuel Iglesias Corral e Pedro González López, presidente e vicepresidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, solicitan do Goberno a constitución dunha Xunta Provisional para a formación dun autogoberno para Galicia.

Tivo intervención persoal nas conversas que se celebraron en O Veral, próximo a Lugo, relacionadas co Estatuto Galego, en preparación do Pacto de Santiago de 1980.

Foi Vicepresidente do Partido Galeguista, elixido no Congreso Nacional de 1979. Presentou interesantes traballos nos I e II Congresos da Avogacía Galega. Levou a cabo un amplo labor de formación xurídica,

pasando polo seu despacho un número elevado de avogados que con el completaron a súa aprendizaxe.

Membro do Seminario de Estudos Galegos e da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia; posuídor da Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort, faleceu en Lugo o 17 de febreiro de 1988, deixando inacabada a súa obra “Violencia, Amor e Dereito”.

Como homenaxe póstuma, o Colexio de Avogados de Lugo creou a bolsa “Pedro González”; a cidade de Lugo deu o seu nome a unha rúa, e o III Congreso de Dereito Galego, celebrado en A Coruña no ano 2002, á sección quinta, de obrigacións e contratos “Don Pedro González López”. No 2003, o Consello da Avogacía Galega convocou a primeira edición do premio xurídico “Pedro González” para recoñecemento daqueles avogados que se teñan significado especialmente no uso do idioma galego no exercicio forense, ou que, de calquera xeito, o tivesen defendido, cunha dotación anual de 3.000 euros e un diploma.

Amou a Galicia e a ela entregou a súa vida. Galicia sempre no seu corazón. A lingua galega estivo sempre

na súa fala e nos seus escritos. “Galicia é, dicía, nacionalidade histórica coa súa lingua, o seu Dereito, e a súa singularidade.”

Orador brillante, un home de loita, un home xusto, cunha capacidade de traballo extraordinario e unha profunda formación xurídica e humana. Unha vida intensa, unha vida dedicada á toga e a Galicia. Un señor no foro e na vida.

Dignísimo representante de tódalas virtudes da avogacía desta terra. Un home orgulloso e amante da súa profesión que, “se volvese nacer volvería ser avogado”, dixo.

Miguel González Trigás

Limiar

O meu entrañable e admirado amigo, don Manuel Iglesias Corral, presidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, bríndame a ocasión de lle dedicar unhas páxinas ao padre Feixoo, figura admirada por todos.

É un empeño van, despois de se escribir tanto e tanto sobre o Mestre. Atópase presente nel a universalidade de Galicia, a universalidade de España.

A Academia fixo posible a lembranza destes homes loables, que encheron coa súa proxección infinda o mundo.

A historia de Galicia, no saber e mais na súa dimensión ecuménica, cubrírase coas figuras de Prisciliano e mais do padre Feixoo.

Prisciliano, galego, decapitado en Tréveris, enche a Idade Media e a súa influencia é universal, autor da conmovión máis extraordinaria que, na doutrina da

Igrexa, coñeceron os séculos. Críase defensor de Cristo, mais morre na máis cruel das aldraxes. Só volveu a Galicia despois de morto.

O padre Feixoo é a figura que enche séculos na historia do mundo. No mundo, que esmorecía na mística e nos lances da guerra, na contemplación e na valentía, xorde esta figura senlleira. A súa proxección é ecuménica, universal. Cobre a historia do mundo nos séculos XVII e XVIII. Para min ten unha atracción singular, por devoción, por agarimo.

Nas miñas estadias no mosteiro de Samos lembrábase do Mestre ao percibir o murmurio do río Oribio, preto da súa cela. Un río triste, coma a vida mesma, que na soidade da noite ten sobre el as estrelas cunha cantiga que se recibe na alma.

A contribución que fai esta obra é, dun xeito sinxelo, de amor, de agarimo infindo. É modesta, moi modesta, como son as cousas que saen do corazón; humildes, sinxelas, como é a vida, como é a morte.

É coma unhas flores expresivas do sentimento, que quixeran ser arrincadas do xardín do mosteiro de Sa-

mos, coma unha ofrenda. Dor, sentimento, tristura, como é todo na vida, anguria, pregaría.

O seu traballo é un canto á liberdade do home. Un clamor humano cheo de resonancias e ecos nunha época na que a liberdade non existía.

Sabio e valente.

Non lle abondou vivir e loitar con intensidade, senón que deixa a lembranza da súa vida e actividade, inextinguibles, perennes, como é a gloria inmarcescible da eternidade.

I

FREI BIEITO XERÓNIMO FEIXOO E MONTENEGRO

1

O 8 de outubro de 1676 nace en Casdemiro, no municipio de Melias, provincia de Ourense, preto do cal corre o río Miño, que desemboca no mar universal. No 1690 atópase xa no mosteiro de San Xulián de Samos, na provincia de Lugo. Anos máis tarde oposita e obtén a cátedra de San Tomé de Oviedo; con posterioridade, a da Sagrada Escritura e tamén é abade do colexio de San Vicente daquela cidade. Tempo despois oposita de novo e gaña a cátedra das Vésperas de Teoloxía. Morre o 26 de setembro de 1764.

2

Chega na súa vida ata moi adiantado o século XVIII, o Século das Luces como é coñecido, a ponte entre o

pretérito e o moderno, o século da Revolución Francesa, coas súas conmocións políticas e sociais. A pesar do Tratado de Utrecht, que semellaba impoñer seguridade no continente, treme Europa diante das novas potencias que xorden –Prusia, Rusia, Austria–, as loitas entre Inglaterra e Francia, inimigas no seu anelo de dominio universal, a Guerra de Sucesión en España.

Xorde en Inglaterra o réxime parlamentario, nos tempos de Xurxo I. É o século da razón, do progreso, dos inventos.

España comeza o século da dinastía da Casa de Borbón con Filipe V, despois da Guerra de Sucesión española.

Henry Kamen [1] di que nesa guerra se “eliminou a flor da nobreza española: grandes e nobres pasáronse ao inimigo, foron desterrados ou víronse encadeados, e, deste xeito, o poder político dunha aristocracia estéril esmoreceu; no resto do seu reinado, o rei confiou nunha nova clase nobre, orixinada nas ringleiras do pobo e que debía a súa posición non á riqueza herdada

senón á confianza real, mais seguiron predominando os vellos puntos de vista culturais, o mesmo que seguiron intactos a antiga riqueza e o dominio social da aristocracia na Igrexa e no Estado”.

España atópase empobrecida. Aínda non se puxera o sol nos seus dominios, mais España está a sufrir unha situación social e económica de grave transcendencia. O imperio meirande que coñeceron os séculos vexeta nunha vida mol e esmorecente.

Pobreza en todo. “Gotosa está España –di Feixoo [2]–, os pobres pés deste reino padecen grandes dores e, de miserentos, febles e aflixidos, nin se poden sustentar a si mesmos, nin sustentar o corpo.”

Emilia de Zulueta [3] dinos como “dende finais do século xv ata as postremeiras do xviii, España é a consecuencia dunha arrogancia e dun valor verdadeiramente asombrosos, é dicir, dun estado de ánimo”.

Pedro Rocamora, comentando a Américo Castro [4], di que este chega a un evidente paradoxismo: o de afirmar que nos séculos xvi e xviii existiu unha paralización intelectual hispánica que se debe atribuír

a aquela coidadosa candeia da integridade da liñaxe. Castro afirma que a inqueda pola limpeza de sangue trastornou e esfarelou cultural e moralmente a vida española, engadindo que os casteláns falseaban incluso as súas executorias familiares, ocultando o sangue xudeu dalgún devanceiro.

García Camarero, Ernesto e mais Enrique, na súa obra *La polémica de la ciencia española* [5], nomean o padre Feixoo e lembran a atonía cultural de España, no coñecido artigo que, na *Enciclopedia Metódica* (París, 1782), publicara Masson de Movilliers e que ergue moreas de protestas da fronteira para acó. É interesante o comentario que fai Pedro Rocamora, dicindo que, en tal situación, nace a radical diferenza entre España e o resto de Europa na orientación da súa actividade cultural, e nela estriba a razón de que, mentres España lle dá ao mundo místicos ou capitáns da aventura, aparezan no resto de Europa, é dicir, nos países que realizan a súa vida nun clima de optimismo e benestar materiais, científicos que traballan en dedicación á marxe do exclusivamente místico, heroico ou máxi-

co. A diferenza das inclinacións intelectuais aparece exemplarmente subliñada por Feixoo. Mentres fóra de España a investigación científica non ficaba en marxes deslindadas, en España “os que nos chamamos aristotélicos –fala Feixoo– rachamos as testas e fundimos a berros as aulas sobre se o ente é unívoco ou análogo; se transcende ás diferenzas, se a relación se distingue do fundamento...”. A defensa da cultura española –di Rocamora– comezárona Denida e Cavanilles e continuárona Forner e Feixoo.

3

Feixoo fixo unha tarefa didáctica, de ensino, intuitiva, admirable. As súas obras non se publican en latín, como viña sendo a norma, senón en castelán. Quere chegar a todos e chega.

Miguel Morayta [6] lémbraunos como “decorría a primavera do ano 1726, cando nas dúas ou tres faladoiros madrileños, únicos, onde ás veces se lembraba que había autores, libros, ciencias e literatura, se murmurou algún tempo sobre un monxe galego, que viña

de chegar á Corte para dispoñer e acordar a publicación do tomo primeiro dunha vasta obra. Fora visto visitando algúns persoeiros, na compañía do lector de Teoloxía Moral no mosteiro de San Martiño da Corte, o padre Martín Sarmiento, e cantos tiveron a ocasión de saudalo ficaron encantados do seu trato afable e agarimoso, sinxelo sen cargar, epigramático ás veces, e sempre aberto, franco, natural, cortés e moi douto e instrutivo na súa conversa”.

Son moi interesantes as palabras que Xosé Luis Varela [7] lle dedica agarimosamente ao Mestre, sostendo que “se a prosa de Feixoo lle trae unha inconfundible gratitude ao noso padal de hoxe non é polas súas pretensións científicas de onte, senón polo seu caudal galego latente sempre, patente acó e aló no seu fino humor, no seu gusto –ás veces disimulado de desgusto– polo extraordinario e no seu sentido ecléctico e harmónico da medida”.

Ensinou en todas as ramas do saber sen que nada lle fose descoñecido: Filosofía, Matemáticas, Astronomía, Medicina, Moral, Dereito... Os seus coñecementos son

de coloso en todas as ciencias e en todas as artes. Enciclopédico, racionalista, a súa mente é o templo do raciocinio. Os seus coñecementos en todos os aspectos non foron superados no seu século.

Un autor formulou a súa descrición dicindo que Feixoo é, pola extensión dos seus coñecementos, pola nobre liberdade dos seus xuízos e pola elevación do seu criterio, o primeiro crítico do que pode vangloriarse España; e que ata hoxe non foi igualado [8].

A súa sona foi universal. Un autor, no limiar das súas obras, di que “a sona do padre Feixoo dentro e fóra da súa patria foi considerable. Os seus impugnadores e os seus defensores, ao daren orixe a unha das alporizadas polémicas do século XVIII, contribuíron a espallar os seus escritos e a incrementar a súa celebridade”. El mesmo confesa no limiar do tomo V do seu *Teatro* que ve “voar glorioso o seu nome, non só por terras de España, senón tamén por case todas as nacións de Europa” [9].

A Ilustración en España xorde co padre Feixoo. Antonio Mestre [10] na súa obra sobre Gregorio Mayáns

pretende propoñer as orixes da Ilustración de España; nega que os comezos da corrente estean xunguidos á figura do padre Feixoo e sitúaos no primeiro cuarto do século XVIII ao redor da universidade de Valencia, sequera que sexa “o froito intelectual da actitude de apertura ao mundo intelectual europeo que se toma ao rematar o século XVII”.

É van o esforzo de descoñecer a realidade, xa que non se pode poñer en dúbida que o padre Feixoo se atopa presente nas orixes da Ilustración, como proclaman todos os estudosos que se ocuparon daquel, de demostración evidente.

Coma di o Profesor Henry Kamen [1], “o monxe beneditino converteuse, pola súa popularidade e prestixio, no adiantado da Ilustración española”.

4

Ocupouse do dereito. A súa obra, en canto se relaciona con el, é varia, dispersa, contida en varios ensaios.

A súa cultura é extraordinaria, singular; os seus coñecementos son universais e, como nada descoñecido

podía existir para a súa mente privilexiada, tivo que ocuparse de aspectos do dereito, penetrou neles coa clarividencia dun xurista. A súa exposición é sinxela, didáctica, intuitiva. Ensina sempre; divulga o pensamento.

Notamos, non obstante, que, malia existiren egregios homes de dereito, unha filosofía xurídica transcendental, o padre Feixoo non se refire a eles.

Sabido é que o dereito ten os seus condicionantes nos aspectos sociais, económicos, culturais e filosóficos. E, en relación co século XVII, Joaquín Ruiz Jiménez [11] di que “as consecuencias daqueles factores na imaxe do dereito e do poder serán, en primeiro termo, o tránsito dun dereito natural clásico, de fundamentación teolóxica e relixiosa, a un iusnaturalismo, apoiado de xeito único e exclusivo na razón humana”.

5

Nas páxinas que seguen atópase presente Feixoo. A miña tarefa non pode ser máis modesta: recompilar, xuntar todo canto o Mestre dixo sobre o dereito, e,

aínda deste xeito, de maneira defectuosa e incompleta, recoller o aspecto xurídico que coñecemos da súa extraordinaria obra.

Feixoo refírese ao dereito como ten que ser, como el entende que debe ser observado. Non hai, certamente, unha nomenclatura xurídica. El dá por suposta a idea do dereito, xunto coa idea da moral, en íntima relación. Na ética de Feixoo alumean as ideas da xustiza e do dereito.

II

A FILOSOFÍA

1

Filósofo natural, di referíndose a el mesmo o Mestre. O seu esforzo na procura da verdade é inxente. “De xeito que a nosa filosofía [12] non é outra cousa –di– que un tecido de falibles conxecturas, dende o que chaman principios ata as derradeiras conclusións.”

A escolástica, que se perfila nunha ampla proxección con santo Anselmo, desenvólvese no tempo coa figura sobresaínte de San Tomé, que concilia o aristotelismo coa doutrina teolóxica e continúa durante séculos sendo a pedra inmutable dos estudos filosóficos.

Referíndose a San Tomé, Feixoo escribe [13] que veu ao mundo para o gran ben da Igrexa e o moito honor de Aristóteles, cuxos escritos ilustrou con enxeñosísimos comentarios, reprobándoo cando contradecía

abertamente os sagrados dogmas, admitindo o que non lles tiña oposición e interpretando benignamente todo o que tiña un sentido dubidoso entre a verdade e o erro.

Julián Marías [14] explica que, no século XVII, a escolástica é aínda a filosofía que se ensina nas universidades; é a que dá a linguaxe filosófica. Descartes e ata o mesmo Leibniz estudaron segundo os moldes da escola, e emporiso a innovación do XVII se atopa chea de escolasticismo, como moi ben ten amosado Étienne Gilson.

J. Marías sinala [15] que o século XVIII ten conciencia da unidade e da universalidade da razón. Malebranche denomina o home “animal participante da razón”. O racionalismo dubida da espontaneidade: quere mellor o plan, o designio. Non lle gusta a historia, imprevisible sempre. Domina no racionalismo a idea do acerto fronte ao erro, que axexa. A razón cartesiana consiste en distinguir o verdadeiro do falso. Esta razón é unha razón técnica; a súa función, para Descartes, é manexar o mundo. Prospera unha visión matemática do mundo.

Tamén nos lembra [36] que o XVIII é o século da crenza

na racionalidade da realidade e no progreso, no que aparece o tema da incerteza, da dúbida; e engade que, cando as ideas europeas comezan a infiltrarse en España, Feixoo se contaxia da actitude crítica europea, espalla a súa vista ao redor e mira, arrepiado, que España é un enorme campo onde o erro florece por todas as partes; pero, e isto é o que a Feixoo lle preocupa, non é o erro persoal, inevitable, o que se estende por España, senón a participación colectiva nas crenzas falsarias.

Chega o intre no que se produce a impacto da nova filosofía: Descartes, Bacon, Newton, Bayle, Locke, Malebranche, Leibniz, etc. O profesor Patricio Pérez Muga [37], cando trata da filosofía escolástica, fai unha distinción e separa os chamados escolásticos eclécticos, sinalando como tales a Godofredo Guillermo Leibniz, Christian Wolf, Christian Crusio, Samuel, barón de Puffendorf, Christian Tomasio, Isaac Cardoso, e o padre Bieito Feixoo.

O Mestre promove o sincretismo en relación coa nova filosofía. Concepción Arenal [38], sobre de se Feixoo

era un filósofo, escribe que “Tal se cría e así o dixo; quizais porque lle daba á palabra unha significación moi alta; para el filosofar era o mesmo que razoar, e, en boa filosofía, equivalía, no seu concepto, a dicir en razón. Se de filósofo cualificase a un home cuxa razón é capaz de erguerse a metafísicas abstraccións e afondar no estudo da natureza humana, observador analítico, lóxico, disposto a lle pedir á dúbida os seus motivos e á afirmación as súas probas, sempre que no nome da relixión non se lle falase, era un filósofo Feixoo. Se se entende por filósofo o que leva a investigación e a análise ata onde é doado chegar, que non se detén senón ante a imposibilidade de ir máis aló, que non admite fallo que non se razoe, afirmación que non se probe, nin máis autoridade ca a dun superior coñecemento, Feixoo non era un filósofo. El recibiu e aceptou resoltas pola autoridade as máis graves cuestións da filosofía: Deus, a natureza, a humanidade, a esencia do Ser Supremo, a do home e o seu fin, as leis do Universo; todo o discute, todo é problema para a filosofía, todo pretende sabelo, todo o afirma a fe”.

Inicia o neoescolasticismo en España. Non parte de aspectos abstractos, senón da realidade viva, tal e como é, para sentar a verdade que é a que lle preocupa ao Mestre. É unha espada que corta o erro, que o escorrenta e o destrúe. É un racionalista.

2

Feixoo viviu todas as inquietudes, dicindo que non se pode pechar a porta a toda doutrina nova. “É poñer [39] a alma nunha durísima escravitude. É xunguir a razón humana cunha cadea moi curta”. “É imponderable –engade– a desfeita que padeceu a filosofía [40] por estar tantos anos e séculos asoballada baixo o xugo da autoridade. Era esta, no xeito que se usaba dela, unha tirana cruel, que lle tiña á razón humana vendados os ollos e atadas as mans, xa que lle prohibía facer uso do discurso e da experiencia.” O Mestre fai unha clara distinción entre a teoloxía e a filosofía. “...Abonda advertir [39] que a filosofía e a teoloxía teñen ben distinguidos os seus lindeiros, e que ningún español ignora que a doutrina revelada

ten un dereito de superioridade sobre o discurso humano do cal carecen todas as ciencias naturais; que, por conseguinte, nestas, como en propio terreiro, pode discorrer con franqueza; a aquela, só dobrar os xeonllos con veneración.”

A filosofía responde á situación dun momento histórico. É o traballo humano, vibrante, definido sempre pola situación ou o estado no cal se vive. Feixoo, con ir moi lonxe, non podía ir máis alá. A súa erudición, o seu coñecemento completo da filosofía son indubidables.

3

Para o padre Feixoo non se pode saber cal é a natureza e cales as propiedades do elemento da Terra. “Nin eu o sei –di– nin coído que ningún filósofo o saiba nin o soubese endexamais.” [41]

Analiza seguidamente os elementos do aire, auga e lume, engadindo [41] que “os filósofos aínda non saben que cousa é terra e que ignoran ese elemento –se hai tal elemento– máis ca os outros tres. Mais iso non

quita que lle deamos o nome de Terra a esta gran masa ou axuntamento de pequenos corpos, sexan os que fosen, a quen deben os vexetais o seu ser e os animais a súa conservación”.

Tamén se ocupa das calidades elementais. Para Feixoo limitáanse ao frío e á calor [41]. Tamén atende ao “todo e á nada, isto é, o creador e a criatura, Deus e o home” [42].

Sinala que “a vontade ve os obxectos cos ollos do entendemento, ou, por mellor dicir, no entendemento están os ollos da vontade [43]. Senta a liberdade do home.

Estuda a relación alma e corpo e sostén que este depende daquela. A alma, elemento principal e predominante en clara transcendencia. “É certo –di– que existe tal comercio entre a alma e o corpo, que, reciprocamente, se comunican varias impresións, segundo están variadamente afectos un e outra. Pero esta comunicación é diversa nos dous extremos. É activa da alma ao corpo; mais non do corpo á alma. É o corpo non só instrumento, senón suxeito en quen obra a alma. Esta nin é

suxeito nin instrumento do corpo” [44]. Comenta aos filósofos que deron no estraño pensamento de que a luz é un ente medio entre o espírito e o corpo [45].

4

Laméntase da cativa ou falsa noción que teñen moitos da filosofía moderna, xunto coa ben ou mal fundada teima contra Descartes, dicindo que ignoran case enteiramente o que é a nova filosofía, e engade [46] que “merecen a nota de ridículos aqueles peripatéticos que maldín a doutrina deste filósofo sen se informaren dela abondo”.

Para el, “Descartes foi dotado dun xenio sublime, de prodixiosa inventiva, de resolución magnánima, de extraordinaria sutileza. Xa que foi soldado e filósofo, ás experiencias e especulacións de filósofo xuntou as ousadías de soldado... As súas incursións sobre as doutrinas recibidas non se detiñan nalgunhas marxas. De aquí procederon algunhas opinións súas que miran con estrañeza a filosofía e con desconfianza a relixión. A idea que deu da esencia da materia e do espazo ten

o seu encontro por consecuencias medias co que nos ensina a fe da creación do mundo. Do mesmo vezo adoece a extensión do mundo indefinida. Finalmente, non acertou a compoñer co seu xeito de filosofar o misterio da transubstanciación” [46].

Non obstante, non pode por menos que recoñecer que “con todo, aínda que Descartes nalgunhas cousas discorreu mal, aprendeu a innumerables filósofos a discurrir ben” [46]. Abriu o vieiro lexítimo ao discurso. Recoñece que é inxusto o desprezo que lle fan a Descartes algúns escolásticos, e ten con el moitos puntos de coincidencia. “O que chamamos [46] nova filosofía non ten dependencia ningunha co sistema cartesiano. Poderá dicirse que a cartesiana é unha filosofía nova, pero non que a filosofía nova sexa cartesiana, como se di con verdade que o home é animal, mais non que o animal sexa home.”

Non pode por menos que admitir como “Descartes, menos douto, en verdade, ca Gassendi, pero dotado dun enxeño audaz, sublime, vasto, de miras máis altas e moito máis fecundo nas súas grandes ideas, produciu

un sistema correspondente ás calidades do seu autor; isto é, tan magnífico e brillante coma novo...” [47]. Comenta [42] como “botou aos espazos imaxinarios todas as formas substanciais, parecéndolle que a materia primeira por si soa podía cumprir cos seus innumerables oficios e satisfacer a explicación de cantos fenómenos presenta o teatro do mundo ás nosas potencias e sentidos, exceptuando desta xeral relegación das formas só a alma racional porque non atopou que, para as particulares e nobilísimas funcións, puidese substituíla a materia, estando, por outra parte, determinado a colocala nunha cativísima porción do corpo e miolo humano, que chaman glándula pineal, onde se fixe a súa residencia, porque esta limitación fose, ou semellase, pequena con respecto ao grande corpo do sistema”.

5

O home dilecto do P. Feixoo foi Newton. Nunha carta dirixida no mes de outubro de 1727 a un amigo di textualmente: [21] “Eu falo coma newtoniano. V. M. pode

ser que pense atopar mellor partido cos turbillóns...”. Na súa obra comenta a filosofía newtoniana, dicindo que “non se atopou deica agora cousa que se opoña nin directa nin indirectamente á verdadeira crenza” [47]. Trata da obra *Principios matemáticos da filosofía natural* [47], a cal cualifica de parte prodixiosa, de prodixioso enxeño, que tardou algún tempo en granxear toda a estima que merecía, porque, sendo a base da obra unha profundísima xeometría, produción á fin do mellor xeómetra que tivo o mundo (pois esta gloria ninguén lla nega a Newton), “os xeómetras mediocres non ollaban ren, senón tebras”. Máis adiante di: “O sistema de Newton, con toda razón, pódese dicir que é experimental, pois foi producido por unha comprensiva observación de cantos movementos se experimentan na natureza... De xeito que se pode dicir que a valencia extraordinaria do entendemento deste home puxo en tortura á natureza para que lle revelase os seus máis íntimos segredos. Este é o concepto que fixen de Newton e é o que insinuei nos meus escritos. Endexamais o nomeei sen

a mestura dalgún particular eloxio, coma no tomo V do *Teatro crítico*, disc. 11, número 41, onde escribín: o cabaleiro Newton, enxeño de primeira orde. E no tomo I de *Cartas*, a 35, número 7, apelideino O Grande Newton” [47].

O padre Mestre aínda significa que “Bacon e Bayle foron filósofos orixinais e profundos; máis fondo e orixinal ca os dous, Newton... A Newton entregoulle a chave dunha das principais portas, por onde entrou ao salón da anatomía dos corpos inanimados. A Newton fioulle un facho de vivísima luz, co que puido rexistrar amplísimos espazos daquel grande edificio, no que todos os filósofos non ollaran ren, senón tebras” [48].

6

Feixoo ocúpase amplamente de Bacon tamén, quizais sexa o máis comentado por aquel. Marañón [21] di que, sen dúbida, a súa gran biblia e guieiro nas ciencias foron as obras de Bacon, ás que se refire constantemente dende o comezo á fin da súa vasta tarefa literaria. Fóra

dos antigos clásicos, é o do gran chanceler o nome máis repetido nos escritos do beneditino.

Rebélase contra os que o censuran. “Eu, pois teño gabado [46] por filósofo e como filósofo a Bacon. Que hai nisto contra a nosa nai, a Igrexa? A filosofía natural, nin tan sequera a moral, está nin estivo xamais estancada na verdadeira relixión. O ser xentil quitoulle a Aristóteles escribir da primeira e aínda mellor da segunda? Atópase tan identificada, nun herexe, a herexía coa filosofía, que non pode loarse esta e rexeitar aquela? Chega por agora lembrarse de que no segundo tomo do *Teatro crítico*, disc. 15, despois de loar, nos números 36 e 37, a agudeza filosófica de Bacon, Bayle e Newton, todos os tres ingleses e todos os tres herexes e conseguintemente a isto a sagacidade da nación anglicana, en xeral para as cousas físicas, concluíu con esta exclamación: “Oh, dóeme que teña a herexía sepultadas tan belas luces en sombras tan tristes!”

O padre Feixoo non pode esquecer que Bacon teimou en desautorizar a Aristóteles [49]; que xa fixera con

anterioridade Bernardino Telesio ou Tilesio, célebre filósofo natural de Consenza, e que aínda lle precederon Gemisto Plethon, o Cardenal Besarrion, Francisco Patricio, Teofrasto Paracelso e Pedro del Ramo.

7

Crítica a Leibniz. “E a probabilidade intrínseca, en canto eu acado –di– [50], é ningunha; xa que son inelutables os argumentos que a combaten. E aínda que o famoso barón de Leibniz teimou en darlle algún aire non hai moitos anos, tan desairado ficou nas escolas teolóxicas coma o seu sistema das 'mónadas' nas filosóficas.”

O padre Mestre di del mesmo que é aristotélico, “mentres nós, os que nos chamamos aristotélicos” [51]. Non pode por menos de recoñecer o grande influxo que tivo de Aristóteles e Platón. “A obediencia servil ou cega [52] que por tanto tempo acadaron Aristóteles e Platón –maior e máis prolongada o primeiro ca o segundo– entre todos os estudosos da filosofía, tiveron en grillóns o entendemento humano e en tebras a natureza. Mais noutro extremo é moito maior o perigo.

Unha liberdade incircunscrita leva á libertinaxe.”

Feixoo cavila amplamente todo canto di, impondo sempre cautela e previsión, con prevención de calquera perigo que poida ser relevante. Compaxina, relación a filosofía aristotélica coa nova filosofía que xorde con aqueles pensadores: Bacon, Descartes, Bayle, Newton, Gassendi, Galileo.

8

Admira e combate a Aristóteles. “Non pode negarse [53] que Aristóteles foi home de rarísimos talentos, de enxeño sublime, de vasta comprensión, de erudición prodixiosa. Pero tamén, sen lle facer unha aldraxe ao seu mérito, se pode asegurar que a autoridade que logrou nestes últimos séculos se debeu, en gran parte, á súa fortuna. É moi xusto que Aristóteles sexa considerado coma un dos maiores homes da antigüidade. E aínda será á contemplación dos seus sectarios (malia que algúns cegos son de oposto sentir) o meirande filósofo que produciron os séculos. Isto daralle dereito para que sempre que se teña que decidir algunha

controversia filosófica, non por razón, senón por autoridade, sexa preferida a súa á doutro calquera filósofo, mais non para que a súa sentenza se teña que recibir necesariamente, negado todo recurso ao tribunal da razón.”

Está sempre presente Feixoo, crítico, racionalista. Discute a Aristóteles: “A quen pregunte [50] quen é Deus, a resposta lexítima e aínda a única é aquel que é. Deste xeito se definiu Deus a si mesmo. Non é esta a definición conforme ás regras da dialéctica que nos dan as escolas. Sería indigno de Deus se se suxeitase a esas regras. Foi autor delas Aristóteles e era o enxeño, aínda que grande, de tellas para abaixo, moi pouco para fundar regras que puidesen subir tan arriba. É de esencia da definición aristotélica a composición, xénero e diferenza. E o primeiro, repugna en Deus toda composición pola suma simplicidade do seu Ser. O segundo, repugna en xénero, xa que este é un concepto de potencialidade e, por conseguinte, de imperfección, totalmente alleo da infinda actualidade e perfección do ser divino. O terceiro, tampouco cabe

diferenza propiamente tal en Deus, porque como ente infindo é mester que abrangan en si mesmo toda a amplitude do ser (isto é, ser con propiedade ente infindo) e así non pode considerarse propiamente diverso ou como afastado dalgún outro ente”.

Lembra que Bacon tomou empeño moi especial en desautorizar a Aristóteles e que o conseguiu en moitos casos: “Pero estes mesmos –engade– [47] sinistramente xulgaron que o erro soamente se atopaba en seguir a este filósofo...”. Nesta situación dos ánimos xurdiron ao mundo dous grandes homes: Pietro Gassendi e Renato Descartes, unánimes en facerlle a guerra a Aristóteles, aínda que discordes na doutrina que pretendían introducir: felices un e outro en canto por si e polos seus sectarios a fixeron ofensiva, porque amosaron moi ben xa a insuficiencia dos principios aristotélicos.

Non se esquece de Averroes, referindo como este é comentador de Aristóteles e que aquel dixo “que este é a suma verdade [53]; que o seu entendemento foi o derradeiro termo do humano entendemento e que a

divina providencia nos deu este grande home para que soubésemos canto pode saberse”. Mais o padre Feixoo di que Averroes foi impío, engadindo que o admirable é que algúns doutores católicos non fosen máis sobrios ca Averroes.

9

Non convencen ao Mestre Feixoo as teorías de Raimundo Lulio, referíndose a el con toda clase de reservas. “Raimundo Lulio [47], por calquera parte que se mire, é un obxecto problemático. Uns fano santo, outros herexe, uns doutísimo, outros ignorante, uns iluminado, outros alporizado. Atribuínlle uns o coñecemento e práctica da crisopea ou arte transmutatoria dos demais metais en ouro; outros rinse deste coma de todos os demais contos da pedra filosofal, e, finalmente, uns aplauden a súa arte magna, outros aldráxana, pero, en canto a isto, é moi superior o número e a calidade dos que desestiman a Lulio do número e calidade dos que o aprecian. A arte de Lulio, con todo o seu epíteto de magna, non vén ser máis

ca unha especie nova de lóxica, que, despois de ben sabida toda, deixa a quen tomou o traballo de atendela tan ignorante como estaba antes, porque non dá nova ningunha pertinente respecto de ningunha ciencia, e só serve para facer un xogo combinatorio moi inútil, de varios predicados ou atributos sobre dos obxectos dos que, pola outra banda, se ten noticia. Poderá dicirse tamén que hai algo de metafísica no artificio lulián, pero tanto no que ten de metafísica como no que ten de lóxica é sumamente inferior á lóxica e á metafísica de Aristóteles.”

10

Tamén se ocupa de Copérnico e de Galileo. Referíndose a Copérnico, di que viviu e finou na comuñón da Igrexa Romana. Fixo o estudo das Matemáticas en Bolonia, ensinounas en Roma, e, de volta na súa patria, onde o señor Lucas Uvatzelrod era bispo de Uvarmia, este, que era tío seu, deulle unha coenxia daquela igrexa [54]. Engade [54] que o sistema copernicano ten antiquísima orixe en Aristarco, filósofo e

matemático da Illa de Samos, que floreceu dous ou tres séculos denantes da era cristiá.

Respecto de Galileo [54], refire que “tivo un tropezo grande o sistema e suspendeuse por algúns anos o curso que comezara a ter en Francia e en Italia. Foi delatado este grande home –así o di textualmente– á Inquisición romana, porque, coma Copérnico, colocaba o Sol inmóbil no centro do mundo, substituíndo na Terra os dous movementos que o sistema ptolomeico lle atribúe ao Sol, e por esta causa foi prendido ata que se retractou”. Engade que en España estivo por demais [54] a declaración do tribunal romano contra os copernicanos, xa porque acó naquel tempo “*nec si Copernicus est audivimus*”, xa porque en materia de doutrina (aínda a filosófica e astronómica) é tan inmóbil a nosa nación coma o orbe terráqueo no sistema vulgar.

Contra isto érguese decididamente Ortega y Gasset [55], quen di que “o padre Feixoo xulga polo que era a España do seu tempo, mais trabúcase crendo que a España doutras xeracións foi dese xeito. Non, non era inútil a condenación do Santo Oficio para España;

non é certo que non se tivese nin escoitado falar de Copérnico. Se Feixoo –engade– lese o decreto de condenación do copernicanismo de 1616, atoparíase coa sorpresa de que ía ela contra dous libros e un folleto. Os dous libros son estes: *De revolutionibus orbium caelestium*, do propio Copérnico, publicado no 1543, e un *Comentario a Job*, de Didacus Astunica, publicado no 1584, antes que a obra de Bruno. Pois ben, Didacus Astunica non é senón frei Diego de Zúñiga, un agostiño español, que é, polo visto, o primeiro home que, con toda solemnidade e decisión, se adscribe ao copernicanismo e fai valentemente xemer os presos de Toledo baixo a nova e fermosa idea. Sexa isto lembrado en honor deste fradeciño celtibero e valla a rectificación a Feixoo como advertencia para quen non distingue de tempos; é dicir, de xeracións, e non sospeita a diferenza increíble que hai entre un pobo que perdeu a forma e ese mesmo pobo cando vive unha xeración en plena forma”.

Racionalidade dos brutos. O padre Feixoo supón a racionalidade dos brutos e discute a definición aristotélica do home.

Di textualmente: [50] “Pero sendo isto así, cae por terra a definición aristotélica do home, polo concepto de animal racional, pois, verificándose esta deses outros intelixentes animais posibles, distintos especificamente do home, fállalle o requisito esencial de non convir a outros máis ca o definido. No tomo III do *Teatro crítico*, disc. 9, probei con moito tento que estes animais que chamamos brutos son propiamente discursivos e racionais, aínda que dunha racionalidade de inferior clase ca a do home, sen que deica agora reclamasen os aristotélicos contra o asunto daquel discurso, e del infírese, sen dúbida, que o concepto de animal racional lles convén tamén aos brutos, o cal non fixo Aristóteles nin quizais ningún da súa escola, porque ningún dela coidou en lles conceder ningunha racionalidade aos brutos”.

Aínda engade: “os homes son uns animais reflexivos; mais pola maior parte é cativísimo o uso que fan desta facultade” [50].

Segue dicindo: “Mais, supoñendo racionalidade nos brutos, como eu a supoño, non é difícil sinalar distintivo entre esta e a do home. En efecto, no disc. 9 do tomo III do *Teatro*, número 28, sinaléi dous ou tres distintivos esenciais que xulgo moi suficientes” [50]. Certamente no tomo III do *Teatro* atópase o discurso 9, titulado *Racionalidad de los brutos*. Refuta a Renato Descartes, subliñando o erro deste cando di que os brutos son unhas estatuas inanimadas; que antes que o filósofo francés xa se dicía que no mesmo sentido se esforzara Gómez Pereyra, médico de Medina del Campo, galego ou portugués, na súa obra titulada *Antoniana Margarita*; discute a San Tomé que dixerá que nos brutos non hai razón, elección, ordenación ou dirección activa de parte súa; e, en fin, fai unha longa análise contida en máis de corenta páxinas do discurso. Noutra pasaxe das cartas refírese que “fóra do corpo humano hai, na colección do Universo [50], un

numerosísimo enxame, non só de individuos, mais aínda de especies de corpos animados; isto é, aqueles a quen damos o nome de brutos e que, por conseguinte, embarazan infindamente a construción do sistema. Os brutos senten, perciben, maxinan, lembran os seus feitos pasados, servindo a moitos esta memoria para protexerse de moitos perigos, semellantes a outros nos que se viron. É común a eles unha gran parte das nosas paixóns, a ira, o odio, a vinganza, alédanse e entristécense, segundo a impresión que lles vén dos obxectos, gratos ou desacougantes”. No apéndice contra os gassendistas trata do problema e di que “non lles negan aqueles descubertamente toda alma aos brutos, pero concédennllela tal que veñen a selo só no home”.

III

LÓXICA. AS SÚMULAS

Pode dicirse que o seu iniciador é Aristóteles: o siloxismo categórico (dúas premisas e conclusión). O padre Feixoo non pode ficar impasible, sabendo por experiencia que se impón rectificar o ensino e o estudo da lóxica, e senta o que lle convén quitar das *Súmulas*, o que convén quitar e poñer na lóxica e na metafísica e que sobra e falla na física.

“Nalgunhas escolas –di– [56] dáse un curso enteiro de estudo das *Súmulas*. Que tempo tan perdido! En dous pregos pode comprenderse canto hai de útil nas *Súmulas*. Dous e medio gastei nunhas que formei para o meu curso de artes, e puiden aforrar algún papel sen que por iso deixase de ter entre os meus discípulos tan bos lóxicos coma os que houbo naquel tempo na relixión.” “As sete partes de oito, que se gastan

en tantas divisións de termos e proposicións modais, expoñibles, exceptivas, reduplicativas, suposicións, apelacións, ampliacións, restricións, aliñacións, diminucións, equipolencias e reducións, de nada serven; o primeiro, porque isto logo se esquece, de xeito que entre cen teólogos, xuristas ou médicos se atopará un que conserve todas aquelas bagatelas na lembranza; o segundo, porque aínda que non se esqueza poucas veces ten uso na disputa...”

Razoa sempre o seu criterio, con bases firmes, como corresponde ao seu espírito crítico. “Se a lóxica [57] é unha arte instrumental cuxo fin é dirixir o entendemento para adquirir as demais ciencias, non vexo porque ten que tratar a lóxica con tanta difusión cuestións totalmente inútiles para ese fin. Naquelas oficinas onde se fabrican os instrumentos das varias artes mecánicas, non se traballa senón precisamente naqueles que teñen algunha utilidade para elas. Por que nas aulas de lóxica, que son as oficinas dos instrumentos mentais cos que ten que traballar o discurso nas materias doutras ciencias, se ten que suar en cavilacións

que endexamais van servir nin na física, nin na xurisprudencia, nin na teoloxía, nin na medicina?”

Comenta a Aristóteles, e non se lle agacha ren á súa ollada de adiviño: “Aristóteles, no libro primeiro de Elenchos, sinalou trece principios de falacia dos argumentos sofisticos ou trece capítulos por onde os argumentos poden ser falsarios...; pero pódense reducir a un só, que é a ambigüidade na expresión...” [58].

Ramón Otero Pedrayo [59] explica que “no discurso sobre a sabedoría aparente ten por inútil e estraño ao verdadeiro saber todo o que nas escolas se comprende baixo o nome de filosofía. Os exemplos poderíanse multiplicar espigando na obra de Feixoo. E sen presupor ningún paralelismo, vén á memoria un intre da vida dun home de profunda influencia na nova filosofía: o do mozo Descartes no colexio de La Flèche. Entón deixou todos os seus libros escolares. A palabra de Descartes no seu *Traité de la Methode*, ed. de 1668, é semellante á de Feixoo”.

IV

DA POLÍTICA

1

Feixoo está lonxe de facer un estudo detallado e harmónico sobre a política e o príncipe como o fixeron outros, entre eles o prior de San Xoán de Caaveiro, don Juan Roa Dávila, na súa obra *De Regnorum Iustitia* [60], ao rematar o século XVI, en plena monarquía absolutista, cando se discute amplamente entre Filipe II e o Papa verbo da autoridade política e tribunais eclesiásticos.

Podíase falar da filosofía política de Suárez, abordada por Pedro Rocamora [61], quen nos lembra como o beato Juan Ogilve, na cidade de Glasgow, no mes de novembro de 1613, foi condenado a morte por defender as doutrinas de Suárez. A idea de que o pobo como destinatario do poder divino delega no que manda a

súa autoridade, mediante unha auténtica *translatio imperii*, ía contra a sacralización de poder político que viña encarnar Xacobe I de Inglaterra, e, en xeral, o absolutismo do século XVIII; como a idea de liberdade e de xustiza se atopa presente nos tratados *De legibus* e *Deffensio fidei* e propugna un estado fondamente moral, cuxa esencia se centraría na garantía do que a lei natural establece como xusto, no que o seguiu Grocio na filosofía do dereito e Leibniz na metafísica, co cal se adiantou á creación do auténtico dereito social. Tivera tamén fonda transcendencia a obra *De regia potestate* de frei Bartolomé de las Casas [62], na que vén soste que dende o comezo os homes, as terras e as cousas foron libres, sen que poida impoñerse ningún asoballamento nin servidume sen o seu consentimento, tense que pedir este e o pobo é a causa eficiente e final dos reis e príncipes, voceiros, administradores e xerentes do interese público.

O poder, a soberanía vén do pobo nunha expresión puramente democrática. Fernández de la Mora [63], comentando a teoría de De las Casas, dinos que “a

civitas é a primeira molécula popular e que a teoría democrática arrinca xa dunha das súas primeiras publicacións: *Principia quaedam* (1552)”. E engade que “como amosou E. Bullón no seu libro *El concepto de la soberanía en la escuela jurídica española del siglo XVI* (1936), a afirmación de que o poder vén do pobo era un lugar común nos tratadistas da época. *De regia potestate* escribiuse despois do 1560. Xa nunha *Relectio* do 1548, M. Azpilcueta defende a tese da soberanía popular. E tamén Soto, no seu *De iustitia et iure* (1553). E así sucesivamente”. Tamén refire o seguinte texto recollido nunha nota da edición, a 157, de Lucas Pena: “*Id quod est omnibus profuturum, de consensu omnium est agendum*”. Esta, que De las Casas coñecía, constitúe o núcleo afirmativo do seu tratado.

2

Dende logo Feixoo, na súa inmensa e vasta obra, analiza amplamente a cuestión política e non escapa ren ao seu axuízamento e ponderación, con ese espírito crítico que caracteriza o seu labor. O historiador Mi-

guel Morayta [6] pregoa a súa admiración polo padre Feixoo ao dicir que “o glorioso ano de 1789 non tería eco ningún en España se a revolución non fose realizada polo máis selecto das clases directivas. E esta revolución debíalles ben pouco aos enciclopedistas de aló dos Pireneos, e deste xeito a nosa revolución separouse moi pouco das doutrinas e do sentido do *Teatro* de Feixoo. Foi despreocupada, inimiga das supersticións, adversaria das autoridades históricas, cobizosa dunha vida máis ampla, incompatible con toda vellez, pero moi católica e moi monárquica, como o foi Feixoo; e así a revolución notificoulle ao rei no *Código fundamental* de 1812 o mesmo que Feixoo dixerá: que o rei é un home coma os demais; que a súa fortuna lla debe a Deus que puido poñer outra estirpe diferente no trono e que Deus non fixo o reino para o rei, senón o rei para o reino. O máis despreocupado non chegou ao ateísmo: detívose onde Feixoo se detivera. Feixoo, que fixo en España algo semellante ao que Voltaire fixo en Francia, era católico, sinceramente relixioso e moi respectuoso coas autoridades eclesiásticas. Ata o

punto que ten o seu selo de monxe de san Bieito, sobre todo o desenvolvemento literario, científico, político que lle seguiu”.

Non se pode poñer en dúbida que Feixoo comeza, segue e dirixe o pensamento ideolóxico do século XVIII. Antes que o movemento francés, está latente, con plena vida, a proxección do padre Mestre. O racionalismo, ditado da razón, o sentido experimental sostidos por este sabio, mestre en cinco linguas, cobren o século e a súa exteriorización enche Europa, o mundo, conmovendo a tradición.

Non é precisamente Francia a que impón o movemento ideolóxico do século XVIII. A semente atópase no padre Feixoo. Toda Europa le as súas obras que penetran no mundo, traducidas a todos os idiomas. Son epígonos do padre Mestre. É a vibración do “mundo novo”, do “pensamento novo”.

O iniciador da nova ideoloxía é o padre Feixoo, é o que formula as súas ideas respondendo aos novos tempos. Quizais os movementos de finais do século XVIII non acaecesen se o padre Feixoo non publicase o seu *Tea-*

tro crítico universal, co que suscitou novas ideas, fundadas, racionalistas, nun mundo que ía esmorecendo coa súa propia morte. Teima de vida nova inspirada e escrita por un sabio español.

Cando no mes de xullo de 1751 comeza a paulatina publicación da *Enciclopedia* francesa, xa se publicara moitos anos antes a totalidade dos tomos do *Teatro crítico universal* e catro tomos das *Cartas eruditas*.

A monumental obra do século XVIII do padre Feixoo estaba presente.

3

Martínez-Risco [64] refire como o padre Mestre prefire o goberno do pobo polo pobo (democracia pura) ao goberno dos mellores (aristocracia da intelixencia). “É –di aquel–, á fin e ao remate, unha mostra de que o seu fondo espírito crítico non rexeitaba os aires de Europa, cheos de pensamentos daqueles filósofos e escritores dos tempos do Rei Sol, que deron nacemento ao que se chamou despotismo ilustrado.” Feixoo non cre na perfección do home inmerso na sociedade, o

cal, só, non é capaz de establecer un sistema xurídico nin moral na convivencia co mutuo respecto debido. Entende que ten que se sobrepor o ditado ou o ensino dos homes sabios, regulando as interaccións humanas, cos seus dereitos e deberes correlativos. E desta maneira se dirixe ao príncipe, con graves esixencias. É a man reitora, impondo dereitos e deberes. Ten fe no home sabio, no reitor, no que impón a executoria. E por iso escribe: [65] “É o pobo un instrumento de varias voces que, a non ser por uns rarísimos avatares, xamais se porían por si mesmas no ton debido ata que algunha sabia man as tempere”, e engade que “o pobo masa, nun sentido colectivo social, é incapaz de dirixirse por si mesmo nin na orde moral nin no tocante ao descubrimento da verdade; todos os empeños se dirixen a formar o criterio intelectual e moral dos encargados de levar esta masa: do rei ou do príncipe en primeiro lugar”.

4

Mais é indubidable que en toda a súa obra latexa con forza e vigor a idea do liberalismo.

O profesor Entrambasaguas [66] dinos que “Feixoo se nos aparece coma o prototipo e orixe do liberalismo español”, e engade que “o propio Marañón considera que foi a tolerancia, a comprensión, antes que ningunha cousa e que Azorín proclama o seu carácter rebelde, definido, dun xeito inconfundible, como liberal”.

E é que non podemos esquecer que toda a súa alegación é un himno á liberdade, pregoando sempre como fundamental este principio. É o sentido moral imponéndose sobre todas as cousas, que non é outro o principio informante do liberalismo.

O liberalismo, que constitúe a tradición do pobo español, norte e guieiro da súa vida, que ten fondas raíces na nosa historia.

Podemos lembrar co profesor Elorrieta e Artaza [67] que en España se xuntaron as primeiras Cortes que limitaron en Europa o poder real, que se estableceu por

primeira vez a institución consagrada a esixir a responsabilidade de todas as autoridades públicas, a institución da xustiza de Aragón; en España estableceuse no século XII a xornada de oito horas por Afonso I o Batallador; en España decretouse no século XIV o salario mínimo, nas Cortes de Valladolid, reinando Pedro I o Cruel.

5

Feixoo é innovador en todo, un espírito inqueda, temimoso e decidido en situacións que non o satisfan: “Sempre andei en inimizade coa máxima do goberno que rexeita toda innovación.” [68]

Diante do que a súa ollada percibe, non pode agachar a censura. “Nuns, non vexo ningún afecto pola patria, noutros só vexo un afecto delincuente que, con voz vulgarizada, se chama 'paixón nacional'; xúlgase como amor á patria o que só é amor á propia comeencia.” [68]

Refire o que, en termos xerais, entende el por política. “Entre nós significa determinadamente ou, polo me-

nos, segundo a máis común acepción, a habilidade en promover coas artes áulicas as comenencias persoais, aínda que entre os franceses é indiferente a palabra ‘politique’, para significar isto ou o goberno do Estado. Ten distinto significado que política e goberno político.” [68]

Ocúpase dos libros políticos, da teoría e da práctica do que el chama “a industria política”. En relación con esta engade: “apenas ten algún caudal máis ca aquel que lle reditúe o seu propio fondo. Áchanse, a verdade, libros cheos de documentos políticos e as historias propoñen numerosos exemplares aínda máis instrutivos ca os documentos, xa que representan máis sensible a aplicación á práctica, segundo as circunstancias acaeceron. Mais mirándoo con sutil reflexión, esta instrución é só aparente, pois fai algunha figura na teoría e é inútil na práctica. As razóns porque, cando queren poñerse aqueles preceptos en execución, endexamais concorre no feito o mesmo complexo de circunstancias que se atopan no libro”. É taxativo ao dicir que calquera negociación política é coma unha

máquina composta de moitos resortes, dos cales un só que se atope máis ríxido ou máis frouxo do que debe fai toda a máquina inútil [65]. Rexeita a utilidade do ensino que no aspecto de rexer ou gobernar poidan sinalar os libros. Son circunstancias que han de terse en conta atendendo ao íntre, ao modo, ao lugar, e, en fin, a tantas e tantas situacións de heteroxénea natureza que xorden acotío.

Aínda engade: “A experiencia decide nesta materia coma noutras. En todos os tempos houbo egrexios políticos sen libros e curtísimos políticos que fixeron uso deles... Os romanos conquistaron o mundo sen libros e perdérono despois de que os tiveron. O que dixemos neste discurso adáptase tanto á alta política como á baixa. Unha e mais a outra saen do fondo da alma. A primeira pide un espírito nobre, un entendemento claro, unha virtude firme; a segunda, raposada, disimulo e hipocrisía. A actividade e o valor son partidas precisas nunha e noutra. Quen, posuíndo estas calidades, tivese ocasión de obrar e se aplicase na práctica, será bo político sen abrir libro ningún” [69].

Censura a nobreza. “Un gran ben lles faría aos nobres –di– quen puidese desvencellar a nobreza da vaidade. Case é tan difícil atopar aquela gloria sen que estea xunguida a este vicio como achar nas minas prata sen ter terra mesturada. É o resplandor dos maiores un facho que produce moito fume nos descendentes. De nada se debe facer menos vaidade e de nada se fai máis. En van as mellores plumas de todos os séculos, tanto sagradas como profanas, se empeñaron en mostrar a todo o mundo que non hai orgullo máis mal fundado ca o que se obtén polo nacemento.” [70]

Observador sagaz, nada escapa á súa crítica, preocúpase de todo: “O escollo común que lles ocorre aos políticos rectos é a dificultade de tratar con verdade e desengano aos poderosos. A gabanza é unha porta moi ampla para o favor, pero ningún ánimo nobre pode entrar por ela, xa que é moi baixa. A todos lles escoito dicir que aborrecen os adúladores e non sei se vin algún que non os ame” [71].

Ren se agacha á ollada do Mestre Feixoo, e é duro e inflexible nas súas condenas e censuras. Para el é

fundamental o principio da igualdade dos homes. Como di Alborg: [72] “A igualdade dos homes é, para Feixoo, teólogo católico, un dogma básico, pero, ao mesmo tempo, unha realidade demostrable pola experiencia”. “Rexeita –engade– como se fose un erro común o soste que teñen os homes unha distinta capacidade racional ou desigual aptitude para os froitos da intelixencia.”

A igualdade dos homes, que constitúe principio consagrado na *Declaración universal dos dereitos humanos* do 10 de decembro de 1948, himno da liberdade coas súas expresións infundas.

6

Sabido é que Hobbes suscitara unha apreciación do home que causa verdadeira sorpresa e inquietude na orde do pensamento.

E Feixoo combate a Hobbes. As súas palabras son duras, amargas: “Sei que se lle ten xenreira pola súa penetración aguilloante, pero tamén sei que se lle rexeita pola súa impiedade: home que tentou quitarlle a dei-

dade ao rei do ceo para constituír deidades os reis da terra, e non reconece outras leis divinas ou humanas que o mero arbitrio dos príncipes” [48]. Tamén combate a Maquiavelo con forte dureza, referindo como tiránica a súa doutrina e que todo home a rexeita. Sinala como ruín o seu libro *O príncipe*; refire como “política tiránica” invadir coa man armada os estados dun príncipe ou república fronteiriza; trata da “bárbara máxima de desfacerse dos irmáns ou parentes para arredar a ocasión máis arriscada das sublevacións”, e inquédalo grandemente a transcendencia do libro porque “podería facer tiranos a algúns que non o serían sen esta lectura” [73].

7

O noso Mestre escribiu verbo de Jean-Jacques Rousseau que, probablemente, non houbo outro autor estranxeiro que fose tan ben acollido na segunda metade do século XVIII, como di Richard Herr [74], quen engade que “Feixoo introduciu o seu nome, por primeira vez, no ano 1752, ao refutar o *Discours sur les sciences et les arts*,

que atraera a atención do público. Jean-Jacques Rousseau pretendía que as artes e as ciencias apodrentaban, dalgún xeito, os costumes, opinión que Feixoo, adiantado da ciencia, non podía admitir dun xeito tan radical”.

8

Non esquece a súa obra a referencia a Tomás Moro, no que ve un político hábil, metido dentro do mundo. “Na descrición da utopía, escrito verdadeiramente enxeñoso, pracenteiro e delicado, deixou percorrer tanto a pluma cara ao interese temporal da república que parece que ollaba a relixión con indiferenza”. E engade: “quen nesta imaxe coñecerá a aquel glorioso mártir de Cristo, aquel xeneroso heroe, cuxa constancia non puideron dobrar contra a súa obriga nin as ameazas, nin as promesas de Enrique VIII, nin a dura prisión de catorce meses, nin as persuasións da propia muller, nin a triste expectación de ver esnaquizados e reducidos a unha mísera mendicidade a todos os seus, nin a privación de todo o seu conforto humano, quitándolle os libros: en fin, nin o cadafalso diante dos ollos?” [75]

9

Os temas políticos abordados polo padre Feixoo tiveron fonda resonancia.

Giorgio del Vecchio, na súa obra *Filosofía do dereito*, escribe textualmente que “o século XVIII representa un período máis ben de depresión en España na orde intelectual. Destaca nel –di– a figura do padre Bieito Feixoo, que representa a “ilustración” en España e escribe de temas políticos no Teatro crítico e nas Cartas eruditas y curiosas [76].

O seu saber era universal, e é completo o seu coñecemento en todas as ramas do saber. En canto se refire á política, aínda vivindo naquel século, propugna sempre a liberdade do home, e proclama que se atopa en inimidade coa máxima de goberno que condena toda cousa nova.

V

DO PRÍNCIPE

Todo constituíu preocupación para o padre Feixoo e non houbo ren que lle fose alleo.

Ocúpase da educación do príncipe, que se inicia na nenez, encamiñándoa á virtude da xustiza, expresando que o uso de bos libros é moi útil para informar os príncipes da política recta.

“Mais, cales son os bos libros? Coido –di– que moi poucos. Os que conteñen sa doutrina son infindos. Pero que importa que instrúan se non moven! O difícil na moral non é o coñecemento do que é recto, senón o movemento ou inclinación eficaz para obralo.” [77]

Concepción S. Amor [29] dinos que “seguinto a súa opinión de que o estudo non dá o entendemento, non fía gran cousa dos libros e prefire o exemplo e a influencia da palabra viva”.

O padre Feixoo di que “mellor ca os mellores libros é a boa conversa. O ensino que se comunica mediante a voz é natural, o da escritura, artificial; aquel animado, este morto; por conseguinte, aquel eficaz, este esmorecente. A lingua escribe na alma como a man no papel”. E engade: “Se aos príncipes nenos os entretivesen todos os días persoas discretas e ben intencionadas, calquera podería constituírse en fiador dos seus futuros acertos” [32]. O padre Feixoo está sempre presente co seu sabio consello, coa súa observación constante, respecto do bo goberno.

“As verdadeiras artes de mandar son –di– elixir ministros sabios e rectos, premiar merecementos e castigar delitos, velar polos intereses públicos e ser fiel ás promesas: deste xeito asegúrase o respecto, o amor e a obediencia dos súbditos moito máis eficazmente ca con todo o complexo doutras sutilezas políticas ou razóns de Estado, misterio depositado na mente dos áulicos que, como causa sacratísima, endexamais se deixa ver por enteiro nin sae ao público, senón cuberta dun veo mouro, sendo na maior parte unha pantasma

chocante ou ídolo van, que co nome de deidade se lle dá a adorar ao ignorante vulgo.” [71]

Non escapa da súa aceda crítica o Príncipe. Comenta que o que se chama liberalidade dos príncipes e daniño para os vasallos, e engade: “De aquí colíxese que a cobiza, sempre vil, é nos príncipes vilísima, polo moito que desdídese este abatemento do ánimo da altura do Solio...” [71]

Ataca a malicia, a hipocrisía. É implacable. Di que, ás veces, se ten o vicio por política, atendendo a que se saca del algún emolumento. Tal home fínxese vingativo sen selo, porque o temor da vinganza retira os demais da ofensa. Aínda engade: “É de crer que, polo motivo de compracer a príncipes ruíns, houberse políticos que, hipócritas ao revés, finxisen vicios que non tiñan, e, o que é peor, para comprobalo levasen a vontade ás propias desordes que aborrecían. Que... se fai mérito do delito, en troques daquela hipocrisía propiamente tal, que contradí a virtude, estúdase nunha hipocrisía distinta, que finxe a maldade” [75].

Tamén se refire aos inmediatos do príncipe, dicindo

que “se moven pola atracción deste, e estes mesmos atraen a outros, que son pretendentes con respecto deles e, deste xeito, vai baixando a atracción e o movemento ata os ínfimos. Mais, aínda que todo o dito chega por si mesmo para facerme displicente da habitación da Corte, moito máis a fai odiosa por unha, necesaria, xenreira que ten, e é que onde ferven as pretensións, ferven certas clases de vicios cos que teño unha especial xenreira: a hipocrisía, a trampa, o embuste, a adulación, a aleivosía, a perfidia” [78].

VI

XUSTIZA. DEREITO

1

Toda a vida e obra de Feixoo constitúe un clamor perenne pola xustiza, pregoando erros e defectos, en vibración constante de ecos, en expresións xamais rematadas.

Quere o ideal do xusto. Na súa obra atópase o compendio da xustiza e do dereito, nas máis vivas expresións de quen está cunha grande inquedaanza por eses principios. É unha aspiración de xustiza e directrices cara ao seu logro.

“A maneira de dar paso certo á xustiza é desembarazarlle o camiño á verdade”, di [79]. Engade que “a xustiza, se se fala do hábito ou inclinación a ela, é unha calidade moral. O hábito da xustiza pode existir do mesmo xeito nos humildes ca nos poderosos” [79].

Ramón Macía Manso, comentando a Suárez, trata da escolástica española dos séculos xv e xvi ao abordar problemas iusfilosóficos verbo da xustiza e da lei, analizando na teoría daquel o dereito como “facultade moral”, o dereito como “efecto moral”.

É forzoso lembrar a Eberhard Schmidt [80] cando nos di que “para os pensadores dos séculos xviii e xix non é 'lei' calquera expresión de vontade libremente formulada polos poderes do Estado que teñan facultade para mandar”. “As leis –segundo comenta Montesquieu no seu *Esprit des Lois*– son relacións que xorden necesariamente da natureza das cousas.” “A Lei –lemos logo, no libro I, capítulo 3 da mesma obra– é a razón humana, en canto rexe a todos os pobos da Terra, e as leis civís e do Estado de cada pobo non teñen que ser máis ca os diversos casos de aplicación desa razón humana, segundo a concepción de Montesquieu e a dos xuristas dos séculos xvii e xix, tan cheos do seu influxo, e un deles tamén foi Feuerbach, as leis só teñen “calidade de dereito”, cando participan desta realidade con antelación ao concepto de dereito”.

Feixoo establece a distinción do dereito e da moral, coa diferente ollada do teólogo e do xurista. “Responde que os xuristas deben pesar os delitos de xeito disitinto ao dos teólogos. O teólogo examina a ruindade intrínseca do acto, o xurista considera as consecuencias que ten para o público e poden ser estas graves, aínda que a culpa, dende a primeira inspección, sexa leve. É verdade que tamén o teólogo considera as consecuencias cando as prevé o delinciente ou que a proporción agrava, aínda no foro interno, a súa culpa. O xurista non pode, nin lle toca, examinar se as preveu, senón para aplicar o remedio que prescribe a lei, para evitar o dano, e así no foro externo castígase ao reo coma se tivese previsto ese dano.” [16]

Senta o ditado da lei e do interese público. Non fai definición da xustiza nin do dereito. Son valores que dá como preexistentes.

É moi interesante a obra de Manuel Moix [81], analizando a xustiza en Platón: “Xustiza é facer cada un o seu”. En Aristóteles hai unha xustiza “legal” ou virtude moral e outra “parcial” ou virtude particular,

que se subdivide en conmutativa e distributiva en San Tomé de Aquino, seguindo a Aristóteles. Asemade, analiza os precursores, e, referíndose a Homero e a Hesíodo, di que “dúas notas fundamentais destacan na concepción primitiva da xustiza, o seu carácter retributivo e a súa orixe divina...”

O dereito é o xusto en Feixoo, darlle a cada un o seu. É o ben común, o interese público. É a relación das interaccións. A xustiza é o concepto sublime, á que o Mestre tipifica como anhelo que pasa os lindeiros da ciencia. O dereito é o que é, a xustiza é o que debe ser, en dimensión metaxurídica. Nalgunha pasaxe da súa obra [82] dinos que a relixión e a xustiza deben colocarse sempre nun primeiro plano.

O padre Feixoo vai abrindo camiño nos estudos sobre a xustiza e o dereito. A enxebre concepción teolóxica vai superándose e, pouco a pouco, esfárelase para facer xurdir a xustiza e o dereito con plena independencia da teoloxía.

Pedro Rocamora Valls [83] lémbraunos como a filosofía xurídica aparece entón como unha galla distinta

da teoloxía. “A ciencia xurídica independizouse da teoloxía e marcharon ambas as dúas por camiños diferentes.”

Como nos fala tamén do desdoblamento dos conceptos de dereito e de moral, que se inaugura a través da doutrina de Thomasius (refire “*Thomasius Fundamenta iuris naturae et gentium ex sensu communi deducta*”), que distingue entre o ben moral do decoroso (*decorum*) e do xusto. “O xusto –di– non pertence ao ben moral, senón que cae fóra deste.” A súa misión consiste en protexer contra a inxustiza e restablecer o dereito perturbado. Menciona que un resumo da doutrina de Thomasius, en canto ao dereito e á vontade, pode verse en Lerminier, *Introductions générales à l’Histoire du Droit*, París, 1835, cap. XI, páx. 177.

Engade tamén que “o dereito natural prescindiu de Deus, e que é xustamente un teólogo –Grocio– quen realiza este proceso de laicización. A partir daquel intre, dereito e teoloxía camiñan en liñas diverxentes. O século XVIII sería despois o escenario onde, a mercé do racionalismo, a filosofía procuraría a orixe do dereito

e da autoridade, non na idea soberana de Deus, senón na pobre razón humana.

Xa se comezara o camiño. Feixoo segue como innovador e desbota os moldes clásicos, facendo erguer novas teorías como corresponden aos novos tempos. A súa doutrina produce a total innovación con transcendentales proxeccións.

A fe na xustiza de Feixoo é inquebrantable. Cando en *De la ilustración apologética*, páx. 14, n.º 5, sobre Tulio, Quinto Ligurio e Cicerón di que “se Ligurio é inocente, ten recurso á xustiza, aínda que falle a clemencia” [84], está pregoando a xustiza como ideal supremo, unha aspiración que sente fundamente.

2

Equidade, *epikeia*. Dentro do concepto de xustiza sinala a equidade. Cosentini [85] di que a equidade semella a xustiza nos seus caracteres, tendencias e derivacións, definida con razón como a xustiza do problema ou relación concreta, ou mellor, a xustiza da individualidade da relación (Trendelemberg), en-

gadindo que a equidade foi considerada (Aristóteles) coma unha norma que o lexislador ditaría para un caso concreto, se puidese prevelo. E segue, “a equidade no seu intre xudicial revélase deste xeito:

1. Como unha aptitude autónoma do xuíz.
2. Como unha singularización do dereito, pero que se atopa determinada sempre pola diversidade do novo problema.

Vexamos como se expresa o padre Mestre, adiantándose en séculos: “É verdade que podemos interpretar a lei escura, inclinándoa á parte máis benigna, mais isto debe ser segundo a esixencia do ben público e segundo o ditame da natural equidade, e obrando deste xeito, xa non é clemencia, senón xustiza”. Podemos tamén, pola virtude chamada *epikeia*, minorar e aínda emitir en moitos casos as penas que decretan as leis. Tampouco é isto benignidade, senón xustiza, xa que nos atopamos obrigados a seguir a mente do lexislador antes que a letra da lei. Emporiso, Aristóteles, que entendeu moi ben a natureza das cousas que pertencen á ética, sinalou a *epikeia* por parte da xustiza.

Estes casos, nos delitos menores, son moi abondosos, porque, examinada a postura das cousas, ocorre moitas veces á prudencia que se teñen que seguir maiores inconvenientes no castigo ca na tolerancia.

Seguir sempre a letra da lei penal, sen exceptuar os casos nos que o lexislador non puido ou a prudencia xulga que non quixo obrigar, é o que se chama sumo dereito –*summum ius*– e que, con razón, está capitulado por *summa iniustitia*.

Téñase presente que o padre Feixoo veu sostendo sempre que a clemencia non é xustiza. Xustiza é a virtude, a beleza, o valor supremo.

VII

TRIBUNAIS, XUÍCES E MISIÓN DE XULGAR

A preocupación e a inquedanza de Feixoo teñen proxeccións infindas. Todo na xustiza e pola xustiza. Referíndose a ela di: [16] “...A xustiza, se se fala de costume ou inclinación a ela, é unha calidade moral, que non ten que ver coa ledicia ou co desacougo do ánimo: fóra de que o costume de xustiza pode existir do mesmo xeito nos humildes ca nos poderosos. Se se fala da xustiza en exercicio, esta ocupa e fatiga os que a practican. Cambia os togados. A ciencia non sei que conexión teña coa alta fortuna, para atribuírlla máis a aquela ca á humilde”.

Teremos que centrarnos en canto se refire aos tribunais, xuíces e misión de vulgar. Carnelutti [86] senta que “o xuíz é máis importante ca o lexislador. Non

vos deixedes seducir polo mito do lexislador. Máis ben pensade no xuíz, que é verdadeiramente a figura central do dereito. Un ordenamento xurídico pódese conseguir sen regras lexislativas, mais non sen xuíces. Coidade moito da dignidade, do prestixio, da liberdade do xuíz, e de non atarlle moi curto as mans. É o xuíz, non o lexislador, quen ten diante de si o home vivo, mentres que o home do lexislador é, desgrazadamente, un monicreque”.

Na mesma liña, Carlos de la Vega Benayas: [87] “Pódese imaxinar unha orde xurídica sen lexislador, pero non é posible concibila sen xuíz. O xuíz é o dereito vivo, a xustiza animada. Esta función creadora non é, certamente, a de emendar normas legais de carácter imperativo, senón o desenvolvemento de formas xurídicas independentes nun terreo onde non alcanza a protección da lei”.

“Déaseme un xuíz íntegro, sen aceptación de persoas, perfectamente desinteresado, liberal, segundo os seus medios, atento cos nobres, caritativo cos necesitados, agarimoso e cortesán con todos, en fin, observante

das obrigacións a que nos intima a relixión e eu constitúome fiador de que non só será temido, senón tamén moi amado.” [41]

O seu traballo *Balanza de Astrea ou recta administración de justicia*, publicado no tomo III do seu *Teatro*, non pode ser máis perfecto e rematado no axuizamento e análise sobre os xuíces e a súa misión de vulgar, acadando metas insuperables.

Foi tratado por Angel Ossorio y Gallardo no seu *Discurso de las fiestas del centenario de la publicación del tomo I del Teatro crítico* [21, páx. 75].

O servizo da xustiza require os máis altos sacrificios e ter presente o ben público. “Non sei, meu fillo, se celebre ou chore a nova que me dás de te honrar a Súa Maxestade con esa toga. Contéplate nunha escravitude honrosa, mais, á fin, escravitude... O teu ben propio deberás consideralo como alleo e só o público como propio. Xa non hai para ti paisanos, amigos nin parentes. Xa non terás patria, nin carne, nin sangue. A razón do home ten que vivir separada da razón de xuíz, que non teñan o máis leve comercio as accións

da xudicatura cos afectos da humanidade.” [16] Ten a máis viva expresión da responsabilidade e do pecado. Estou por botarme a dicirche que o oficio de xuíz é unha ocasión propicia para pecar, que dura de por vida... Non entendo como consello, senón como precepto, aquel do eclesiástico: “Non pidas que te fagan xuíz se non tes a virtude e a fortaleza que son necesarias para exterminar a maldade” [16].

Rectitude de conciencia, moral de orde sacrosanta: “Por todas as partes debe ter ben fortalecida a alma o que viste a toga, porque en distintas ocorrencias non hai paixón que non sexa inimiga da xustiza e os pretendentes examinan con moita solicitude por onde é feble a muralla... Non quero dicir que o xuíz sexa feroz, duro e desapiadado, senón constante, animoso íntegro. Se padecese o corazón as súas molezas, atópese inaccesible a elas o sagrado alcázar da xustiza” [16].

O Mestre pensa en todo, non lle escapa ren á súa observación penetrante. Prevé e repugna a cobiza, a banalidade, escribindo para ela os máis duros anatemas.

“Ningunha cautela, meu fillo, che pareza de máis contra as aleivosas acometidas da cobiza... –di–, Deus nos libre de que un maxistrado comece a enriquecerse porque pasa nel o mesmo ca no elemento auga, que a proporción do caudal que ten son os tributos dos que goza. Mentres é regato, só recibe fontes, pasando a ser río, recibe regatos, e, chegando a ser mar, recibe ríos...” [16]

Máis adiante: “En Daniel lemos que os ministros do templo comían manxares que se lle presentaban ao ídolo. Na casa do maxistrado, quizais come o ídolo o que se lles presenta aos ministros” [16].

O Mestre escribe tamén: “É non só ladrón, senón home ruín e moi vil, o que entrando clandestinamente na casa allea rouba o diñeiro e as xoias”.

Ren se agacha aos ollos do Mestre, no seu espírito crítico, e aínda engade: “Por que non merecerán os mesmos epítetos o que nunha demanda inxusta, usando da trampa, usurpa o alleo; o mercador que pide sobre o xusto prezo; o que engana na calidade do que vende; o oficial, que se paga en máis do que merece

o seu traballo, e, máis ca todos, o xuíz, que admite o suborno? Que diferenza existe entre aquel e estes? Todo é furto –conclúe–, e Deus todo o vai castigar do mesmo modo, sen atender ao medio que se usou, senón á proporción do prexuízo que se lles fixo aos demais” [16].

Ocúpase da administración de xustiza, sentando como principio a realidade de que os tribunais son inviolables ao suborno, rexeitando tamén as recomendacións, aínda que o vulgo outra cousa coide.

“Oxalá os nosos tribunais estivesen tan xordos ás recomendacións coma inviolables aos subornos! Por esta parte atópase moi defectuosamente o seu creto na voz popular. Apenas se profire unha sentenza civil en materia controvertida que a malicia dos queixosos e aínda a dos neutrais non sinale o porqué da sentenza nalgunha recomendación poderosa. Tanto se apoderou dos ánimos a presunción da forza dos valedores cara aos xuíces, que son moitos os que, logo de padecerem algunha inxusta aldraxe e atopárense insatisfeitos da xustiza da súa causa, non reclaman se saben que a

parte contraria ten algunhas altas inclusións. Non é dudable que nesta materia estea a xente moi enganada. Os ministros, en canto poden –e poden polo xeral–, cumpren cos empeños só con palabras áulicas...” [16]

Combate sempre a recomendación: “Este concepto de utilidade das recomendacións aínda é máis noxento ao noso ministerio ca á nosa sona. Pois que se ten que facer? Fácil é a resposta. Falar claro e desenganar a todos. Poñer no seu coñecemento que a sentenza depende das leis e non das súplicas nin de amizades particulares; que non podemos servir a algú con dispendio da xustiza e da conciencia; que iso que chaman aplicar a graza –pretexto co que se encobren estas peticións–, examinadas as cousas na práctica, é unha quimera, pois xamais o xuíz pode facer graza, ou é metafísico o caso no que pode” [88].

Combate de xeito forte a gratificación. “...O xuíz endexamais pode recibir cousa ningunha do litigante ben despachado, por vía de gratificación; xa que non é capaz de facerlle ningunha graza, tampouco é acre-

dor de ningunha recompensa.” Engade: “Aínda aquela visita de acción de grazas que o litigante, despois da vitoria, lles fai aos xuíces, é por máis; de que lles dá as grazas?, de que lle deron o que era seu? Por isto non merecen agradecemento. E se lle deron o que lle era alleo, merecen castigo” [88].

Censura a administración de xustiza cando a parte é poderosa. Anatemiza e di: “Aquel grande xurisculto Alexandre, nos días xeniais, di que deixa o exercicio da avogacía, anoxado polas experiencias que tiña de que nin a sabenza do avogado nin a bondade da causa do alumno aproveitaban nos tribunais cando as partes en contra eran poderosas” [88].

Tamén lle preocupan ao padre Feixoo os casos dúbidosos, escuros, acudindo á *aequitas* como regra fundamental. Non é outro o criterio informante en defecto de lei. Esta non pode encher todos os supostos que xorden na chea de situacións que a vida implica. En defecto da lei e do costume, a *aequitas*, di o Mestre, “aínda para os casos dúbidosos, para os escuros, para cando hai igualdade de probabilidades, dan regras de

equidade as leis e estamos rigorosamente obrigados a seguilas. Oh, que algunhas cousas se deixan á prudencia do xuíz! É verdade, mais por iso non se deixan á súa vontade. O ditame prudencial sinala, ao seu xeito, o vieiro que se ten que seguir, e non é lícito tomar outro camiño por compracer o poderoso e o amigo. Cando se di que isto ou aquilo se atopa no arbitrio do xuíz, a voz arbitrio é equívoca e non significa disposición pendente de afecto, senón pautada pola razón e o xuízo. Este significado é conforme á súa orixe, pois o verbo latino *arbitror*, de onde se deriva esa palabra, significa acto de entendemento e non de vontade” [16].

Esixe a rectitude de obrar sempre; pon en garda o xuíz diante dos embates: “Pero ti, meu fillo, contempla que te puxeron na cadeira, non nas aras, que non es ídolo destinado a recibir cultos e ofrendas, senón oráculo formado para artellar verdades. Así, desengana a todos. Asegúralles aos poderosos o teu respecto e aos amigos o teu agarimo, pero intimidándoos, a uns e a outros, que nin o agarimo nin o respecto teñen entra-

da no gabinete da xustiza, porque o temor a Deus, que é o porteiro da conciencia, obrígaos a ficar na antesala” [16].

Rexeita tanto a clemencia coma a severidade. Son inxustas, aínda que recoñece que as motivacións xustas para diminuír as penas existen e abundan. “O que se chama clemencia, de príncipes e maxistrados, ruín para a vida dos pobos... non é clemente, senón que é inxusto.” [30]

Non obstante, seguidamente di que “os motivos xustos para minorar a pena en varios casos son moitos” [30]. Lémbranos como Annom, arcebispo de Colonia, no undécimo século, fixo arrincarlles os ollos a certos xuíces que tiñan pronunciado unha sentenza inxusta en contra dunha pobre muller. “Esta inviolable integridade na administración da xustiza non pide dureza ningunha de corazón, denantes é compatible con toda a tenra moleza de que é capaz o corazón humano. Así, cando non ten lugar a clemencia efectiva, hai lugar para a afectiva.” [30] “A quen tivese o corazón tan delicado que rexeite a debilidade e flaxele a moleza, da-

reille unha cura admirable que lle conforte o corazón, deixándoo, non obstante, tan mol como se atopaba. Isto consiste en trocar ao entendemento a ollada e endereitar a compaixón cara a outro obxecto.” [30] “Oh, fraquísimo xuíz, que faremos con el?” –conclúe.

No tomo V do *Teatro crítico universal*, na aprobación do padre frei Francisco Folch, faise unha análise certa do punto de vista de Feixoo: “Divertido coa variedade de asuntos, pasóuselle da memoria o que non quixese que fose o derradeiro. Emprende desterrar a clemencia e a severidade que afirma, con razón, ser indigna de xuíces e maxistrados. Para lograr esta teima, aínda que cita pouco, funda moito, e parece que tivo presente o xurisconsulto que sinala un medio amañado, prevendo que haxa xuíces para afectar en van a gloria de clemencia ou severidade, proporcionando as penas ás culpas: se estas son graves, non satisfai o seu oficio de maxistrado impondo aquelas leis, como tamén fallará ao seu ministerio condenando á pena capital por un furto só e simple, que din os peritos” [89].

Lembra: “*Inl. Respiciendum, ff. de Paenis. Respiciendum est iudicanti, ne quid, aut durius, aut remissius constituator, quam causa deposcat: nec enim severitatis, aut clementiae gloria affectanda est, sed perpenso iudicio, prout quaeque res*”.

Contempla a pobreza e a riqueza en todas as súas dimensións en relación coa administración da xustiza, coa misión de vulgar. Se, por unha banda, sente a repugnancia ao peso dos poderosos, non esquece ao pai nin ao veciño ou forasteiro diante do proceso, diante da xustiza. Preocúpalle tamén o maior ou menor prexuízo que ocasiona a tardanza na resolución. “Deben despacharse primeiro os pobres ca os ricos, os forasteiros ca os veciños.” San Xerome, verbo dunha pasaxe dos *Proverbios*, di que antigamente se colocaban os tribunais de xustiza ás portas das vilas e cidades, onde atendían a que o ruído da cidade e tanta multitude de obxectos estraños non trabucasen os forasteiros, especialmente os rústicos, que viñan expoñer as súas peticións. De aquí infírese que o despacho era moi rápido, pois non se lles daba lugar a constituír aloxamento na vila [16].

Á súa observación non pasa desapercibida a realidade do seu tempo. “Hoxe andan de moi outro modo as cousas. Tanto se teñen na prosecución das súas causas os forasteiros, que chegan incluso a se faceren veciños. Ren os confunde, senón as portentosas dilacións dos xuíces. Como denantes se achaban os tribunais ás portas das poboacións, hoxe vense poboacións ás portas dos tribunais, porque as nugallas do despacho amontoan as causas no oficio e os litigantes no vestíbulo.” [16]

Dáse conta do sacrificio dos xuíces, no seu labor diario. “Teño gran mágoa dos pobres ministros, polo moito que sofren nesta parte. Á pesadísima carga do seu oficio xúnguese a molestísima sobrecarga de tanta visita, que non sei se é máis onerosa ca a tarefa do tribunal. Á fin, o tribunal escoita razoar a catro ou seis avogados doutos; no seu caso oen a vinte impertinentes e parvos que xulgan facer mellor a súa causa, quebrándolle ao ministro a testa.” [90]

Ten fe absoluta no xuíz, como coñecedor e reitor de condutas. “Débeselle facer constar ao maxistrado que

nel se sustentan todos os individuos do pobo”, lembrando así unha das leis do prudentísimo Solón [30]. Trata incluso da forma na que se ten que facer [34]. Todo canto di o Mestre sobre a función de xulgar é actual. O que dicía no século XVIII ten aplicación no século actual. O xuíz ten ao seu cargo unha difícil misión. Para ela ten que se despojar da súa carga humana, dos seus egoísmos, das súas paixóns. Un labor transcendente que o pon preto dos deuses.

Responsabilidade e sacrificios, graves e sen compensación. A función de administrar xustiza. Como lemos no discurso do presidente do Tribunal Supremo, don Francisco Ruíz-Jarabo y Baquero, na solemne apertura dos tribunais, celebrada no día 15 de setembro de 1970: “A xustiza debe ser como a rocha inmóvil no medio do mar, sempre revoltado, á que se acollen os que, combatidos pola tempestade, procuran nela a súa salvación e contra cuxa base se estrelan sempre as feras ondas sen conmovela” [91].

VIII

FUNCIONARIOS XUDICIAIS

O xuíz, o maxistrado, o avogado son amados por Feixoo, arremetendo contra eles só no caso de indignidade.

Carmen Martín Gaité [92] dinos que son moitas as queixas que aparecen entre os escritores ben intencionados do século XVIII sobre a inutilidade e profusión dos empregos xurídicos. Don Melchor de Macanaz, que loitou valentemente pola reforma dos consellos dos tribunais de xustiza, refire nun memorial que dirixiu a Felipe V, no ano de 1714: “Quite V. M. tanto número de oficinas, secretarías e tribunais, que só son a propósito para o entretemento e mais o caos... Gastar diñeiro, meter ruído e ren máis. Isto próbao a lentitude dos negocios, a tardanza dos despachos e o remiso do andar en todas aquelas dependencias”. O padre Mestre expresa que “en todas as partes se es-

coitan clamores contra o proceder dos alguacís e escribáns. Coido que, se se castigasen dignamente todos os delinquentes que hai nestas dúas castas, infindas plumas e varas que hai en España se trocarían en remos. Os alguacís teñen a reputación de ser xente que fai profesión pública da estafa... O seu destino é coller os reos, a súa aplicación é coller algo dos reos e moi poucas veces existe delincente que non se solte, como solte algo o delincente. Os escribáns teñen un milleiro de xeitos de facer mal. Raro hai tan parvo que dea lugar a que o collan en falsidade notoria. Pero, o que se ve é que todo o mundo coida que en calquera causa, xa civil, xa criminal, é de suma importancia ter ao escribán da súa parte. O xeito de preguntar ladino fai dicir ao que depón, máis ou menos do que sabe. A introdución dunha voz que semella inútil ou de mera formalidade ao formar o proceso fai despois grande eco na sala. A substitución doutra que semella equivalente á que dixo a testemuña, alterando quizais todo o fondo do feito. Todos os de Argos, colocados en cada togado, son poucos para observar as innumerables fa-

lacias dun notario infiel” [16]. O Mestre non pode ser máis duro cos que el chama ou coñece por oficiais de xustiza, incluíndo como tales os escribáns, receptores, procuradores, notarios e ministrables.

Di que “sobran máis da metade dos que hai e, se teño que facer –engade– en orde a toda España o cálculo, polo que pasa no país que habito, direi que de escribáns sobran de tres partes as dúas. A multitude desta xente non só é inútil, máis aínda funesta para os pobos, porque, como respecto de tantos non pode existir ocupación bastante para sustentalos, procedendo xusta e legalmente, a moitos induce a necesidade de cometer mil ruindades. Cantos subornos, cantas estafas, cantos preitos inxustos, cantas falsidades, cantas usurpacións se teñen cometido por este motivo! Un escribán que ten pouco que facer é un complexo das tres furias, para o partido ou para a vila onde vive. Tece retortas, verte chismes, suscita xenreiras, move preitos, promove os que xa se moveron, suxire trampas e agacha uns delitos mentres agrava ou minora outros. Así pasa e non pode pasar doutro modo. Nun

país tan curto como é este; no Principado de Asturias hai douscentos setenta e cinco escribáns. Coido que sobran os douscentos e chegaría cos setenta e cinco. Se nas demais terras existe en proporción a mesma sobra de escribáns, do número de individuos que se cortase a este oficio, poderíanse formar algúns rexementos e, engadidas as sobras doutros oficios da xustiza, xa teríamos un competente pé de exército” [93].

É moi duro o padre Feixoo cos oficiais de xustiza, como se evidencia, os que para nós, e dito sexa de paso, merecen toda clase de respectos, quizais aquel recolla proxeccións da situación do seu tempo e que, por fortuna, non pasaron del.

IX

DEREITO PENAL

1

O padre Feixoo ocupouse tamén deste aspecto do dereito. Non fai certamente unha teoría, pero ten utilidade e transcendencia cando, de xeito inconexo, expresa as súas opinións ao redor da materia.

Atópase no seu século, sen que realmente poida dicirse que houbera un afastamento que se aparte das ideas informantes naquel tempo, que vive en vida intensa.

Concepción Arenal dixo de Feixoo [38] que tiña fame e sede de xustiza, segundo a pide e avoga por ela sempre que se presenta a ocasión ou procurando esta. Aínda que non escribise máis que a súa *Balanza de Astrea*, tería merecementos –engade– para contarse entre os homes rectos que procuraron enerxicamente que os demais o fosen. O noso autor poderá trabucarse

no que diga, pero sabe sempre o que di e vese claramente que non é estraño ao estudo do dereito penal. Certamente é verdade que Vico, Beccaria e Filangieri non escribiron quizais coas prohibicións do Santo Oficio e outras dificultades. Non puido ler a Montesquieu, pero non hai dúbida de que lera a Matheu, *De re criminali*, pois cita a súa sentenza co gallo das mutilacións legais.

2

O dolo, a ruindade, informantes da imposición punitiva, tamén os pondera Feixoo, dándolles plena actualidade. Dinos: [16] “En todos os delitos cometidos por inatención ou por febleza, xa se sabe que ten moita entrada a piedade. As leis sinálanlles menor pena e o príncipe poderá condenalos totalmente en tal ou tal caso. Porei un exemplo –engade–, ao saber Pirro, rei dos epirotas, que uns mozos se atopaban bebendo e murmurando del, fixoos traer á súa presenza e preguntoulles se era verdade que del tiñan dito tales cou-

sas. Atopábase entre eles un de xenio sincero e animoso, o cal respondeu: 'Si, señor. É verdade que todo iso dixemos despois de beber abundantemente, e máis diríamos se máis bebésemos'. Perdoounos Pirro e páreceme que fixo moi ben. O delito minorábase moito por se cometer nunha media perversión do xuízo, e ao ser a ofensa contra a mesma persoa do rei dáballo certo aire de xenerosidade ao perdón, capaz de medrar o amor e o respecto dos seus vasallos, cousa importantísima en todos os reinos. Por este camiño recobrou con exceso o público que perdeu coa impunidade daquel delicto”.

Preocúpalle o *summum ius*, que non pode comportar *summa iniustitia*. “Seguir sempre a letra da lei penal, sen exceptuar os casos nos que o lexislador non puido ou a prudencia xulga que non quixo obrigar, é o que se ten chamado sumo dereito, *summum ius*, e que, con razón se atopa capitulado por suma inxustiza. Logo, obrar de xeito contrario é xustiza e non clemencia; de onde se deduce que a piedade, que tanto se implora nos xuíces subalternos, impropriamente se chama así,

porque, se é conforme a lei, racionalmente sentida, é xustiza; se, contra ela, é inxustiza. Nos casos omisos e cando a lei é escura, hai regras xerais para interpretala ou suplila.” [16]

Combate duramente a vinganza: “Verbo do sentimento que tivo Agatocles da morte dos seus fillos decapitados, poderá contrapesalo co gusto de mandar executar o propio cos fillos e coas mulleres dos mesmos homicidas. E xulga o señor Mañer en Deus e na súa conciencia que este gusto sería igual a aquela dor? Oh, que mal empeza a pesar os gustos e desgustos dos poderosos!” [84]

Tamén rexeita a condena por mera sospeita: “Mais sexa sospeitosa toda novidade. Non se condena a ningún por meras sospeitas, polo que estes escolásticos endexamais poden fuxir de ser inxustos. A sospeita leva ao exame, non á decisión. Isto, en todo xénero de materias, exceptuando só a da fe, onde a sospeita é odiosa e como tal *damnable*” [39].

3

O padre Feixoo vive no século e non se pode dubidar de que é un innovador en todo, non agachándose ren á súa visión, que abrangue todas as cuestións.

Era un dereito penal duro, inhumano, con penas corporais. Pódese ver na novísima recompilación como no Libro XII, Título XL, Lei I, se trata da conmutación das penas corporais na de galeras. Na Lei II da conmutación das penas ordinarias dos delitos na de servizo en galeras, e na Lei III da conmutación das penas corporais arbitrarias, na de vergonza e servizo en galeras.

Como di Juan Antonio del Val: [94] “A pena de galeras foi frecuente durante moito tempo. É difícil imaxinar, incluso cando se consultan os documentos orixinais máis seguros, en que consistían eses lugares de desolación e de sufrimentos físicos e morais, onde non se toleraban nin a preguiza, nin a fatiga, nin o esgotamento, nin a enfermidade. Queríase dubidar de que os homes puidesen inflixir a outros homes un tratamento

tan bárbaro. As mutilacións foron usuais en determinadas épocas: cortábaselle ao reo a man, o nariz, as orellas, a lingua etc., pero no século XVIII comezaron a caer en desuso”.

El mesmo nos lembra o século XVIII no aspecto penal, con relato estremecedor do sufrimento e da morte de Robert Damiens o 28 de marzo de 1757, condenado por ferir a Louis XV co degoiro de matalo. En España, en textos do século XVII, aínda podemos ler como existían as penas de cravar a man, do marco etc. [95]

4

Morre Feixoo no 1764 e non pode coñecer a obra de Cesare de Beccaria, a cal quizais tivese algunha censura do Mestre, xa que este se atopaba vinculado á Igrexa e non podía crebar os seus ditados.

Téñase presente que a obra de Beccaria foi condenada pola Igrexa para toda clase de lectores no 1777. Del Val fai unha escolma da obra de Beccaria: [94]

–Só as leis poden decretar as penas contra os delitos e non a vontade do xuíz.

–A tortura debe abolirse, pois só serve para condenar o feble inocente e absolver o delincente forte.

–A atrocidade das penas é, cando menos, inútil, se non prexudicial, e, polo tanto, as penas deben dulcificarse ao máximo.

–O fin das penas non é atormentar e affixir, senón impedirle ao reo causar novos danos e botar atrás aos demais da comisión doutros iguais.

–Non é a crueldade das penas un dos meirandes freos dos delitos, senón a infabilidade delas.

–As penas deben ser proporcionais aos delitos, pois se se destina unha pena igual a delitos de diferente contía, os homes non atoparán barreiras para cometer o maior.

–A verdadeira medida dos delitos é o dano social.

–As penas deben ser as mesmas para o primeiro e para o derradeiro dos cidadáns, para os nobres e para os plebeos. As leis deben favorecer menos as clases dos homes ca os homes mesmos.

–A pena de morte non é útil nin necesaria.

–O poder legislativo debe desvincularse do poder xudicial.

–A interpretación das leis correspóndelle ao lexislador e non ao xuíz.

–É necesario fixar prazos breves, pero suficientes para a presentación das probas, para a defensa do reo e para a aplicación da pena.

–Non se pode chamar precisamente xusta (vale tanto como dicir necesaria) a pena dun delito cando a lei non procurou con dilixencia o mellor medio posible de evitalo. Perfeccionar a educación constitúe o medio máis seguro, ao mesmo tempo que o máis difícil, de evitar os delitos.

Moitas –segue dicindo– destas ideas foran expresadas con anterioridade noutros lugares, como, por exemplo, no *De l'esprit des lois*, de Montesquieu.

O devandito autor lémbra-nos a Meléndez Valdés, “que, dende o seu cargo de fiscal, tivo que vivir moi preto dos problemas da administración de xustiza, e, nas súas acusacións, reflicte as dúbidas que o asaltaban na execución da súa tarefa” (Cf. Jean Sarrailh: *La España ilustrada de la segunda mitad del siglo XVIII*, México, 1957, que cita aquel).

X

TORMENTO

1

O padre Feixoo é home crítico sempre, e amósase claramente oposto ao tormento, facendo del unha ponderación obxectiva, imparcial e humana. Atópase no século XVIII e adiántase no tempo, clamando coa súa voz pola supresión do tormento, imponendo un sentido racional e xusto.

Feixoo é un adiantado nesa materia. A tortura seguía vixente a mediados do século XVIII, dínolo Tomás y Valiente [96], quen engade que “se os argumentos esgrimidos nos séculos XVI e XVII e primeira metade do XVIII contra o tormento non lograron nin a supresión nin a simple reforma desta institución, foi porque se dirixían illadamente en contra desta e non en contra de todo un sistema procesual-penal do cal a tortura

era unha peza básica e consubstancial”. É o P. Feixoo quen aborda ampla e maxistralmente o tema. Os precedentes históricos son de crueldade infinda, o que se pode comprobar lendo o *Código das Partidas*, no que se fai referencia ao tormento, o que é, as súas clases, persoas que poden ou non ser atormentadas, forma do tormento etc., no título 30, partida 7.^a, así como nas leis 24, título 21, partida 2.^a; 5, título 13, partida 3.^a; 42, título 16, partida 3.^a; 13, título 23, partida 3.^a; 26, título 1, partida 7.^a; 16, título 9, partida 7.^a.

Daniel Sueiro [97] dinos que “En España os suplicios e torturas ás que se tiñan que someter os súbditos aparecen xa determinadas no *Fuero Juzgo* do século VII, así como nos diversos foros municipais dos séculos XI ao XIII. Neste último século, o sabio rei Afonso X dita nas *Partidas* que debe atormentarse para saber dos homes a verdade. Carlos V e Filipe II (a famosa *Lei Carolina* do primeiro, de 1532, contén 219 artigos dos cales 57 se refiren á tortura) tamén achegan a súa colaboración á lexislación especial en prol do mantemento e extensión da tortura”.

Feixoo adiántase a Montesquieu, que no ano 1748 publica a súa obra *De l'esprit des lois*, na que se ergue contra o tormento; como tamén se adianta a Beccaria, o cal, na súa coñecida obra, di que “unha crueldade consagrada polo uso da maior parte das nacións é a tortura do reo mentres se forma o proceso, ou para obrígalo a confesar un delito, ou polas contradicións en que incorren ou para o descubrimento dos cómplices, ou por non sei cal metafísica e incompreensible purgación da infamia, ou, finalmente, por outros delitos dos que podía ser reo, pero dos cales non é acusado. Cal é o fin político das penas? O terror dos outros homes. Pero que xuízo deberemos nós facer das privadas e sanguentas carnicerías que a tiranía do uso exercita sobre os reos e sobre os inocentes?” [94]

É oportuno lembrar aquí a Jovellanos, que, no último terzo do século XVIII, foi alcalde do crime de Sevilla, merecendo citar os seus traballos *Informe sobre la abolición de la prueba del tormento*, *Informe sobre el interrogatorio de los reos* e *Informe sobre la reforma de las cárceles*, segundo nos di Del Val, quen engade

que “con respecto ao tormento existía unha clara tendencia á súa supresión” [94].

O Mestre fai un estudo completo respecto da aplicación do tormento. “Entro pedindo venia a todos os tribunais de xustiza –di–, para expresar o que sinto nesta materia. Venero as leis e a práctica delas, pero, tratándose aquí de leis puramente humanas, a calquera lle é lícito discorrer sobre a conveniencia ou a inconveniencia delas. Nin o ver a tortura admitida tamén no foro eclesiástico a privilexia do exame, porque, como advirte o douto canonista Francisco Schmier, citando a outros autores, a súa práctica non é conforme á antiga disciplina da Igrexa, senón que, co discurso do tempo, pouco a pouco foise derivando dos tribunais seculares aos eclesiásticos. A tortura é medio sumamente falible na inquisición dos delitos, semella, pois, que igualmente perigan na tortura os inocentes ca os culpados.” [30]

Lembra a sentenza de Platón que os grandes vicios, non menos ca as grandes virtudes, piden moi esforzados alentos. A serenidade coa que sufriron rigorosí-

simos tormentos Jerónimo Olgiato, Baltasar Gerardo e Francisco de Ravaiillac, amosa ben ás claras que os que ousan moito son capaces de tolerar moito [30].

É sempre sutil observador: “Ao contrario, os xenios apracibles e tranquilos comunmente son delicados, especialmente se o xeito de vida que teñen é conforme coa súa quietude nativa. De aquí resulta, como resulta verosímil, que antes confesará un destes, posto no tormento, un delito falso ca un daqueles un delito verdadeiro” [30].

Comenta ao sacerdote xesuíta alemán Federico Spe, ao tratar das confesións de feiticeiros e meigas. “A certeza que tiña o padre Spe da case invencible forza da tortura –di– para facer que se confesen reos os mesmos que están inocentísimos brilla máis nunha sentida declaración aos xuíces, coa que remata aquel discurso: para que fatigarse en procurar con tanta solicitude aos feiticeiros? Eu, xuíces, amosareivos o punto onde se atopan. Prendede os capuchinos, os xesuítas e todos os relixiosos, colocádeos na tortura e ollaredes como confesan que incorreron no crime da

bruxería. Se algúns negaren, reiterade o tormento tres ou catro veces, que, á fin, confesarán.” [30]

O padre Francisco Folch de Cardona, no estudo que fai sobre a tese feixoana, recollendo esta mesma, senta que a tortura é inútil para descubrir a verdade. Coñecen –engade– as dificultades moitos xuíces, contestando algún de singular voto no punto (Farinacio, *Pract. Crimin.* p. 3, 2. 81, n.306) que, cando os máis lle negaban na tortura o delito, con moleza e suavidade interrogados sacaba a verdade en limpo. Sen máis “poldro” ca o materno afecto, descubriu a verdade Salomón, significando querer dividir o inocente. Non sei se ten por outro camiño a mesma dificultade o xuramento dos reos. Só si teño entendido que para Italia, onde a súa práctica era inconclusa, no sentir de Julio Caro, xa ten o último concilio romano promulgada lei rexeitando o seu uso no foro criminal (*Concil. Lateran. c.2, Reprehensible, tit. 13, Sub Benedict. XIII*) [100].

Manuel Casás admira o padre Feixoo, recollendo a súa maxistral obra este aspecto. Lémbranos como a tortura para acadar a confesión de Savonarola é obxecto de estudo polo Mestre “como exemplo de discreción coa que procura sempre amosarse imparcial ao xuízo que lle merecen os casos sometidos á xustiza” [98], e engade que “o egrexio don Vicente de la Fuente, un dos máis autorizados críticos e comentaristas do padre Feixoo e mais da súa obra, se decata con razón de que, para calcular a xesta de Feixoo, ao escribir este paradoxo, se debe ter en conta que se publicou no ano 1734”.

Pola súa parte, Silva Melero [98] dinos que “non necesitaba Feixoo para impugnar a tortura en España apoiarse en ningunha autoridade, pola razón de que nas leis españolas non se atopa a tortura, nin no foro real, nin no foro vello, nin no ordenamento de Alcalá, e só nas *Partidas* aparece tomado do dereito romano, e é moi discutible que, ao ser dereito supletorio, a

aprobación real das *Partidas* acadase tamén o tormento, que, por outra banda, foi abolido por Pedro III nas Cortes de Zaragoza no 1283. Por outra parte –engade–, é un feito coñecido por notoriedade que as Cortes de Cádiz non fixeron máis que solemnizar unha abolición consumada, xa que a abolición do tormento non se debe ao movemento liberal do século XVIII”.

No libro de Henry Kamen, profesor das universidades de Edimburgo e Warwick [1], explícase como a Inquisición española empregou as torturas que eran de uso común noutros tribunais eclesiásticos e seculares. As tres principais eran as do garrote, a touca e o poldro. Referíndose aos primeiros tempos da Inquisición en Santiago, Juan Ramón Díaz [99] refire como “Comezando o ano 1566 volven funcionar as rodas dentadas das salas de tortura, no 1607, co gallo da construción de novos cárceres e salas de torturas –debido ao incesante aumento do número de presos–, os frades e os inquisidores estiveron a punto de chegar ás mans, ameazándose mutuamente con armarse de arcabuces, cen por cada bando, para unha campal batalla”.

Non cabe dúbida –di– de que as molestias que lles causaba aos monxes a presenza, moi próxima, dos inquisidores deberon ser moi grandes... Así pois, no 1729 estrea residencia o Santo Oficio e os frades deixan de escoitar os laiosos berros e os infernais ruídos que, provenientes das cadeas secretas, traspasaban as bóvedas dos subterráneos, a madeira amontoada nos alpendres, e os grosos muros para acompañalos nos seus rezos divinos. Como di a crónica daquel tempo “os xuíces apostólicos e as cadeas cristiás continuaron o seu tristeiro cometido no medio do arrepío das xentes”.

Sempre me impresiona, con dor, lembrar o suplicio de Sísifó. Empurrar a enorme pedra ata o cume dunha montaña, servíndose dos pés como punto de apoio. Chegado ao cume, unha forza prodixiosa impelía a pedra, facéndoa tombar rodando ata o terreo chan. O malfadado volvía coller e comezaba de novo a súa tarefa. Xa descrito por Homero, a administración penitenciaria británica, nos tempos da raíña Vitoria, impúñalles algo semellante aos presidiarios.

Fica atrás un mundo tristeiro, movéndose sempre na dor e no infrahumano, brutal, cruel. O home esquecéndose de si mesmo. A fera.

Parece doado lembrar que o 9 de decembro do ano 1975 as Nacións Unidas asinaban unha *Declaración contra a tortura e tratos inhumanos ou vergoñosos*.

No seu artigo 2, senta que “todo acto de tortura ou calquera outro trato ou pena cruel, inhumana ou abafante constitúe unha aldraxe á dignidade humana e será condenado como violación das propostas da *Carta das Nacións Unidas* e dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, proclamados na *Declaración dos dereitos humanos*”; e no artigo 12 engade que “ningunha declaración que se demostre que foi feita como resulta de tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou abafantes poderá ser invocada como proba contra a persoa afectada nin contra ningunha outra persoa en ningún procedemento”.

XI

A PENA DE MORTE

1

Na nosa convicción está que a pena de morte se debe abolir. Non obstante, Feixoo amósase partidario da pena de morte. Claro está que temos que xulgalo dentro do pensamento informante do século XVIII e sumamente influído neste aspecto pola doutrina de san Tomé. Quizais inflúa nel a idea, sequera trabucada, de que constitúe un ben dentro da posibilidade de salvación da alma, que, doutra maneira, non se lograría.

Non esquezamos que Feixoo entende que a morte, polo que é en si mesma, non se debe temer e que “a morte violenta, acelerada, que tanto arrepiá, é a menos dolorosa de todas. Estou por dicir –engade– que apenas se sente nela dor ningunha ou a dor só é instantánea, xa que a operación da causa que a induce ao momento

quita o coñecemento” [30]. Mais aquel aspecto, que se enunciou, da salvación da alma atópase presente, sentando que non só convén á república, senón que tamén convén, e aínda moito máis, aos mesmos delinquentes. “Comunmente dise que rarísimo é quen se condena dos que morren ás mans da xustiza. Todas as aparencias o proban e hai non sei cal revelación escrita que o confirma. Cal beneficio, pois, se fai en lle perdoar ao criminal, quen, morrendo na forza, de alí collerá o camiño para o purgatorio, para pasar despois ao ceo, e morrendo nalgún dos encontros aos que se arrisca na súa profesión, moito máis probablemente perdería a alma coa vida? Oh, cantos milleiros destes haberá no inferno, que estarán sen acougo botando noxentas maldicións contra os xuíces que, cunha inxustificada clemencia, ocasionaron a súa eterna perdición! Cantos, con desesperación e rabia, chorarán agora o que lles valeu, non digo eu os dolorosos asilos das que chaman igrexas frías, pero aínda as máis xustas inmunidades...” [16] Fai unha análise histórica en canto á aplicación da pena de morte. Ocúpase da existencia de

testemuñas perxuras e mais de escribáns infieis, para lembrar que “todas estas ilegalidades están comprendidas debaixo daquel xénero de delito que os xuriscultos chaman *crimen falsi*, o cal, de seu, é capital, como se pode ver no señor Matheu, *De re criminali*, controv. 38, onde, con varios textos das leis romanas e das nosas, proba que se impuxo a este culpa e se practicou regularmente nos tempos pasados o último suplicio, pero engade que despois, pouco a pouco, se foi moderando o rigor ata reduci-lo a pena arbitraria, atendendo á calidade do delito e das persoas: de xeito que non só se deixou a pena capital, senón aínda a de cortar a man ao escribán falsario” [34]. Tamén comenta como o citado autor aproba esta moderación e dá por razón desta que o fin das penas é curar a república e os delinquentes, e non cura ben quen corta o pé ou a man; conseguintemente, moito menos quen quita a vida: *Non recte moderetur, qui manum, vel pedem amputat*. Razón estremadamente feble; se hai algunha no mundo que o sexa e que procede sobre dun falso suposto [34].

Segue a comentar o padre Feixoo: “Que as leis na imposición das penas se propoñan por fin a curación (canto menos precautoria) da república é moi certo, pero que, do mesmo xeito, se propoñan sempre por fin a curación dos mesmos delinquentes é moi contrario á verdade, pois as que impoñen a pena capital non procuran a emenda do reo, senón botalo deste mundo, xa porque non infecte a outros coa persuasión ou co exemplo, xa porque o castigo deste serve a outros de arrepío e de escarmento. En canto ao primeiro destes dous motivos, dispoñen as leis na curación do corpo político, o que executa a medicina cirúrxica na curación do corpo natural, a cal, cando corta un membro gangrenado, non se propón a curación dese membro, senón impedir co seu afastamento que infecte os demais” [16].

O Mestre, no seu comentario a Matheu, é completo, abordando plenamente todos os aspectos da obra deste, con esa teima crítica dentro da concepción que aquel ten. “E quen non ve que se a razón do señor Matheu é boa, igualmente proba que ningún delito se

pode castigar coa pena capital. Porque se non cura ben o enfermo quen lle corta o pé ou a man, peor o cura quen o priva da vida. E continúa: “É, pois, constante que, aínda que as penas sexan leves, as leis non só atenden á indemnización da república, mais tamén á emenda do reo: no castigo dos delitos máis prexudiciais para a comunidade, só mira aos dous fins de afastar do corpo político un membro que pode infectalo, e coa severidade que exerce neste escarmentar á multitude en testa allea, inspirándolle xenreira do delito polo medo á pena” [16].

O padre Feixoo resume a súa postura: “Eu son de xenio tan compasivo como o que máis, pero cando se trata de delitos prexudiciais para a república, dirixo a compaixón principalmente aos moitos inocentes que padecen ou poden padecer o mal, e non ao reo que o ocasiona, aínda que tamén me doía a infelicidade deste, a miña razón confírmame a pena como necesaria. Convirei tamén que no caso da cuestión non se proceda á pena capital como se aplique tal castigo que chega para amedrentar a outros, e poñelos nun estado

que sexa maior neles o temor da pena que o degoiro do interese que pode resultarlles da falsidade” [16].

Feixoo, vangarda e guieiro en tantos aspectos, racha no que se relaciona coa pena de morte. Neste concretamente fica ancorado no seu século, e, sen dúbida, pesaba nel a idea da salvación do reo, porque é aspecto que non agacha, preocupándoo dende logo a conveniencia do reo, dende un punto de vista que ten explicación na mente dun relixioso, cando aquela constitúe unha posibilidade dentro da liberdade do home.

Non se oculta que resulta estraño o seu criterio en oposición ao do seu grande amigo, o padre Sarmiento, que se “anticipa ao italiano Beccaria ao proscibir a pena de morte”, segundo lembra Moure Mariño [101]. O padre frei Francisco Folch atópase tamén dentro dos partidarios da pena de morte. Nárranos [100] como no ano 1734 se publicou en Madrid unha pragmática sanción e lei na que Filipe V resolve que a calquera persoa que, tendo dezasete anos cumpridos, dentro da Corte e nas cinco leguas do seu rastro e distrito, lle fose probado que roubara na casa doutro, xa fose entrando nas

casas ou acometéndoo nas rúas, se lle debe impoñer a pena capital, e que comenta dicindo: “logo non faltará un xuíz ao seu ministerio condenando a pena capital por un furto tan só e simple. Parece boa consecuencia que calquera lóxico debe admitir”. O padre Folch di que é xustísima esa sanción. “Motiva o soberano a súa resolución xustísima por canto recoñecendo, con doente experiencia, a reiteración con que se cometen na Corte e camiños próximos a ela os delitos de furtos e violencias, coñecedor de que igual desenfreo pode motivarse pola benignidade coa que se practicou o disposto por algunhas leis do reino. O furto acompañado das circunstancias que a súa maxestade expresa, non só, como entende o Mestre citado –refírese ao padre Feixoo–, nin simple, con que se explican os xurisconsultos, sendo ao intento sinónimos os termos. Furto simple ou só distínguese do furto circunstanciado e cualificado. Mira o primeiro só o dano que ocasiona en catro ou máis reais, que usurpa, sen outra circunstancia agravante, ou que mude especie. O segundo atende ao furto, arroupado dunha ou moitas circuns-

tancias: a frecuencia dos furtos que se experimenta, a dignidade do lugar no que se comete o delito, a persoa a quen se ofende, o invadir, coa determinación de vulnerar ou quitar a vida, se resiste, e outras deste xeito. Da xerarquía segunda, non da primeira, son os delitos que a súa maxestade dispón que se paguen coa vida. A reiteración de semellante delito é moita circunstancia, a súa Corte e camiños inmediatos deben asegurar os bens temporais aos seus donos.”

Silva-Melero [98], despois de referir que Feixoo sobre a pena de morte respondía a conceptos de prevención xeral e que tiña a idea de que a morte, polo que é en si mesma, non se debe temer e que coidaba que as execucións non producían dor física, sinala que: “Quizais esta valoración ideolóxica no aspecto penal do padre Feixoo non se atope na liña do que el pensaba e sentía sobre tantos e tantos outros problemas como tratou de xeito maxistral, mais é conveniente poñer por diante a súa fidelidade ao tradicional que, polo demais, foi advertida reiteradamente na doutrina, xa que, como nos di Montero Díaz, o mellor e máis grande da súa

obra débello á tradición española. Sánchez Agesta, entre outros, destacou este matiz, con referencias ao pensamento político do chamado despotismo ilustrado, e é un francés, Delpy, quen dixo que lle debe moito Feixoo á lingua francesa, a gran dispensadora de ideas europeas, e non son raros na súa pluma os eloxios a Francia, sempre se sentiu hispánico”.

2

O Mestre non chegou a coñecer a obra de Beccaria. Coidamos que, de chegar a coñecela, sería moi doutro signo a súa actitude sobre a pena de morte. Foi Beccaria o home que se ergue abertamente en contra da pena de morte, impondo unha humanidade incuestionable.

O seu libro *Dos delitos e das penas* contén, entre outros, o capítulo 27, “Sobre a dozura das penas”, e, referíndose ao capítulo 28, “Da pena de morte”, di: “Esta inútil prodigalidade de suplicios, que endexa-mais conseguiu facer mellores os homes, obrigoume a examinar se é a morte verdadeiramente útil e xusta

nun goberno ben artellado. Cal dereito poden atribuírse estes para esfarelar os seus semellantes? Por certo, non o que resulta da soberanía e das leis. Son estas máis que unha suma de curtas porcións de liberdades de cada un que representan a vontade xeral como a xuntanza das particulares? Quen é aquel que quixo deixarlles aos outros homes a facultade de facelo morrer? Como pode dicirse que no máis curto sacrificio da liberdade de cada particular se atopa aquel da vida, o meirande entre todos os bens? E se se fixo así este sacrificio, como concorda tal principio co outro no que se afirma que o home non é dono de matarse? Deberían selo se é que se puido dar a outro ou á sociedade enteira esta potestade. Non é, pois, a pena de morte, dereito” [94].

A obra de Beccaria, como non podía ser doutra maneira, causa un transcendental impacto no século XVIII, poñéndose na vangarda do movemento oposto á pena de morte. Novas ideas, mutacións absolutas, que conmoven a humanidade. Xa está aberto o camiño. Lamentablemente non fallan opositores á teoría

de Beccaria, que se contén nese maxistral libro *Dos delitos e das penas*, que constitúe un estudo completo sobre estes aspectos, abordados na época na que aínda imperaba o tradicional coas súas tebras.

A influencia en España foi enorme. Del Val [94] dínos que a obra de Beccaria era coñecida antes de que vise a luz a tradución. No 1770, cítase no *De reorum*, de Alonso María Acevedo, avogado do Real Consello de Castela e académico da Historia. Jovellanos parece que coñecía o libro xa antes da súa aparición en castelán. Manuel de Roda, ministro de Carlos III, pí-delle ao consello que se poña ao estudo a formación dun código criminal, sendo comisionado Manuel de Lardizábal y Uribe, quen realiza o seu traballo en desacordo con el e as bases do seu sistema son distintas. En punto á pena capital –di aquel autor–, a posición de Beccaria é demasiado revolucionaria para que poida ser admitida por Lardizábal, sequera engada que non é este o primeiro en defender a pena de morte fronte a Beccaria, pois, no ano 1768, Miguel de la Iglesia Castro pronunciara en Boloña unha conferencia para

probar “que non é inxusto nin contrario á humanidade o impoñer a pena de morte aos reos de delitos moi atroces, como afirmara o autor da obra titulada *Dei delitti e delle pene*”.

3

Voltaire, no seu *Comentario sobre o libro Dos delitos e das penas* por un avogado de provincias, censura e arremete con toda enerxía en contra da pena de morte, no capítulo 10 “Da pena de morte”. “Obrigade os homes a traballar –di– e faredes que sexan honrados”. Se, en efecto, hai algún caso no cal a lei permita sentenciar a morte un acusado que non teña condenado ela mesma, atoparanse un milleiro de casos nos cales a humanidade, máis forte ca a lei mesma condenou a morte”. Víronse xuíces aos que non lles gustaba máis que facer derramar sangue, tal foi Jeffreys, en Inglaterra, tal foi en Francia un home alcumado Cortatestas. Semellantes homes non naceron para ser maxistrados, a natureza destinábaos a seren verdugos.” [102] Con violencia expón o capítulo 3, “Das penas contra

os herexes”. Fai referencia a Máximo, emperador de España e da Galia, no século IV, que foi derrotado por Teodosio e despois asasinado aos pés do seu vencedor. A Máximo os bispos españois Idacio e Itacus ou Itacio pedíronlle a testa do galego Prisciliano e de todos os seus discípulos, e obtiveron que se lles dese tormento a estes atopándose eles presentes.

En relación con isto podemos citar a Montesquieu (*De l'esprit des lois*, lib. XII, cap. 4), que menciona Del Val: “O mal chegou da idea de que é preciso vingar a divindade. Mais é preciso facerlle honra á divindade e non vingala xamais” [94].

Canta satisfacción nos produce ler todo o que se refire a aqueles que lanzaron a bandeira contra a pena de morte no século no que constituía unha verdadeira revolución nos sentimentos e na vida! Unha idade na que os homes vivían na escuridade, na tristura infinda das árbores cando na noite non hai nin lúa nin estrelas.

4

Non á pena de morte. Emoción fonda prodúcenos o relembrao que o a Xunta Xeral do Colexio de Avogados de Lugo, na sesión do 25 de xaneiro do ano 1970, adopta o acordo propoñendo que se leve a efecto o procedente estudo para a abolición da pena de morte [103]. O primeiro colexio de avogados e a primeira corporación que se ergue, con bandeira ao vento, en tal sentido.

Con agarimo, lembramos a exposición que contén. Non se trata de lembrar as teorías sobre a pena de morte, nin das que sosteñen a procedencia da súa aplicación, nin das que, pola contra, pregoan a necesidade da súa abolición. Sinxelamente, trátase de situarnos no século, na época na que vivimos cos seus clamores cheos de resonancias e de ecos.

Inqueda e preocupa que España se atope entre os países que en Europa aínda conservan a pena de morte, con Francia, URSS, Polonia, Alemaña do Leste, Romanía, Iugoslavia, Checoslovaquia, Hungría, Bul-

garia, Albania. Inglaterra iniciou nos seus órganos legislativos o procedemento tendente á abolición da pena de morte, que aprobou o Parlamento despois da suspensión na que se atopaba como ensaio.

Está por demais claro que a pena de morte non evita o crime. Poden verse en tal sentido os estudos feitos por diversos países e a experiencia obtida coa abolición. Con esta, polo de pronto, non aumenta o crime. Non é a morte o único freo das volicións criminais.

Lembra o ditado dos mandamentos da lei de Deus: “Non matarás”. Se o tribunal –di– se atopa convencido, como ten que estalo á luz da experiencia, de que non remedia o delito coa condena a morte, debe relevárselle de tal imperativo ferinte na súa dignidade e conciencia. Tampouco se lle pode obrigar a condenar ao que lle é descoñecido, ignorado, dentro do misterio mesmo da vida.

Como dixeron egrexios comentaristas, a sociedade, ao soste a pena de morte, amosa a súa impotencia para impoñer o illamento e tratamento dos individuos e que pretende superar esa aparente incapacidade apli-

cando só aquela; pero é indubidable que, ao crelo así, se forxa unha crenza trabucada e infundada sobre as posibilidades infindas que ten á man, e que son as que ten que ponderar por medio das solucións axeitadas.

Moitas veces –engade– a sociedade é a culpable. Esta, que non puido evitar nin prever o crime, erra gravemente, vai contra os imperativos do dereito natural se condena a morte.

Cónstanos que o Colexio de Avogados de Lugo está orgulloso de ser o primeiro que ergue a súa voz contra a pena de morte. Temos na nosa memoria aquel ano, no que o seu acordo naquel sentido causa un enorme impacto na nosa sociedade e nas nosas xentes. Lamentablemente recibíronse comunicacións de reproche, de censura e de protesta. Todo isto é moi triste, ferinte aos nosos sentimentos; pero a vida e o mundo son dese xeito. Non fallaron dende logo palabras ledas e agarimosas, que se conservan gravadas no corazón, porque é este o que exterioriza, a través da palabra, os máis fondos sentimentos. Dá moita pena lembrar os reproches, as censuras e as protestas. Pero o cum-

primento do que vén imposto na conciencia, do que constitúe imperativo no ánimo, ten a súa satisfacción. E a nosa está aí, nesa executoria, nesa exposición, na humanitaria concepción da vida e da morte.

Ninguén pode concibir a ledicia que nos produce ler que o noso irmán Portugal é o primeiro país do mundo que dispuxo a abolición da pena de morte, estando consagrado así na súa Constitución.

O noso ánimo contrario á pena de morte non pode ofrecer dúbida ningunha, sen poder agachar canto doe o pensamento do padre Feixoo sobre este tema. Non podemos crer que tivese en conta outras bases ou fundamentos distintos da salvación da alma, aspecto relixioso transcendente que non deixa de ter un valor na orde axiolóxica, sequera esqueza a liberdade do home que constitúe o fundamental da concepción sobre este mesmo.

É de xustiza traer a este plano o noso querido presidente e decano, Manuel Iglesias Corral, que sostén [104] o non á pena de morte, o dereito a morrer a propia morte; ao mesmo tempo lembramos o que di na

súa conferencia sobre este mesmo tema: [105] “Que non se mate a Caín, pero que se conserve aos ollos dos homes como signo de reprobación. Tal é o que expresa o *Antigo Testamento*”.

O agarimo, o amor, a humanidade, presentes no corazón. Non á pena de morte. Chegaría para desterrala pensar no sufrimento inmenso de Cristo, Deus e Home. Ten o ceo e a gloria eterna, pero sufriu como home, dolorosamente.

Aos que propugnan que debe manterse a pena de morte, habería que lembrarilles isto, o sufrimento de Xesús. Con isto pensa nos demais, mortais. Atópase diante de nós isto mesmo, quen ten segura a gloria eterna, sofre infindamente e quen non a ten... axigántase a dor mesma. Brutal, impropio do humano. Xesús, na horta de Getsemaní [106], díxolles: “Anegada en tristura mortal está a miña alma”. Adiantouse un pouco e agachou a súa fronte ao chan e oraba dicindo: “Meu Pai, se é posible, afasta de min este cáliz; pero non se faga como eu quero senón como queres ti”. Máis adiante, di: “O espírito, certamente, é valente,

mais a carne é feble”. De novo, por segunda vez, orou dicindo: “Meu Pai, se non podes afastar de min este cáliz sen que eu o beba, fágase a túa vontade”. E foise para orar por terceira vez, repetindo de novo a mesma pregaría [107].

Velaí presentes as verbas de Cristo, condenado a morte, no deicidio. Crueldade, sufrimento infindo en Deus e no home.

E nos demais...

Non se pode, sen dúbida, expresar a dor, porque excede toda concepción. Se, aínda dese xeito, se pensa na procedencia da pena de morte, axigántase o valor negativo. A nosa conciencia fica tranquila.

XII

PENA DE MULTA

Feixoo censura a imposición da pena de multa, que tanta preocupación suscita na orde punitiva, canto tamén no procedemento sancionador. A multa afecta os bens da familia. Non responde ao principio científico e humano, ao non ser pena máis que para o pobre, endexamais para o rico.

“Decateime [16] de que o gravame da multa non só pesa sobre o reo, senón tamén igualmente, e aínda máis, sobre algúns inocentes. Peca un pai de familia de poucos medios e impónselle unha multa de cen ducados. A perda desa cantidade non só a padece quen cometeu o delito, senón tamén a súa muller e os seus fillos; e estes adoitan padecela máis porque como cada un se ama máis a si mesmo ca ás súas íntimas adherencias e o delincente, como dono da causa, dispón ao

seu arbitrio dos bens desta, adoita librar-se a si mesmo das comenencias que antes aforraba en comida, roupa e diversións, e carga a diimnución que corresponde ao diñeiro extraído sobre dos seus domésticos. O seu gasto é o mesmo; por conta da muller e dos fillos soamente fica o aforro ou polo menos a maior parte. Non estrañes que non mire con bos ollos un xeito de castigo no cal, polo común, padece máis o inocente ca o culpado.”

Non obstante, parécelle xusta nalgún caso. “Cando [16] os delincuentes, por causas familiares, só gozan os seus bens nas súas propias persoas, ningunha me parece máis racional que a multa pecuniaria, no caso de que non pida pena máis forte ca a gravidade da culpa. O primeiro, porque como castigo incruento, é máis tolerable ca a compaixón, así dos que decretan, como dos que a miran. O segundo, porque é quitarlle armas ao vicio despojar dos seus diñeiros a un home mal inclinado. O terceiro, porque, se se utilizan os fondos a favor do público, logra o pobo dúas utilidades, conseguindo no castigo sobre a recta administración

da xustiza algo de temporal comenencia”. Xamais podería admitirse que a pena de multa fose substituída por cadea no caso de insolvencia ou non pago, porque non fai falla facer esforzo ningún para evidenciar que resulta contrario a elementais principios de xustiza. O rico, por selo, non sofre privación de liberdades; o pobre, por selo, ten que cargar con esta situación. Para o rico non é pena.

Isto é irritante e atenta contra os ditados que impoñen a moral e a xustiza. Como dixo Iglesias Corral, en expresión que o explica todo: “A condena do pobre por ser pobre” [104].

É inxusto que nos tempos actuais se sigan a impoñer penas atentatorias contra a liberdade do home. A prisión ou arresto substitutivo na pena ou sanción de multa, en canto ao pobre, constitúe algo que aldraxa a idea fundamental da razón e o sentido vivo da xustiza.

XIII

O PERDÓN DO PRÍNCIPE

Tamén o padre Feixoo se refire á mercé ou minoración da pena, ocupándose da graza aplicada polo príncipe. “Os príncipes teñen máis arbitrio nestas cousas ca os seus ministros, non porque poidan perdoar polo seu antollo, pois tamén son debedores a Deus e á república, senón porque os intereses comúns son máis propios da súa consideración ca da dos xuíces particulares. Respecto do soberano, ten poder para conciliar o perdón ou minorar a pena, non só polos servizos persoais do reo, senón tamén os dos seus íntimos achegados: os pais, a dona, os irmáns, os fillos. Así o teñen feito sempre os príncipes loables. E é unha gran política avisar con estes exemplos os ánimos xenerosos, que non só poden merecer para si, senón tamén para os seus. É moito o emolumento que saca a república

deste incentivo. Outros moitos motivos de utilidade pública poden ter os príncipes para perdoar os delinquentes, e non é doado enumeralos todos.” [16] A contribución do Mestre é clarividente, achegando sempre a idea xusta.

Cando lemos que Beccaria, Kant e outros son inimigos da graza, conmove fundamente. O degoiro axigántase ao lembrar que a nosa admirada Concepción Arenal ten o mesmo pensamento.

O home, na vida, ten un fin transcendental. A historia non é máis ca una loanza ao home, un canto, tal e como é, coas súas grandezas e miserias. É o home.

E, xa que logo, imponse sempre un fondo latexar humano, sobre quen pode salvarse ou condenarse no misterioso destino da vida e da morte. Está Deus.

O home non pode impoñerlle ao home unha condena porque sería como condenarse a si mesmo. *Summum ius, summa iniuria.*

A graza, en calquera caso, non é máis ca a liberdade mesma. Pola outra banda, o mal causado é irreparable. A súa solución non se atopa na privanza da liberdade.

Quizais o indulto ou remisión da pena non é máis ca a expresión da conciencia da mesma sociedade, moitas veces a única culpable por non evitar o delito ou a infracción.

Téñase presente que, no nome da lei, se xulga e se condena. Non no nome de Deus.

As actividades políticas contra o príncipe, cun sentido moral transcendente; a liberdade en canto á concepción da mente e da súa proxección por un mundo de aspiracións consideradas mellores. Motivacións económicas, sociais e políticas, imponéndose sempre, cunha viva forza biolóxica.

A loita digna do home, pola súa liberdade, entendida deste xeito como un himno constante á vida. A amnistía, o indulto aos que se refiren os códigos universais, que o noso dereito histórico recolle xa no *Fuero Juzgo*.

XIV

FISIONOMÍA

O padre Feixoo é un sutil observador e isto fai que recolla na súa obra todo canto estima relacionado coa fisionomía. Dinos [17] que esta “significa unha arte que ensina a coñecer polos aliñamentos externos e a cor do corpo as disposicións internas que serven ás operacións da alma”. Lembra a Aristóteles, referíndose a esta materia, como tamén fala de Juan Bautista Porta, autor dun groso volume de fisionomía. Menciona tamén como san Gregorio Nacienceno, ao ver en Atenas a Juliano o Apóstata e ao considerar a súa faciana e o seu corpo, exclamou: “Oh! Canto mal se cría neste mozo para o Imperio Romano!”.

Ocúpase amplamente do que el chama a arte fisionómica. Son interesantes as súas citas: “O abade Panormitano: *Rarenter in corpore deforme nobilis, formos-*

susque animus residet. O médico Rasis: *Cujus facies deformis, vix potest habere bonos mores*”. Do mesmo ditame son Tiraquelo e outros xurisconsultos, entre os que o célebre Xacobe Menochio chegou ao extremo de dicir que é imposible que un home feo sexa bo. *“Fieri non potest, ut qui omnino deformis est bonus sit.”* [18]

En relación co tema, Feixoo dedica o discurso segundo do tomo V do seu *Teatro crítico*, “Physionomia”, insistindo tamén no discurso terceiro “Nova arte physionomica”, e é moi interesante o contido dos números 16, 29 e 20 do tomo IX en correccións e adicións ao tomo V.

Ao rematar o capítulo hai unas táboas sumamente curiosas, froito do sentido crítico e observador do que fai fachenda o Mestre. Lidos os seus ensaios sobre a materia, podería ter parangón con Cesare Lombroso, quen ao pé do século e medio despois presenta a súa teoría no 1871.

Ten todo isto moito interese en relación coa criminoloxía, ofertando un campo amplo en perspectivas

para o estudoso en canto a este interesante aspecto que constitúe unha inqueda constante.

Ao tratar sobre del é forzoso lembrar que Manuel Casás Fernández [19] se ocupa disto e di: “ben sería saber que as súas observacións sobre a variedade de temperamentos e da súa influencia nos actos humanos e particularmente nos que nos ofrecen meirande calidade aparecen na antropoloxía moderna. E esta consideración reflíctese no seu discurso sobre a fisionomía. É realmente curioso como o seu maxisterio aparece no noso tempo en famosos antropólogos e criminalistas; pódese sinalar Tebaldi en *Fisionomía e espressione studicate nella loro nell’arte*, e nos autores citados por Ferri no seu estudo ilustrado sobre a fisionomía homicida [20].

E engade: “E resumindo: polo dito, como non estimar o acerto de Feixoo, ao igual ca os outros filósofos da antigüidade e de tempos posteriores, ao darlle á natureza unha notoria influencia nos actos humanos sen que isto lle reste ren á firmeza da súa fe? E cal é o significado dos principios fundamentais da crimi-

noloxía moderna máis que a súa influencia no estudo dos delincentes de todos estes factores proclamados polo padre Feixoo, coincidentes coas ensinanzas da devandita ciencia?”

Á vista do contido dos ensaios do padre Mestre, temos que convir na cautela e prevención coas que el obra neste aspecto coma en todos. A súa experiencia, o seu espírito crítico, están sempre na primeira liña.

Non se poden soamente recoller aspectos parciais da súa exposición, como fai Gregorio Marañón na súa coñecida obra [21] sobre o padre Feixoo, “a fermosura do corpo inflúe na bondade dos espíritos e hai xentes que son malas, sinxelamente porque son feas”, transcribindo a frase que se contén no *Teatro crítico*, tomo II, disc. XXXI, nota V, “a deformidade é nelas –nas persoas– causa remota da malicia”. Xa que no estudo feixoano fundamentalmente resulta sempre a cautela e a previsión. “Algúns homes [17] foron do sentir de que a fermosura e a fealdade amosan o ánimo, como, pola contra, un corpo disforme infire unha alma mal acondicionada”, engadindo que “se se fala de fermo-

sura e fealdade que consiste na proporción ou desproporción das faccións, a cor da faciana etc., digo que esta non ten conexión ningunha natural coas calidades do ánimo” e sitúa a súa doutrina no verdadeiro e propio sentir ao dicir: “Mais, por accidente, pode influír algo; en efecto, inflúe, a deformidade do corpo na do ánimo. Hai algúns homes que son ruíns porque son deformes, e é neles a deformidade a causa remota ocasional da ruindade”.

Esta expresión é a que tivo en conta Marañón ao prescindir totalmente do contido global dos discursos do Mestre, como isto mesmo influíu noutros comentaristas da grande obra de Feixoo, extraordinaria sempre, e viva. Realmente, non podía facer outra cousa quen sobre da alma e do corpo sentou a teoría que deixamos analizada con anterioridade.

Pode haber nun corpo cheo de fealdade física, a expresión viva da insuperable beleza espiritual. Non obstante, cáusanos fonda impresión cando lemos que o catedrático da Universidade de Valencia, don Rafael Báguena Candela dixo que o “código xenético está a

poñer de relevo a necesidade de modificar o Código Penal”.

Impresiónanos fondamente, cando lemos a Rof Carballo, ao comentar a obra de Szondi, autor do libro *Cain, a forma do ruín*, ao dicir “se Lavater descifrabá o enigma da psicoloxía humana pola análise das faccións, Szondi emprega o método inverso: presenta unha colección de retratos ao suxeito da experiencia e segundo os que este considera antipáticos ou simpáticos obtén a forma dos seus radicais instintos primordiais. Un día un psiquiatra de Israel mándalle un protocolo dun dos seus enfermos, sen engadir ningunha historia clínica, Szondi contesta: Trátase dun criminal cunha insaciable teima asasina”. Ao cabo dun ano, infórmase de que, en efecto, o así diagnosticado, aínda que non matara a ninguén directamente, mandou á morte, coa súa estilográfica, a millóns de homes. Chamábase Adolf Eichman” [22].

Todo isto deixa unha lembranza moi aceda, cruel, na mente e no corazón. É arrepiante pensar no designio trágico dalgúns homes. A teoría fica aí, presente, e

suscita unha dor inmensa, terrible, que esmagamos no puño da sensación profunda, contra a mesma vida.

XV

MEDICINA LEGAL

O padre Feixoo era un médico extraordinario, con coñecementos moi completos e fóra do común para aquel tempo. Ren ficaba descoñecido para el.

A súa obra échese de referencias á medicina. Arredor dos seus coñecementos médicos publicáronse moi bos traballos, que abordan totalmente a vasta obra do padre Mestre, dos que son autores Gregorio Marañón [21], Amalio Talenti [23] e E. Junceda Avello [24], en tempo recente, aos que se deben engadir outros e, den- de logo, os que son citados nos seus libros.

Son de sinalar os seus ensaios: *Señales de la muerte actual* [25], *Contra el abuso de acelerar más de lo que conviene los entierros* [27], e *Descubrimiento de un nuevo remedio para el recobro de los que, aún estando vivos o en los casos en que se pueda dudar*

si lo están, tienen todas las apariencias de muertos [28]. Primeiramente fai un estudo dentro da historia da medicina legal, lembrando o doutor médico romano Paulo Zaquíás no seu libro V das súas *Questiones Medicolegales*, tit. II, quaest. XII; refírese tamén a Gaspar de los Reyes, quen se ocupa do tema cunha grande atención no seu *Campo Elysio*, quaest. LXXIX, onde refire innumerables casos de suxeitos que se consideraron defuntos e despois viuse que non o estaban, tamén se ocupa do libro aparecido en París e titulado *Disertación sobre a incerteza dos sinais da morte e o abuso dos enterros precipitados*, escrito por Xacobe Benigno Vinslow, doutor rexente da facultade de Medicina de París, da Academia Real de Ciencias, médico doutísimo e un dos maiores ou quizais o absolutamente meirande anatomista que hoxe ten Europa –dinos Feixoo [27].

Lembra os casos acontecidos: en Palencia, onde botaron na fosa a un enfermo e o cubriron de terra, por xulgalo morto. Aquel cabaleiro sufría un continuo pervixilio, ocasionado das vivas dores que lle causaba

o accidente de pedra do que adoeecía, polo que os médicos lle recomendaron unha poción con cinco gramos de láudano. Tomouna ás seis da tarde e, ao pouco tempo, sobreulle unha suspensión soporosa que lle foi aumentando ata deixalo sen coñecemento e sen movemento, de xeito que, logo de o recoñecerem os médicos, ao redor das nove da noite o declararon defunto. O outro caso acontecido nunha aldea de Galicia, sobre o enterramento dun accidentado non morto. O que aconteceu na vila de Avilés, na que levaban a enterrar no convento de San Francisco a un veciño dado por morto e que, ao pasar o féretro por debaixo da canle que vertía as augas da choiva, de repente restituíulle o dominio de todas as súas potencias. O que presenciou o padre Feixoo que tamén era médico, respecto dun home sesaxenario do que se creu que exhalara o seu derradeiro alento e que non só se preparaba xa o necesario para os funerais, senón que tamén se tratou de abrir o corpo, xa que os seus fillos o solicitaban, mentres que os dous curas que estaban aló rifaban sobre a cal deles dous lle tocaba o enterro [27].

O Mestre fai varias advertencias para ter en conta, entre outras: esternutatorios máis fortes, fregas con estrugas bravas, fondas escarificacións e, sobre todo, violentas queimaduras nas plantas dos pés; que dúas ou tres persoas atendan con maior coidado se na faciana, brazos, mans, pés ou noutra parte calquera do corpo aparece un movemento por feble que sexa; que, ao notar calquera movemento, xesto ou ademán se procure animar a persoa cun pouco de viño xeneroso, e aínda pensa que sería mellor augardente ou outro licor dos máis espirituosos; que o enfermo se manteña no leito, arroupado como estaba antes e que, de ningún xeito, se expoña a un ambiente frío que podería rematar o pouco valor que quizais lle resta; que no tempo frío se suspenda o enterro por corenta e oito ou cincuenta horas, salvo no tempo de peste, pois non é razón, pola vida incerta dun, expoñer a de moitos, mais, aínda no tempo de peste, debe velar o maxistrado para que non se precipiten os enterros como na meirande parte dos casos, entende, acontece [27]. Tamén se ocupa dun novo remedio, un descubrimento, para salvar os que,

aínda que estean vivos ou nos casos nos que se poda dudar se o están, teñan a aparencia de mortos [28]. Trata tamén dos afogados “que son merecentes de atencións particulares, porque son moitos, e estou en xuízo de que se pode salvar unha gran parte deles” [27]. A súa observación é sempre certa. Os seus coñecementos médicos eran tan extraordinarios que as xentes acudían ao padre Feixoo para escoitar a súa douta voz. O seu saber era tan completo, que incluso acadaba a antroploxía, anatomía, fisioloxía, xinecoloxía etc. Como nos di Amalio Talenti: “Posúe o sabio monxe uns coñecementos fisiolóxicos que non desmerecían dos propios dos médicos do seu tempo e exponos sempre en estrita relación co feito clínico correspondente; dá continuamente probas de que leu os textos e estudou os cadros clínicos coa suficiente atención como para poder polemizar cos profesionais da medicina, e é notable o seu enfoque, moi actual sobre as enfermidades infecciosas; as reflexións de Feixoo sobre o coidado da saúde, traducidas en normas hixiénicas precisas, son do máis digno de gabanza da súa obra” [23].

XVI

MENORES. ARBITRIO XUDICIAL

Esta cuestión veu preocupar sempre a senlleiros penalistas e tamén é recollida e tratada polo padre Feixoo. Non podía ser doutro xeito. Ren era descoñecido para el, presente na vida e recollendo todas as manifestacións desta no medio social coas súas repercusións. Era, dende logo, un pedagogo, como di Concepción S. Amor que fixo un estudo completo e fala da significación daquel na súa época e a súa influencia na posteridade [29].

Un apóstolo de dedicación constante a todo. Amor, apostolado. Lémbraos como as leis estatúen que os delincentes menores de vinte e cinco anos non sexan castigados coa pena ordinaria, mais si con outra pena máis mol ao arbitrio do xuíz [30]. Fai consideracións para afirmar “que nesta materia non se debe seguir a

letra da lei común, senón que se remitirá ao arbitrio dos xuíces, os que, despois de considerar a idade, a capacidade do delincente, a gravidade e circunstancias do delito e, moito máis ca todo, o número de veces que pecou, poderán determinar a pena que lle corresponda segundo a boa razón. Ben sei –di– que algúns xuíces, aínda que poucos, o fan así” [31].

É el mesmo que trata tamén da pena indeterminada [30] constituíndo unha viva contribución a este aspecto doutrinal que tanto vén preocupar os penalistas. Adiántase en séculos ao sistema tutelar de menores, coas súas peculiaridades, como corresponde ao axuízamento e castigo.

Non obstante, anotamos con dor a súa crítica de “que a idade cativa é a máis favorecida dos xuíces, nas causas criminais, do que debese ser” [30].

XVII

DEREITO PROCESUAL

1

O estudo que o Mestre fai atópase vixente en moitos dos seus aspectos. Téñase presente que data do século XVIII, polo que é admirable o axuízamento e a ponderación ao sentar as regras que deben informar o procedemento.

O dereito procesual ficaba disperso nunha chea de normas e regras contraditorias e con lagoas que permitiron corruptelas e vicios no procedemento, e non chegou a evitalos o *Código das sete partidas* do rei Sabio e os corpos lexislativos posteriores. Cando o padre Feixoo dedica unha boa parte da súa inmensa obra a sentar o aliñamento das normas de procedemento, débese, sen dúbida, á alarmante situación que viña observando, non esquecéndolle ren merecente

da súa censura e reproche. O aliñamento que o padre Feixoo senta na súa obra non é unha fría exposición, senón que, como en todo o seu, o razoa e o fundamenta, e explica as conveniencias do sistema que propón e as súas motivacións. Ten a grandeza do procesualista extraordinario, coñecedor pleno do que deben conter as normas de axuizar.

Sobre do dereito procesual en España, antes e no tempo de Feixoo podemos citar a Prieto Castro (156), quen despois de expoñer datos e antecedentes, contendo principios opostos, di: “Os usos ruíns e vicios procesuais multiplicábanse fomentados por esta variedade anárquica, producindo unha xustiza que máis ben era unha negación dela, aldraxada xa dende antigo na literatura por difícil, lentísima e custosa, amparadora de vicios curialescos e de toda sorte de chicanas.

O rei don Filipe II verificou un intento reformador na súa *Nova recopilación* (1567), mais non tivo éxito, por ser unha obra insuficiente, chea de lagoas e de antinomias, que esixiu constantemente de complementos e de autos acordados aclaratorios que teimaban en

lles dar aos litigantes unha mínima seguridade”. Macanaz ergueu a voz (6) e propúxolle ao consello que debía xuntar as leis nun só código e fixar o tempo para o curso de axuizamento: un bo código e un tempo fixo para a instrución e as sentenzas.

As normas que senta o padre Mestre teñen perfecta actualidade. Ramón F. y Fernández Mosquera (157) di que “se sitúan na liña dunha insospitada modernidade” e “que as asinaría calquera xurista contemporáneo”.

Imos velo na exposición que segue. Pero interesa deixar sentado que combate abertamente os escolásticos, referindo como fundamental o principio de que ninguén debe ser condenado sen ser escoitado, informante do dereito universal. “A máxima de que ninguén pode condenar sen ser escoitado é xeneralísima. Mais os escolásticos dos que falo non só fulminan a sentenza sen escoitar o reo, senón que, aínda máis, sen ter noticia ningunha do corpo do delito. Nin escoitaron testemuñas, nin ollaron os autos, nin sequera admiten que alguén defenda os que en rebeldía tratan

como delinquentes, porque logo na sentenza envolven o avogado como reo. Pode haber máis violenta e tiránica transgresión de todo o que é xustiza e equidade?”

2

Brevidade do procedemento. Recolle canto se postula na actualidade polos procesualistas. “Con arrepío vexo os danos que causan estas dilacións, das cales, polos gastos que ocasionan, adoita seguirse o ficar ambos colitigantes amolados, o vencido vencido, e o vencedor perdido.” “En todas as obrigacións nas que non se sinala día, debemos o día presente. Todas as resolucións dos tribunais son comprendidas baixo esta regra, en tendo a instrución necesaria para proferilas, nin sequera un día podemos en conciencia detelas e a instrución mesma débese acelerar coa maior brevidade posible.”

Pero prevén as situacións que deben excluírse en ben da administración de xustiza. “Hai dous rompentes que se deben rexeitar: o un, que por darlles unha excesiva brevidade ás causas non sexan ben examinadas;

o outro, que, por proceder con moita lentitude nelas, se sigan outros inconvenientes, que son moitos e moi graves.” (34)

Trata tamén dos excesivos gastos e “do moito que perde o público pola detención dos litigantes nos lugares onde se atopan as audiencias. Deixa o labrego o cultivo da súa terra; o artesán o traballo do seu oficio; o mercador o manexo da tenda; aquel unha viaxe precisa; o outro a asistencia á dona enferma, e todos o coidado da súa casa. Todo isto xunto fai un cumio de danos moi lamentable”. Outro inconveniente son “os moitos individuos que fai inútiles para a república o destino aos oficios do manexo de preitos, avogados, procuradores, escribáns, axentes e outros. Todos eles –di– terían moito menos que facer se os xuízos fosen máis compendiosos e breves; e, tendo menos que facer, necesariamente haberíanse de reducir a menor número porque, dividida entre moitos a ocupación para a que chegan poucos, proporcionalmente acadaría cada un moito máis curto emolumento, e tan curto que, non chegando para a súa subsistencia, sería forzoso que

unha meirande parte procurase a mesma noutro ministerio”. “España perde nos seus tribunais máis de cen milleiros de homes” (34).

A axilización, a celeridade, constante no seu criterio... “o moito que se pretende necesario para aclarar a verdade, con frecuencia serve para escurecela. Vese un preito. Alegan os avogados, presentándolles aos xuíces as razóns que hai por unha e por outra parte. E que sucede moitas veces? Deixar o negocio nese estado e non pronunciar sentenza ata moito tempo despois” (34).

Feixoo sente tal inqueda pola celeridade que chega a dicir: “Mais para acadar o importante fin de abreviar os preitos pretendo que a severidade dos xuíces se cinga ás testemuñas falsas e aos escribáns infieis. Convén que se estenda tamén a todos os demais que, dalgún xeito, poden contribuír a escurecer as causas, a multiplicar inxustamente os litixios, a alongalos maliciosamente; isto é, aos avogados, procuradores, receptores e aínda ás mesmas partes. Por que non vai ter un castigo o avogado que no seu alegato altera o feito

ou cita un texto que non hai? O mesmo cando se fai polo procurador da parte. Por que non vai ter tamén o seu o receptor que gasta vinte días na comisión que puidese absolver en seis ou oito?” (34)

E dirixíndose ao xuíz: “Atopámonos coa obriga de lles dar o máis breve expediente que poidamos ás causas. A quen despachamos con toda prontitude posible non lle facemos graza; a quen non, facémoslle inxustiza” (16).

3

Práctica da proba. O padre Feixoo fíxase de xeito especial na das testemuñas, comentando “a regra común dos tribunais de xustiza, onde dous ou tres fan plena probanza, xa porque estes depoñen baixo xuramento..., xa porque aquela regra se estableceu, non porque non se xulgase exposta a moitos erros, senón porque semellaba o expediente máis cómodo para o remate das causas e para non deixar a sentenza pendente do mero arbitrio dos xuíces”. “Así sucede –engade– non poucas veces que os xuíces senten no foro interno que

a información feita, non só por dúas ou tres, senón aínda por oito ou dez testemuñas é falsa; con todo fan a sentenza a imaxe dela. E moitas veces sucede que cren no que depón unha soa testemuña, sen que isto, para sentenciar no foro externo, teña forza ningunha... cando as testemuñas son moitas tense que usar da regra matemática xa expresada, facendo colección da calidade e número delas e sopesándoo todo. Pode existir que dúas testemuñas non vallan por unha mediana, e pode existir que dúas vallan por seis. Se na calidade non hai diferenza, é claro que a súa autoridade medra en proporción a que o número medra tamén.” (158)

O padre Feixoo vén recoller a vella máxima do dereito procesual –*testis unus, testis nullus*– e que a proba testemuñal non se conta, senón que se pesa. É materia sobre a cal se escribiu moitísimo, e non cabe máis solución nin regra que a de que sexa ponderada polo xuíz conforme ás normas da crítica da liberdade intelectual.

XVIII

PROCESO PENAL

O proceso. Feixoo dedícalle singular atención a esta especie de proceso, como corresponde, porque realmente se relaciona coa liberdade fundamental do home e a súa honra.

Preocúpalle maiormente que se poida condenar ao inocente e débese impoñer o máximo coidado para evitalo, sen prexuízo da axilización ou brevidade necesaria en todo proceso. “Xa se ve que se debe proceder con moito tento nas causas criminais por non incidir no grandísimo inconveniente de que sexan castigados como reos os inocentes, mais non é proceder con tento estar sen facer ren e ter esquecidos os que se atopan na cadea como se estivesen nun sepulcro.” [16]

Trata reiteradamente da necesidade do rápido castigo e do prexuízo da demora, así como da necesidade de practicar a proba de testemuñas o máis axiña posible e

di que non ten sentido que se tarde máis de dous anos cando chegan dous meses se se reciben probas próximas [32]. “A dilación das causas criminais é motivo de indemnidade dos delincuentes. Porque canto máis se detén o proceso, tanto máis tempo se lles dá para crebar a cadea e fuxir da prisión.” [16]

Isto inqueda moito o Mestre, que engade: “E o peor é que, como o caso de rachamento da cadea ocorre moitas veces, este medo preocupa anticipadamente os ánimos, de xeito que poucos hai que se atrevan a depoñer como testemuñas, contra delincuentes industriais e ousados, aínda cando se atopan sepultados nunha cela, de temor de que, ao fuxir algún día, tomen vinganza da deposición” [16].

A posibilidade de fuga constitúe unha inquedanza do padre Feixoo que lle atribúe “especialmente á fastidiosísima preguiza dos procesos. Os rachamentos e fugas das cadeas repítense porque se lles dá aos delincuentes tempo para discorreren o como e o porqué; nun longo espazo de tempo é natural que se lles presente algunha ocasión favorable. Os xuíces descúlpanse, xa

con termos legais, en que non poden dispensar, xa imputándolles as demoras aos avogados, procuradores e escribáns” [33].

Insiste sempre na brevidade, na evitación da demora, sequera leve aparelada “moito tento” para impedir que o inocente sexa castigado, aínda que sostén tamén que “por demora quedan sen castigo moitos delitos ou o castigo é moi inferior á culpa”. “Acabado de cometer un crime de especial fealdade, os xuíces alporízanse, o público ofendido berra, a parte ofendida conmove o ceo e a terra. Mais todo este ardor vai amornecendo cando se vai dilatando... Os xuíces atenden máis os textos que promoven a clemencia ca os que persuaden a xustiza.” [34] “Acabado de cometer un delito, todos os ánimos se atopan alporizados co arrepió do insulto. Aínda os máis indulxentes claman pola pena. O fiscal esmuxica os celosos ardores do seu oficio. Os xuíces non respiran máis que severidade. Toda esta fogaxe se vai mitigando co tempo pouco a pouco. Así como se vai afastando da ollada o delito e ficando atrás na serie do tempo, así vai facendo menos impresión no ánimo;

xa se atopan desculpas ao feito máis arrepiante, xa mesturan apotemas a piedade cos teoremas da xustiza.” [16] Analiza o Mestre a situación que se suscita cando non existe parte que reclame: “Sempre admirei a benignidade coa que, ás veces, se tratan os criminais nas causas onde non hai parte que demande. A cesión da parte comunmente valórase en máis da metade da absolución do reo. Do que non se decatan é de que hai sempre parte que pide e, o que é aínda máis, sempre hai parte que manda: a república pide. Esta é acreedora de que se castiguen os delitos, porque a impunidade das maldades multiplica os ruíns... A utilidade pública é o norte onde se debe de encamiñar sempre a vara da xustiza” [16]. Non fai máis que recoller a teoría moderna do delito público na súa proxección social. A sociedade fica presente como interesada, haxa ou non parte que acuse. A súa inquietude e inqueda en todos os aspectos foi insuperable. Tivo sempre fe no maxistrado, no xuíz, funcionario dilecto do padre Feixoo, tendo chegado a propoñer que se faga confiar nel no que se sustentan os individuos do pobo [30], [35].

XIX

AS TESTEMUÑAS FALSAS. A MENTIRA

O padre Feixoo atácaas con dureza, sendo implacable con elas e considera necesario que se lles impoña severo castigo, sen clemencia ningunha.

Destaca as palabras de Deus a Moisés que se conteñen no capítulo nono do *Deuteronomio*, se refírese á testemuña falsa: “*Non miseraberis eius*”, dille. “Non, Moisés, non te entenezas, non teñas compaixón, non teñas misericordia con el. Coa testemuña falsaría todo ten que ser rigor, ren de clemencia. *Non miseraberis eius*. O mesmo que da testemuña falsa digo a proporción de todos os demais que enganan ou procuran trabucar os xuíces no coñecemento das causas. Entre os indios orientais, segundo Estrabón, cortábanselle os pés e as mans. Entre os licios, dinos Heráclides, confiscábanlles todos os bens e vendíanos como escravos.

Os písidas, conta Alexandre de Alexandre, botábanos dende unha alta pena. Na historia helvética lese que o maxistrado de Berna fixo morrer, fervidas en aceite, a dúas testemuñas que falsariamente depuxeron de-berlle unha cantidade grande de diñeiro un cidadán a outro.” [16]

O padre Feixoo di que ningunha desas penas o arre-pía por contemplar canto necesario é, nesta materia, o rigor. “Pero a máis xusta e razoable ao fin, como ditada por boca divina, foi a do Talión que estable-ceu Deus no pobo de Israel. Esta mesma recomendan varios textos de dereito civil. En España tivo tamén o seu uso polas leis de Toro. Mais, ultimamente, por non axeitarse a todos os casos, o señor Filipe II, deixándoa en vigor para as causas de sentenza capital, nas que a testemuña debe sempre castigarse coa mesma pena correspondente ao delito que falsariamente asevera, constituíu para todos os demais casos a pena da ver-gonza pública e galeras perpetuas.” [16]

Non lle estraña ao Mestre que existan moitas testemu-ñas falsas, vendo a benignidade que se practica con

elas. “Non sei se na proluxa carreira da miña idade as vin aplicar algunha vez. O que sucede comunmente é que, ao tempo de votar, entre intempestivamente a piedade na sala e, contemplando a esta serenísima se-ñora, en vez de vergonza pública e galeras perpetuas, decrétase unha multa pecuniaria.” [16]

Insiste en que deben de ser castigados con severidade todos os que maliciosamente contribúan a escurecer a verdade do feito sobre o que se litiga. “A benignidade –di– coa que nesta materia proceden os tribunais é moi prexudicial. En cantos anos que levo vivido neste país –engade– foron moitísimos os casos que vin de testemuñas perxuras e de escribáns infieis, pero en-dexamais por iso vin condenar a azoutes nin a galeras a ninguén.” [34]

O Mestre non se cansa de doerse da impunidade da mentira, ocupándose das mentiras xudiciais “nas que consiste toda a detención dos preitos e a meirande parte dos seus gastos”, reiterando que “o que detén os litixios non é a necesidade de procurar o dereito nos códigos, senón a de inquirir o feito nas testemuñas...

Así os xuíces terían moito máis tempo para estudar e vivirían máis descansados: evitaríanse todos ou case todos os preitos que teñen o seu fundamento en relacións sinistras” [108].

Feixoo sofre moito, impresionado pola impunidade da mentira, e sostén que “o xeito de lle dar paso seguro á xustiza é desenguedellar o camiño da verdade, e para isto non hai outro arbitrio que o de castigar con severidade a mentira” [16].

O seu berro é continuo, constituíndo a verdade do designio fundamental das manifestacións humanas, como resulta de ponderar toda a súa inmensa obra, que non é máis ca iso: proclamar a verdade nunha crítica severa e rigorosa e obxectiva. “O erro práctico que hai nesta materia é que a mentira non se castiga, nin as leis prescriben pena para os mentireiros. Que non haxa freo ningún que reprima a propensión que teñen os homes a mentirse os uns aos outros! Que minta cada un canto queira, sen que isto lle custe ren!” E engade: “Para dar-me a entender, ollemos as incomodidades que nos ocasionou a desconfianza que temos en

se é verdade ou mentira o que nos din, desconfianza comunmente precisa e prudentemente fundada na frecuencia coa que se mente” [109]. A súa aspiración é a verdade e loita por ela. A verdade ante todo, xa que ela abre o camiño da vida.

XX

DEREITO INTERNACIONAL

España ten unha rica tradición en dereito internacional, e pódese dicir que, en realidade, é a súa iniciadora, a súa fundadora, a que, a pesar de dominar o mundo coa súa ocupación, pode presentar autores que constitúen o abrente das relacións internacionais. Veñen á nosa mente as figuras de Francisco de Vitoria, Domingo de Soto, Francisco Suárez, Fernando Vázquez de Menchaca e moitísimos máis.

O padre Feixoo non senta unha definición nin unha proxección do dereito internacional, aínda que coñece e invoca na súa importante obra o dereito de xentes.

A virtude da xustiza atópase sempre presente na obra de Feixoo. Inquedanza constante no Mestre, no conquistador, no heroe; só se é cinguindo os seus desígnios á conquista xusta.

A obra de Feixoo é sempre un canto á liberdade do home. Non atopa nos homes o amor á patria tan gabado nos libros, nuns non olla ningún afecto pola patria e noutros só ve un afecto delincuente, que con voz vulgarizada se ten chamado paixón nacional. “Que campaña se ve bañada en sangue, a cuxos cadáveres non lles puxese a posteridade unha honrosa inscrición xeral de que perderon a vida pola patria? Mais, se estudamos as cousas por dentro, atoparemos que o mundo vive moi trabucado no concepto que fai que teña tantos e tan finos devotos esta deidade imaxinaria. Entre os particulares alístanse polo estipendio e polo despoxo; outros, por mellorar de fortuna gañando algunha honra nova na milicia; e os máis, por obediencia e temor ao príncipe ou ao caudillo. Ao que manda as armas ínstaos e móveo o seu interese e a súa gloria.” [110]

O Mestre non pode ser máis duro co conquistador, para o que verte unha censura e un reproche insuperables, nunha expresión humana francamente admirable. “Que é un conquistador senón un azoute que

a ira divina lles envía aos pobos, unha peste animada do seu reino e dos estraños, un astro ruín que só inflixe mortes, roubos, desolacións, incendios... Un cometa que igualmente ameaza as chozas e os pazos: en fin un home inimigo de todos homes, pois a todos quixese quitarlles a liberdade... Non nego que o valor, a pericia militar e outras virtudes precisas nos conquistadores son por si mesmas apreciáveis, pero, concretadas no uso tiránico, conseguen homes cheos de xenreira. Non houbo xamais ruín ningún que fose egrexio, que fose dotado de grandes calidades da alma e corpo... Se eu me puxese a escribir un catálogo dos ladróns famosos que houbo neste mundo, no primeiro lugar colocaría a Alexandre Magno e a Xulio César.” “Os príncipes conquistadores tan ruíns son para todos que nin aínda para si mesmos son bos. Descártense do número de heroes eses coroados tigres que chaman príncipes conquistadores para poñelos no dos delinquentes.” [77]

Está convencido de que é inevitable a teima de conquista e que esta constitúe un fenómeno natural nas

realizacións humanas. Rexeita a conquista, pero sabe que, por moito que sexa o seu esforzo, non a pode evitar porque está escrita no corazón humano, presentándose o home coa súa natural agresividade.

Por iso cando trata do paralelo de Carlos XII, rei de Suecia, con Alexandre Magno, diríxese ao príncipe, ao que lle dá sensatos e sabios consellos: “Non falamos de todas as virtudes posuídas en grao sublime, pero tampouco dun heroísmo tan imperfecto que se reduza a unha soa virtude, sexa a que for. Dirase con verdade, poño por caso, que un home de sumo valor, ten un valor heroico, mais non por iso se poderá chamar absolutamente heroe. As virtudes militares –valor, pericia e prudencia– colocadas en grao eminente son as que fan medrar a reputación de heroes, na común aceptación. O valor, por si só, non chega; antes, desasistido dunha sabia conduta, xa non será valor senón temeridade e audacia. Pero aínda estas virtudes, sen a compañía doutras, constituirán un heroísmo moi cativo” [111]. Ao padre Feixoo dóelle o heroe, o conquistador. Non quixese que existise porque fundamentalmente existe

o principio perenne do home co seu contido, coas súas proxeccións infundas. Morte, incendio, violacións, dor, bágoas, erguéndose sempre na arrepiante desfeita da guerra. O home brutal contra o home, nesa agresividade inevitable.

Diríxese ao heroe, ao conquistador, quere influír nel, coa súa lección de humanidade, como debe ser. “Non pido que o heroe sexa un santo, pois non dá o mundo este significado a aquela voz, pero que sexa clemente, liberal e observante da súa palabra. A crueldade, a cobiza e a perfidia afean de tal xeito a un conquistador que fan minguanse todo o resplandor que adquire nas súas conquistas... A virtude da xustiza é a máis difícil do conquistador, mais non imposible, pois pode exercela respecto dos seus, máis aínda respecto dos estraños, cinguindo os seus designios a conquistas xustas. E, se se mira ben, todas as virtudes nomeadas levan a que o valor acade os seus fins, porque o bo exemplo nas tropas gaña a afección de propios e estraños.” [111] Sempre a virtude da xustiza. Atópase presente o dereito internacional. O Mestre non pode agachar o

seu rexeitamento da obra de Maquiavelo e toda a súa obra é un ataque a este, da súa obra *Il príncipe*. Di que só ensina unha política tiránica... invadir con man armada os estados dun príncipe ou república lindeiras. A lectura da obra pode facer tiranos a algúns que non o serían sen a súa lectura.

O padre Feixoo é sempre admirablemente enérxico, forte.

XXI

SOBRE AS CUSTAS. ABUNDANCIA DE LITIXIOS

Non se pode esquecer a corrente doutrinal que sostén que debe aplicarse a imposición de custas atendendo ao vencemento obxectivo.

Non obstante, ao noso xuízo, constitúe un erro transcendental, porque non podemos esquecer que o dereito non é unha ciencia exacta, como o proban as revogacións da sentenza e estimación dos recursos de casación. A realidade é esta, así, como se expón.

Non é unha ciencia exacta. Se se propugna a aplicación de imposición de custas dentro do vencemento obxectivo, a xustiza racha, porque chegaría con ter presente que ante ese temor non se chegue a practicar a litis, e, se se tiña o dereito, unha situación xurídica, non puido aquela resolver nin intervir. Mal para a xus-

tiza en que, podendo facela valer, non o fai, na dúbida, por medo á imposición das custas. Cando se fala disto, non queda máis que atender ao principio de temeridade na presentación da litis. É o único racional e xusto, respondendo ao noso dereito histórico.

Ao padre Feixoo preocúpalle a abundancia de litixios e, sen dúbida, é inxusto cos avogados, porque estes non presentan xamais, en ningún caso, unha demanda sen fundamentación xurídica.

O tema poderá ser discutible, dubidoso, pero aquel non se bota, nin bota a ninguén a ningunha aventura. Como se deixa dito, o dereito non é unha ciencia exacta.

Poucos erros pode ter Feixoo, pero dende logo é este un deles, cando di que “na multiplicación dos litixios todos cooperan ou poden cooperar: a parte, presentando unha demanda inxusta, e o avogado e procurador protexéndoa. Nesta cuestión regularmente é o máis delinciente, e aínda moitas veces o único reo, o avogado, coma quen ten que saber se a pretensión da parte ten algo de probabilidade ou carece dela.

Aos litigantes de mala fe xa se lles castiga cargándolles toda sas custas, pero é pena, por unha banda, moi leve respecto da gravidade da culpa e, pola outra, insuficiente para escarmentar a tantos tramposos como hai”, e engade que “se en todas as culpas xudiciais se practicasen unha proporcionada severidade cos reos, tería que haber menos litixios: os inevitables expediríanse máis brevemente e nas sentenzas habería máis seguridade de acerto. Como o medo do castigo faga que todos traten a verdade, esta chegará inoffenso pede en breve tempo aos tribunais, que é canto se necesita para que o público logre o supremo beneficio e os xuíces exerzan o seu ministerio con menos traballo” [34].

Comprenderase que non se pode falar de máis sanción que a imposición de custas. Máis aló é imposible ir. As custas só deben impoñerse no suposto da temeridade e mala fe evidentes. A situación xurídica, a maioría das veces, é discutible, chegando para iso lembrar o silencio e a escuridade da lei. O dereito non é máis que un punto de vista sobre a xustiza. Só cando existe temeridade

ou mala fe, cando a ollos vistos a situación presentada é contraria aos ditados legais, sen discusión, sen dúbida, sen problemática, poden impoñerse as custas.

XXII

CRÍTICA SOBRE CAUSAS CÉLEBRES

1

Dicimos que Feixoo sería un magnífico avogado. A súa sagacidade era extraordinaria en todos os aspectos. Ren houbo alleo ao seu coñecemento que era pleno e total, dominando todas as materias, as ciencias divinas e humanas.

Ao referirse ás causas célebres fai un estudo perfecto e rematado, insuperable. Fica aquí o procedemento, o ditado legal, a forma, o fondo. Todo, en fin, para proclamar erros.

2

A causa dos templarios. Nárranos como, en Salamanca, se examinou o caso con gran madurez. En Salamanca xuntouse para este efecto un concilio compos-

to do arcebispo de Santiago e dos bispos de Lisboa, da Garda, de Zamora, de Ávila, de Cidade Rodrigo, de Plasencia, de Astorga, de Mondoñedo, de Tui e de Lugo, e que, despois de ben mirada a causa, todos aqueles monseñores unanimemente declararon inocentes aos templarios. “*De vinctis, atque suplicibus questione habita, causaque cognita, pro eorum innocentia pronuntiamos communi Patrum suffragio.*” [112]

Ao referirse a Francia discorre sobre o tema da influencia do poder político en relación co caso que se axuiza. “Aínda que en todos os reinos da cristiandade se procedeu á seria inquisición sobre os delitos dos templarios; en ningún caso, a excepción de Francia, foi levado templario ningún a suplicio, proba ao parecer clara de que o apaixonado influxo do rei Filipe era o que os facía delincuentes. Onde non chegaba o dominio do rei de Francia non pareceron templarios apóstatas da fe, sendo así que nos procesos feitos en Francia se pretendía que o crime de apostasía era común a todos coma unha condición sine qua non para

recibir o hábito. “É verdade –engade– que os delitos dos templarios se probaron con moitas testemuñas e que gran número dos mesmos templarios confesaron, pero, atendidas as circunstancias, unha cousa e outra proban pouco. En canto ao primeiro, quen non se decata de que, por inocentes que fosen os templarios, interesándose o rei de Francia en facelos delincentes, non deixaría de haber testemuñas? As historias atópanse cheas de casos semellantes. Sempre que algún príncipe, por mala vontade súa, quixo que, observando forma xudicial, se castigase, como delincente, algún vasalo inocente, tivo testemuñas abondosas para cantos delitos quixo imputarlle. Son casos estes que, a cada páxina, como dixen, se atopan nas historias.” [112]

3

A causa de Ana Bolena. O Mestre di que fala como avogado dos reos, non como xuíz, e sostén que pode fundarse dúbida prudente sobre se a sentenza dada contra Ana Bolena e os seus cómplices foi xusta. “O

primeiro, porque dos seis acusados só un confesou o delito, e este un era o que menos podía facer pola súa calidade inferior. O segundo, porque non houbo confrontación deste coa raíña como pedía a xustiza, especialmente en tan grave caso. O terceiro, porque nos autores, que ollei e lin, houbo acusadores, mais non houbo testemuñas. O cuarto, aínda que hoube testemuñas contra Ana Bolena, estando declarada a paixón do rei pola Seymour, merecían cara ao mundo pouca fe. A que príncipe inxusto lle faltaron xamais nin acusadores nin testemuñas para cantas violencias quixo executar? Atópanse as historias cheas de tales casos. E moito menos ca outros moitos lle faltarían a Henrique polo seu particular carácter, home de quen se poderían temer as máis funestas ideas, non servindo cegamente os seus desexos, e agardar meirandes fortunas, adulando vilmente as súas paixóns, experimentando quizais esta alternativa uns mesmos suxeitos, segundo seguían ou desaprobaban os seus antollos, como se viu en Thomas Cromwell e no cardeal Wolfey.” [113]

A causa de Savonarola. Aquí senta que de dereito se debe presumir a equidade dos xuíces que o condenaron, aínda que non propón isto como certo ou infalible: “*Quorum equitas iure presumi debet, sed non proponi, aut predicari velut irrefragabilis aut infallibilis*”. “Dende logo –di– conténtome con esta decisión, pois eu xamais pretendín que fose infalible a xustiza daquela sentenza. Foron homes os que testemuñaron a culpa, foron homes os que decretaron a pena. Por conseguinte, non incapaces nin os uns nin os outros do erro ou dolo. En toda sentenza, contra calquera delinciente, hai esta absoluta fiabilidade, pero isto non obsta a que todas as que se pronuncian, observando as solemnidades esenciais do dereito, sexan acreedoras a un positivo, prudente e racional asentimento se contra a xustiza dela non hai, pola outra banda, argumentos concluíntes.” [114]

SOBRE A MULLER

Adiantado no tempo é, sen dúbida, o padre Feixoo. Cando pensamos que a muller adquire verdadeiro dereito político despois da última guerra mundial, non podemos por menos de destacar a singular postura de Feixoo, que se presenta como feminista.

As nosas Pardo Bazán [115], Concepción Arenal [38] e Victoria Armesto [116] escribiron páxinas fermosísimas lembrando a Feixoo, dicindo a última que “pertencía, sen dúbida, a ese tipo sedutor de galegos aos que un se achega con gusto e dos que se afasta con pena”. Tamén Concepción S. Amor [29], Carmen Martín Gaité [92] e María Ángeles Galindo [117] se ocuparon do Mestre, pregoando a súa admiración e agarimo. Referíndose á muller, Feixoo di que: “é este o sexo branco, doce e compasivo” [118].

Non importa que Alfonso Junco [119] nos diga que tivo a muller, na católica Idade Media, intervención intensa, libre e múltiple nas cuestións cívicas, porque, como el mesmo recoñece, nos séculos seguintes a súa intervención foi facéndose máis restrinxida, menos frecuente, e o que é indubidable é que a Revolución Francesa, desoíndo a voz illada de Condorcet, que pide algúns dereitos políticos para a muller, os nega en redondo, coa protesta alporizada por boca de Chaumette contra as inquedanzas feministas dunha Olimpia de Gouges ou unha Rosa Lacombe, e se suprimen, por acordo da convención, todos os clubs e sociedades de mulleres.

Feixoo senta a igualdade do home e da muller. Di que “son indignos de admitirse a disputa os que asintan que ao máis que pode subir a capacidade da muller é a gobernar un galiñeiro, tal aquel prelado, citado por don Francisco Manuel na súa Carta e guía de casados, que dicía que a muller que máis sabe, sabe poñer en orde unha arca de roupa branca” [120]. Engade que “é notoriedade de feito que houbo mulleres que souberon

gobernar e ordenar comunidades relixiosas, e aínda mulleres que souberon gobernar e ordenar repúblicas enteiras”. “Entre os drusos, pobos da Palestina, son as mulleres as únicas depositarias das letras, pois case todas saben ler e escribir, e, en fin, o pouco ou o moito que hai de literatura nesta xente atópase arquivado nos entendementos das mulleres, e agachado de todo aos homes, que só se dedican á agricultura, á guerra e á negociación.” [120] “O meu voto, pois –conclúe–, é que non hai desigualdade nas capacidades dun e doutro sexo” [120].

E no tomo II, carta V, como tamén na *Ilustración apoloxética*, discurso XVI, páx. 63, vén reiterar a igualdade do home e da muller. Isto é, a idea actual que se vén impondo universalmente, e que está recollida como principio na *Declaración dos dereitos humanos* do 10 de decembro de 1948. Feixoo xa o proclamara no século XVIII.

XXIV

SUICIDIO

O home ten o dereito e o deber de vivir, pertencéndolle á comunidade á que se atopa vencellado e, dende logo, á súa familia. Cosentini [85] lémbraunos como Aristóteles “testemuña que en Grecia os cadáveres dos suicidas fican insepultos, porque, ao quitárense a vida, renegaron da patria”.

Antigamente a lexislación era moi dura respecto do suicida, e era Roma excepción, pois, “obedecendo os principios da filosofía dos estoicos considerábase o suicidio como un acto de valor e ata de virtude cando tiña por causa a exacerbación das paixóns, o desgusto da vida ou o termo de certas enfermidades e aos suicidas non se lles inflixía nestes casos ningunha pena”. “Nas nosas leis recompiladas ordenouse que todo home ou muller que se dera morte a si mesmo perdese

todos os seus bens, que se declaraban para a Cámara se non tiña o suicida herdeiros descendentes.” [121] O coñecemento da vida e da morte é constante na obra do sabio Feixoo. Fronte ao rigorismo do mandato canónico, érguese a súa ponderación acertada nunha visión realista como toda a súa.

É rarísimo o caso no que se debe negar a honra de ser sepultado eclesiasticamente ao que a si mesmo se quitou a vida, dinos Feixoo. “Que malia ser certo que el mesmo se quitou a vida, se hai dúbida de se o fixo deliberadamente, tamén debe ser sepultado. A razón é porque isto é dubidar de se a acción foi ou non pecaminosa, e, ao non constar que a acción fose formalmente culpable, non se lle pode aplicar o castigo. De aquí vén que se fose achado colgado dunha árbore un home descoñecido, aínda coa certeza de que se colgara a si mesmo, debería sepultarse en lugar sagrado pola dúbida de se era tolo ou gozaba do uso da razón e, aínda que o suxeito fose coñecido, se algún tempo antes de quitarse a vida se lle observou irregularmente pensativo e morriñoso, débese executar a mesma

presunción ben fundada de que, agravándose a morriña, veu rematar, como sucede moitas veces, en vulgar demencia.” [30]

Máis adiante recolle o caso dun home, non só coñecido, senón un co que conversamos decotío e no que xamais observamos vestixio ningún de tolemia nin de disposición para ela. “É claro –di– que só puido consistir en que mudou o espírito a diferente disposición, calquera que penetre ben no significado dos termos, verá que non é outra cousa ca un enteiro trastorno da razón, unha verdadeira arroutada de demencia.” [30] O seu pensamento é actual, constituíndo un maxistral estudo sobre o problema, como coñecedor indiscutible da psique e corpo do home, dentro do misterio da vida.

XXV

SOBRE O DUELO

Baixo a aparencia do honor atópase a realidade dun homicidio, como non pode poñerse en dúbida.

Mariano Marfil [121] lémbra-nos como o dereito natural prohibe o duelo e sinala que di Rousseau que a admisión do duelo como lícito suporía que o home deixase de ser ruín ou calumniador e se convertese nun home digno e de honor dende o intre no que puidese matar, e que a mentira podería trocarse en verdade, o duelo lexitimarse e a traizón ficar xustificada dende o instante no que fose combatida coa espada na man. “Moitos dos foros municipais déronlle cabida ao duelo como medio probatorio, entre eles os de Cuenca, León, Salamanca, Plasencia, Oviedo e Ávila. O foro de Jaca aceptaba o duelo (o mesmo ca o de Sobrarbe e o antigo reino de Navarra) baixo a forma 'batalla de escudo e bastón'. Os Reis Católicos prohibiron o duelo

na *Lei de Toledo* de 1480, que se recolle na lei 1, título XXIX, XII da novísima recompilación”.

Como di Cosentini [85] “o duelo refírese a un costume, medieval especialmente, cando o Estado non ben organizado era aínda impotente ao predominar un meirande individualismo que identificaba honra e valor”. Engade: “Na civilización moderna, o duelo non ten xa ningunha razón de ser; é un costume absurdo, porque a razón das armas non é a de reparar as ofensas e a miúdo favorece ao ofensor. Está en contradición coa moral e o dereito”.

O padre Feixoo pronúnciase abertamente contra o duelo, que constitúe infracción da lei natural e da lei eclesiástica, como el mesmo di, duelo é contrario á lei e non ten xustificación ningunha dende todos os puntos de vista. É un delito, un homicidio. Non se pode matar nin aínda aceptando a morte voluntariamente.

Ao Mestre preguntoulle un cabaleiro se atopaba algún arbitrio que un nobre, provocado a desafío, polo motivo de rexeitar a ofensa de Deus, se escusase de aceptalo sen incorrer na nota de covarde. A súa contestación

é completamente negativa, facendo aquel un estudo fondo e obxectivo; ofensa a Deus e á lei natural. E faille unhas chocantes indicacións. “Se o seu príncipe ten entre mans unha guerra xusta, lícita e honesta, poderá alistarse na tropa e, alistado, ofrecerse a algún ou algúns lances perigosos que o seu xefe xulgue necesarios. Se non hai guerra ningunha na que licitamente poida amosar o valor, quédalle outro arbitrio e é o mellor de todos. Pode, pois, o nobre ir ofrecerse ao maxistrado para perseguilos naquela parte que estea infestada de ladróns e que, en verdade, que tanto perigo hai de perder a vida nesta ocupación como nun duelo, e un servizo tan importante para a república é xuntamente un grande servizo a Deus.” [122]

Non se pode esquecer que Feixoo tiña sempre un sentido práctico extraordinario, atopando solucións, como corresponde ao seu gran talento.

XXVI

A PRODICALIDADE

Sabido é que o noso dereito se ocupa dela para situala dentro da incapacidade de obrar, relativa, do home. O pródigo, gastador, dilapidador que desperdicia e consume a súa facenda en gastos inútiles e vans inqueda o lexislador.

Lembro a Francisco de Asís Condomines Valls [123], con retransca humorística, combatendo a institución contida no noso Código civil. Cada un fai do seu o que lle peta.

En realidade, a primeiro golpe de ollo, parece que isto non ten discusión nin problemática: un fai o que que-re do que lle é propio. Está a súa vontade presente, e debe chegar. Mais non é así, porque o prexuízo e transcendencia do acto da prodigalidade teñen unhas proxeccións que non se poden poñer en dúbida. A cau-

sa, a motivación, constitúen o nó dos actos e contratos dentro do haber xurídico. Quizais se pode coidar que a prodigalidade podería situarse nas consecuencias que implica a case demencia. Por iso, o noso dereito non comporta a incapacidade plena, senón a posibilidade de que esta sexa relativa. O caso concreto debe axuizalo o xuíz.

O Mestre, sempre observador con grande acerto, pondera a prodigalidade e, como non podía esquecerse da súa proxección, tamén a aborda, resolvendo sobre ela. “Xa é tempo de pasar ao outro extremo vicioso, diametralmente oposto ao da cobiza e avaricia, o da prodigalidade, que miro como máis perigoso, xa pola maior propensión de orixe cara a esta parte, xa porque aos ollos de moitos é frecuente agacharse este vicio debaixo da espazosa aparencia da virtude. Adoita chamarse xenerosidade, bazarria, homía de ben, honradez, magnanimidade, e ren disto é, nin pode ser. Sería o Hirco Cervo da moralidade, xuntarse nunha mesma acción as dúas opostas esenciais do vicio e da virtude, aínda máis diversas unha doutra ca a cerviña da capri-

na. A virtude é ouro e o vicio xamais pode chegar a ser nin aínda ouropel. E reducíndose destas xeneralidades ao que ten de particular este vicio, o da prodigalidade, en vez de incluír unha faragulla de honradez, ten moito de ruindade e vileza. A riqueza ou abundancia de bens temporais é unha dádiva da deidade, un favor que nos fai o dono soberano de todo.” [124]

O padre Feixoo non pode ser máis claro ao redor da prodigalidade, e rexeita esta en termos absolutos, como o noso dereito actual.

XXVII

A DIFAMACIÓN

O padre Feixoo érguese contra ela abertamente, como corresponde. Ao difamador chámalle inhumano xuíz da natureza humana, e razoa a súa maldade: “Como todo home prudente é capaz de facerse a mesma reflexión, son moitos os que, ao notaren que algún sen fundamento bastante xulga mal dos outros, terán por boa ilación esta: Fulano xulga que os demais homes son ruíns, logo é ruín el mesmo. Así, paréceme que os que teñen esta mala disposición do seu entendemento fan non leve prexuízo á propia reputación” [125].

Feixoo constrúe loxicamente a acusación de maldade contra o difamador. E aínda engade: “a razón é porque os malos comunmente son polo predominio dalgunha paixón violenta que os leva a tal ou cal xeito de vicio, e as paixóns violentas son tiránicas, quero dicir, teñen

o xenio dos tiranos que non admiten compañía ningunha naquela especie de imperio que se arrogan, e só consenten que se lles xunga outra algunha paixón que sirva, como ministra, á principal” [125].

Non obstante, o padre Feixoo afirma que hai casos nos que non é censurable cando se di a verdade, adiantándose así á teoría da *exceptio veritatis* en parte contida nos códigos modernos: “En canto aos que dicindo a verdade fan dano á fama dos demais, existen casos en que isto é permitido e tamén casos en que é de obriga, como un e outro se poden ver nos escritores de teoloxía moral. A murmuración sen mentira é un mal moral, pero é un mal do que Deus sabe quitar moito ben” [125]. E é que se xulga que pode constituír un motivo de freo. Quen ignora que son innumerables as persoas, dun e doutro sexo, ás que contén para que non dean renda solta das súas paixóns o temor do que dirán? Este temor non ficará no caso de que non haxa murmuradores no mundo que son os que din, os que falan e aínda os que agardan os pecados alleos. Logo estes innumerables dun e doutro sexo, de faltar o freo

da infamia ou o descrédito ao que os expón a murmuración, desenfreadamente botaranse a encher as súas criminais paixóns” [125].

XXVIII

VAGOS E MALEANTES

É sorprendente o labor de Feixoo, coñecéndoo todo. Para o seu espírito crítico non existía ren que ignorase, impondo sempre a súa ollada sagaz.

Estaba en todo e sabía de todo. Dinos como varios lexisladores ollaron como crime digno de castigo, por si só, a lacazanería. Dracón, aquel antigo e severísimo lexislador dos atenienses, de cuxas leis se dixo que estaban escritas con sangue, castigábaa coa pena capital. Solón, que lle deu leis despois á mesma república, colocou entre elas tamén o castigo aos lacazáns, pero máis moderado. Platón quería que se desterrase da república a todos os mendigos voluntarios: “*Nullus mendicus nobis in civitate fit*” (*De legibus*, diálogo II) e pouco despois “*Extra fines expellantur, ut regio ad huius modi animali penitus pura fiat*”. Herodoto di

que os exipcios castigan a ociosidade como un crime de Estado. Tácito refire que os alemáns metían os folgazáns nunhas lagoas onde se deixaban expirar. E por varias leis imperativas, expresadas no Código de Xustiniano (título: *De mendicantibus validis*) atópanse impostas penas aos que, sen seren inválidos, exercen a mendicidade” [47].

Non menos Feixoo coñecía e lembra a legalidade vixente no seu tempo –tomo 2 da *Nova recompilación*, lib. 8, tít. 11, leis 1 e 2. A primeira dispón que, os vagabundos e folgazáns capaces de traballar, calquera, pola súa autoridade, poida tomalos e servirse deles, sen salario ningún nin outra pensión que dalles de comer. E se ninguén quixese servirse deles, a xustiza ordena que, con pregón público, os obriguen a traballar e, de non o faceren, que lles dean cincuenta azoutes e os boten das vilas [47].

O Mestre fai unha exposición na que recolle a realidade por el observada. Entre os mendigos, que o son por necesidade, moitos sono por vicio e por mera lacazanería, fuxindo do traballo, para apertar a vida

dos esmoleiros e co conto de enfermidades ou defectos corporais que non teñen, representándose inválidos, abusan da misericordia dos acomodados e usurpan todo aquilo que recollen e inspiran, “pois, no fondo, tanto vale apropiarse con dolo o que se dá como título de esmola, como arrincar furtivamente coa man” [47]. O padre Feixoo sempre procura solucións prácticas, nas que realmente non fai máis que adiantarse en séculos, “...estes abázcaros inútiles poderán trocarse en útiles regnícolas, aplicados á agricultura, á mariña ou á guerra, e cando non houberse outra ocupación que darlles, a república podería asalariarlos como peóns para compoñer camiños, erguer pontes, facer reparacións contra inundacións, plantar árbores, que de todos estes beneficios padece gran falta España” [47]. É admirable, erguéndose contra a dura pena dunha legalidade, para procurar unha solución que naqueles tempos tiña que terse por revolucionaria, en recia e forte conmoción.

XXIX

POBOACIÓN

España contaba naquel tempo cuns oito millóns de habitantes. Feixoo era famoso pola súa sabedoría en todo, e solicitouse o seu ditame coa idea dun proxecto para aumentar a poboación, que se consideraba moi diminuída. E aquel fai unha análise obxectiva, imparcial, desapaixonada, sentando que “case xeralmente conveñen os políticos en que a meirande riqueza de calquera Estado consiste nunha poboación copiosa ou con máis propiedade, como necesario dela. A multitude dos habitantes presenta a xente para o comercio, para a guerra, na que non só se acada a vantaxe de aumentar o número destes instrumentos da felicidade humana, senón tamén (o que si será observado por outros) a de manexar a calidade –e engade–; o mesmo que nas enfermidades do corpo natural, con pouca

ou ningunha diferenza, sucede nas do corpo político dunha república. Coñecemos a debilidade das guerras de España que consiste na falta de xente. Esta é a súa enfermidade. Mais, é que non sabemos que as causas dela son as insinuadas enriba: peste, incendios, guerras, extraccións de xentes para América, expulsión dos mouros etc.” [69].

XXX

EMPREGOS E OFICIOS

1

O padre Feixoo obsérvao todo, impondo o seu espírito crítico. Sostén que a idade curta é menos favorecida do que debese ser na promoción dos empregos. “Hai mozos que exceden a prudencia e sabedoría ordinaria dos vellos. O que aos trinta anos ten a discreción que ordinariamente corresponde aos cincuenta terá, cando chegue aos corenta, unha discreción superior á ordinaria. Este exceso aínda será meirande se dende os trinta comeza a exercitar o talento nos empregos, perfeccionándose máis e máis cada día coa práctica. En igualdade de méritos intelectuais, deberá preferirse a idade media á antiga, porque prevalecen naquela o vigor da alma e do corpo, importantísimos ambos os dous para a boa administración de calquera emprego.” [30]

Ten tamén presentes os vellos: “Moitos están exentos de todo exercicio trabaloso, pero todos ou case todos padecen, con frecuencia, aquela xenreira ou desacougo de ánimo que causa o humor saudoso dominante na idade senil e ao que se engaden as indisposicións corpóreas, a decadencia de todas as facultades externas e internas, o torpe uso dos membros e varias tristesiras consideracións a que é máis ocasionada ca todas as anteriores aquela idade. Atento a todo isto, vese que é incomparablemente máis escusable todo xénero de recreacións honestas nos vellos ca nos mozos; por conseguinte, estes non deben contemplar aquelas recreacións como indignas da gravidade dos anciáns, antes miralas con ollos compasivos, como axuda, debido aos seus desacougos” [126].

2

Ataca a recomendación, entendendo que para quen obra con conciencia son inútiles as recomendacións da amizade, do paisanismo, do agradecemento, da escola, relixión ou colexio ou outras calquera. “Pero a mágoa

é que, na práctica, se palpa a eficacia destas recomendacións, aínda en desigualdade de merecementos, por cuxo motivo, chegado o caso dunha oposición, máis traballan os concorrentes en procurar padriños que en estudar cuestións e máis se revolven as conexións dos votantes cos libros da facultade.” [110]

3

Existía a venda de oficios, aínda que algunhas cidades, cabeceiras de provincia, como Sevilla e outras, tiñan o privilexio para provisión dos oficios de escribán [95]. A venda de oficios facíase de dous xeitos: un, por cesión, desistíndose do dereito e acción naquel oficio adquirido e renunciando no mercador, e outro por venda real, dicindo que se vende por xuro de herdanza o oficio.

O profesor de Salamanca, Francisco Tomás y Valiente [127], abordou a tema da venda de oficios públicos en Castela, cuxo proceso arrinca dos séculos da monarquía estamental da Baixa Idade Media e ten en Castela un intre decisivo no reinado dos Reis Católi-

cos, para desenvolverse a partir de entón de maneira ininterrompida. As necesidades de contar cunha burocracia crecente, de formación técnica e relativamente esgazada da máis alta nobreza, non coinciden coas posibilidades económicas da propia monarquía, que non tiña diñeiro suficiente para retribuír directamente os titulares dos oficios.

4

Oficios hereditarios. No padre Feixoo, home extraordinario, futurista, que alumea o seu tempo ollando no futuro, non comprendemos como chega a dicir que “deberían ser todos os oficios hereditarios”, sentando as que expresa comenencias de gran forza: “A primeira é a perfección das artes. Cando o Mestre non ten máis parentesco co ensinado que selo, ordinariamente non toma con tanto coidado a empresa de aprenderlle, e o que é máis, non lle comunica aquelas particularidades da arte que, en virtude do seu discurso e observación, acadou. Conténtase con instruílo no que comunmente se practica e se sabe. Non hai esta reserva cando o

ensino se exerce de pai a fillo, porque o amor paternal non a consente. A segunda comenencia considerable que é resultante de ser os oficios hereditarios é facerse máis clara e constante a distinción de clases na república: non poucas veces pertúrbase a tranquilidade dos pobos polas rifas sobre a procedencia de nacemento entre estas e aquelas familias. Estas cuestións nacen pola maior parte da nobreza nova que pretende supeditar ou polo menos igualar á antiga cando a excede en riquezas” [35].

XXXI

AGRICULTURA

1

A inmensa obra de Feixoo contén un canto aceso á agricultura, xa que o labrego é amado por aquel. Quizais o seu nacemento no campo, a observación deste na súa estancia no mosteiro de San Xíán de Samos, diante da natureza viva, fixeron xurdir o seu agarimo pola agricultura. O labrego, co seu esforzo cotián, atópase no corazón do Mestre.

Posiblemente as mellores palabras da súa vasta e extraordinaria obra son as dedicadas á agricultura, ao labrego. Ningunha arte pode competir en antigüidade coa agricultura, di. “Ningunha, sen dúbida, pois ela é tan vella coma o home. Logo que Deus creou a Adán, colocouno no Edén para que o cultivase e gardase. Cultivar a terra foi a primeira ocupación e o primeiro

oficio do home. A agricultura foi a única entre as artes que tivo a súa orixe no estado de inocencia, todas as demais artes naceron cando xa a terra estaba envilecida coa culpa. De todas as demais artes foron autores os homes, da agricultura foino Deus.” [82]

Nobreza da agricultura, di reiteradamente. Fai referencia aos personaxes que se dedicaron ao seu nobre exercicio e aos reis que a favoreceron. Para Feixoo, a agricultura constitúe, sen dúbida, o máis amado. “Sen a agricultura non só non poden ser felices os homes, máis aínda, nin tan sequera poden subsistir ou vivir.” [82]

2

É importantísimo e aínda absolutamente necesario mirar con especial atención ao labrego, tomando os medios máis oportunos para promover as súas comenencias e minorar as súas cargas, senta o Mestre. “Mais, que medios serán? Ninguén debe agardar de min a súa especificación nin a longa enumeración de innumerables máximas conducentes a adiantar en Es-

paña a utilidade da agricultura, nin eu teño a instrución necesaria para asunto de tanta cultura, nin, aínda que a tivese, podería determe a participala pois é materia que, para tratala dignamente, precisa de moitos volumes.” [82]

Non obstante, coa súa modestia, promove unha solución perfecta, que se impón nunha nación coma a nosa de maneira necesaria, atendendo as circunstancias concorrentes, habendo de excluírse a tecnocracia que, polo xeral, suscita os temas sen alma. É o labrego, el, que verte a suor na terra dende o amencer ata que o sol se pon, e nas horas longas de sacrificio por todos diríxese ao ceo coa esperanza da xustiza. O noso labrego nace xa na inxustiza, esquecido, na inopia absoluta, cando é o sostemento fundamental do país.

Feixoo recoñece a realidade concorrente, a súa importancia transcendental impondo como imperativo que o labrego debe ser escoitado, porque nel atópase a voz necesaria. “A única providencia que parece que se pode presentar para este efecto é formar un consello na Corte, composto dalgúns labregos intelixentes,

vidos de todas as provincias de España, dous ou tres de cada unha, segundo o tamaño, os que terán as súas conferencias regulamentarias para determinar o que coidan máis conveniente, así no que mira ás providencias xerais como no respectivo a cada provincia, a cada territorio, a cada froito, a cada particular acaecemento de escaseza ou de abundancia etc.” [82].

3

Ten plena actualidade canto senta Feixoo, na súa inqueda por canto se refire á agricultura, en relación coa que se vén predicando unha política hidráulica. Xa o dicía o Mestre: “Quizais non haxa reino dalgunha economía do mundo no que se aproveite menos o beneficio da auga dos ríos ca en España. Polo común, a disposición do terreo goberna o seu curso sen que ninguén lles vaia á man, cando se podería acadar inmensa utilidade desaugándoos nos lugares oportunos. Estas sangrías dos ríos non só traerían a comenencia de fertilizar os campos, máis tamén outra de moita consideración que é a de evitar algunhas inundacións” [82].

É de pena ver a atonía coa que se ven en España, esquecendo os nosos ríos e as augas xenerosas. Feixoo é un adiantado nisto, coma en todo, enxergando un rico porvir e que, malafadamente, non se acadou como debese, aínda que se ten fe en que se chegue a acadar, impoñéndose a debida inqueda e preocupación constantes que deben ser o norte da política agraria en España.

4

Non escapou á observación adiviña do Mestre a emigración dos nosos labregos, admirados por el. É lamentablemente triste e doloroso para quen naceu e viviu no campo, percibindo na súa mente e no seu corazón o sufrimento infindo. “A transmigración dos labregos dunhas provincias a outras para o cultivo dos campos é cousa que necesita a reforma. Saen moitos milleiros de galegos cavar as viñas e segar o sementado a varias provincias de España. É xusto que cada un traballe na súa patria ata onde lle cheguen as forzas. Ou os galegos que viven disoltos por Castela, Navarra

e Andalucía teñen que traballar na súa terra ou non. Se o primeiro, que a traballen e non desbaraten o tempo que consomen en vagar dunha parte á outra. Se o segundo, fágase unha extracción regulada da xente pobre de Galicia que sobra para o cultivo dos seus campos e fórmense delas algunhas colonias en varias partes de España, onde hai grandes anacos de terra inculca por falta de labregos.” [82]

Viu o galego ir e volver, irredento, tristeiro, como reflicte a nosa poesía nunha angustia latexante e magoante, como unha pregaria. Ao home sufridor, aberto a todas as dores do mundo, en proxeccións universais.

5

En España daquela aínda non se poñía o sol, pero isto requiría un esforzo extraordinario, sacrificio constante de homes. Non se podía manter o imperio meirande que coñeceron os séculos sen a contribución de todos. O padre Feixoo, contrario á guerra, defende os seus amados, os labregos. “A guerra máis feliz é unha gran desgraza dos reinos. Moito máis lle importan á repú-

blica as leiras sementadas ca coroadas de trofeos. O sangue inimigo que as rega esterilizaas, canto máis o propio. Marte e Ceres son dúas deidades mal avidas. A oliveira, símbolo da paz, é árbore frutífera e a loureira, coroa de triunfos militares, planta infecunda. As aixadas trocadas en espadas son ruína das provincias; as espadas trocadas en aixadas fan a abundancia e a riqueza dos pobos. Feliz o reino onde os soldados deixan as espadas polas aixadas! Non ten que haber guerras? Non digo iso. Moitas veces son inevitables. Máis ben pode habelas sen estragar ou estragando un pouco o cultivo das terras.” [82]

Dóenlle a Feixoo os campos abandonados dos seus homes pola milicia e guerra: “... pode España prover a milicia con suficiente número de soldados sen rexeitar o cultivo dos seus campos. A todo o mundo, a todos os reinos conviría moito que os labregos gozasen dunha perfecta exención dos males da guerra, isto é, que non só non servisen na milicia, senón que tampouco se exercese hostilidade ningunha contra das súas persoas, casas e facendas”. E aínda insiste: “Certo é que

se a tropa que pode sustentar este reino e ten mester para a súa defensa se podería completar de xente inútil para a república, sen tocar os labregos, cuxo traballo no campo é inescusable, deberá facerse deste xeito. Hai tanta xente inútil en España que chegue para completar a tropa? E aínda sobraría unha boa parte” [93]. Non se pode ponderar máis a importancia da agricultura e do labrego como o fai Feixoo, revelando un agrarismo insuperable. Todo canto pode dicirse do labrego, velaí está, no Mestre.

XXXII

SOCIEDADES ECONÓMICAS DE AMIGOS DO PAÍS

A proxección de Feixoo acádao todo, e pode dicirse que na súa obra se atopa o fermento co que, pouco tempo despois, xurdirían as sociedades económicas de amigos do país.

Moure Mariño, no seu traballo *Informe de campomanes sobre Galicia* [128], lembra o padre Feixoo coa súa inqueda preocupación, que reflicte a realidade concorrente no país. Non se pode dubidar da influencia de Feixoo na creación das sociedades económicas e que estas xurdiron de xeito necesario.

O conde de Peñafiorida, fundador da primeira Sociedade Vascongada de Amigos do País en 1765, faino movido pola inmensa obra de Feixoo, como se infire da carta que aquel lle reenviou a un amigo francés e

que transcriben Gregorio Marañón [21] e Henry Kamen [1].

A semente de Feixoo frutifica. O profesor Gonzalo Anes, no seu completo estudo [129], non ten dúbida ningunha. Para el Feixoo é o ilustrado que impón o seu criterio, o precursor das sociedades económicas de amigos do país. É a mente sabia en relación cos problemas económicos. É a conxuntura e ilustración, di. O goberno ilustrado ve nelas o instrumento axeitado para difundir as ideas e fomentar o desenvolvemento da economía, sendo moitas fundadas polo clero regular e secular. El mesmo é quen nos di que a de Lugo a fundou o bispo da diocese e refire como se amosou oposto a que a de Santiago se titulase Real Sociedade Económica do Reino de Galicia (A.H.N., consellos, cartapacio 901, expediente 13). Vén ao caso lembrar que Lugo foi capital do reino de Galicia, e lin que, no ano 842, “Chegou o rei don Ramiro a Lugo, onde foi recibido por don Froilán, o seu bispo, e para esta cidade, como capital entón de Galicia, fixo o chamamento xeral das súas tropas e Grandes...” [130]

XXXIII

DÍAS DE FESTA

Ren foxe da atención de Feixoo. Todo lle preocupa e inqueda, emitindo sempre o seu estudo unha luz radiante.

Ocúpase dos días festivos e razoa como a multitude destes prexudica o interese do país e non é ren conveniente para a relixión. “Danse comunmente de poboación de España oito millóns de almas, máis ou menos. Máis da metade destes exercítanse na agricultura e outras artes mecánicas. Poñamos que o traballo do individuo, computado un con outro, non valla máis ca real e medio de vellón cada día. Sae a conta que en cada día de folganza, por cesar o exercicio de todas aquelas artes, perde España seis millóns de reais. Por conseguinte, se en todo a ano fosen crebados non máis de quince días festivos, interesaríase o reino en seis

millóns de pesos.” [30]

E relacionándoo con isto cita como grandes políticos a Diego de Saavedra e a Xerónimo Uztaiz [131], aos que se refire reiteradamente, insistindo sempre en que “está fóra de toda dúbida que a minoración de días festivos é importantísima, non só ao proveito temporal, máis aínda ao espiritual dos pobos”.

XXXIV

ORATORIA, RETÓRICA E DIALÉCTICA

A expresión oral é admirada por Feixoo. “O ensino que se difunde mediante a voz é natural, o da escrita, artificial; aquel, animado, este, morto... O que se escoita é a primeira impresión que se saca da mente do que instrúe. O que é lido, é copia de copia.” [77] Para Feixoo “a elocuencia é natureza e non arte”, como senta que se pode ser un bo orador sen estudar as regras da *Retórica* de Quintiliano [132], do que fai un estudo detido, dicindo que “aínda que España non ofrecese outro orador que Quintiliano, chegaría para dar envexa e deixar fóra de toda competencia as demais nacións: só exceptuarei a Italia, por respecto a Cicerón, sequera non falte algún crítico egrexio, o famoso brandeburgués Gaspar Barthio, quen senta que sen temeridade se pode dar preferencia a Quintilia-

no, respecto de todos os demais oradores, sen exceptuar ningún. Noutra parte apelídao o máis galán entre cantos autores escribiron xamais: “*Quintilianum omnium, qui unquam scripserunt, auctorum elegantissimus*”. Laurencio Vala contentouse con lle conceder ao orador español igualdade co romano. Pero, sexa o que fose do uso da retórica, nos preceptos e maxisterio da arte, é constante que excedeu moito Quintiliano a Cicerón, pois ao que este escribiu para ensinar retórica fáltalle moito para igualar as moi egrexias institucións de Quintiliano. Así que Cicerón foi orador grande só para si, Quintiliano para si e para todos. A elocuencia de Cicerón foi grande pero infecunda, ficou dentro do individuo. A de Quintiliano, ademais de grande, é utilísima á especie en tanto grao que o citado Laurencio Vala nos di que “non houbo despois de Quintiliano, nin haberá xamais, home ningún eloquente se non se formase enteiramente sobre os preceptos de Quintiliano” [132], que por certo Feixoo, como el mesmo recoñece [133], “non lera nin tan sequera unha liña nin tampouco ollara a este autor pola

coverta ata despois de dar a luz o segundo tomo do *Teatro crítico*. Merqueino no ano do 28 no remate da librería do defunto conde de Torrehermosa e, dende entón, téño na miña”.

A sinceridade de Feixoo en todo non pode ofrecer dúbida ningunha, e é de lembrar sobre isto como refire “que xamais estudei regras de retórica, nin delas senón como de paso, o que chegou para coñecer que me eran inútiles, e nisto mesmo estou sempre, sintan outros o que quixeren. Pois a miña persuasión de ningunha maneira é filla da arte, senón da razón natural, en canto esta me representa con claridade as verdades que escribe, proponéndome as razóns que as persuaden, e estas mesmas razóns, escritas perspicuamente, sêrvenme para persuadilas a outros” [134].

O Mestre non tivo que realizar ningún estudo sobre a retórica, e pregoa a importancia desta entre as artes: “todo o mundo debe confesar que das outras seis artes liberais a única que pode entrar en concorrencia coa música ou pretender avantaxala é a retórica ou oratoria. Escúsase representar os moitos e honoríficos títu-

los que esta pode alegar na contenda, porque ninguén os ignora e menos ca ninguén os ignoraba Cicerón que fendía como ningún todas as perfeccións e excelencias. Por outra banda, non podía menos de chamar fortemente a súa paixón á retórica o que esta fose a causa enteira do gran poder que tivo na república romana, o mesmo que o ten en toda a terra, como tamén as ovacións máis ruidosas e máis constantes da fama. Non obstante, este mesmo Cicerón, isto, polo menos, despois de Demóstenes, primeiro orador do mundo, recoñeceu vantaxes na música sobre a retórica, pois no libro primeiro das *Questiones tusculanas* chama á música a de máis prestancia entre todas as artes”. [135]

Vén aquí lembrar que, conforme di Recasens Sitges: [137] “Os estudos da dialéctica ou arte da deliberación, de retórica, influíron decisivamente na xurisprudencia da Idade Media e chegaron, na Idade Moderna, ata Gianbattista Vico, quen tentou salvar o pensamento xurídico práctico fronte á invasión cartesiana matematizante ou xeometrizable”.

Como canto refire Luis Gil [138] ao dicir que os gregos se caracterizaban por ser un pobo da historia que deu unha importancia fundamental á palabra, como o dereito procesual ateniense, segundo o cal cada un tiña que falar e defenderse a si mesmo, deu lugar á importante institución dos “*logographos*” que escribían discursos para os seus clientes, e que máis tarde xorde a retórica como a arte de persuadir, sendo principalmente os que a impulsan os sofistas.

Non deixa de ter humor Feixoo na súa obra cando escribe “como Plutarco refire que, logo de facer Lydias un alegato para un home que ía usar del no tribunal, lle dixo este, queixándose de que o lera tres veces, que a primeira lle parecera bo, a segunda só regular, e a terceira, ruín. Ben podedes estimalo como bo, díxolle Lydias, pois no tribunal só se ha oír unha vez” [136]. Otero Pedrayo, co agarimo que lle profesa ao crego e Mestre, dinos que “nos días de profesorado de frei Bieito, as artes non eran o que en Marciano Capella nas *Nupcias de Mercurio e Filoloxía* nin o que os símbolos esculpidos no coro do mosteiro de Cluny. No manus-

crito de Marciano Capella da biblioteca veneciana de San Marcos, decorado polo miniaturista do século xv, Attavanti, a figura representativa de dialéctica leva na man cinco garabullos que significan os cinco xéneros de argumentos, e coa outra man afoga unha serpe de prolixos nós e dobras, que expresan a forza atractiva e perigosa dos argumentos. Atopámonos, no século xv, xa un pouco de máis afastados da beleza das escolas isidorianas e da cultura carolinxia. Na época do padre Feixoo, baleiros en parte da súa antiga significación e desaxeitados aos novos vieiros, os estudos das artes medraban en pedantería e anoábanse en inútiles e prolixos xiros. O padre Feixoo non descoñecía a fachenda e grandeza da ciencia medieval, os seus esforzos por liberarse do primado de Aristóteles, a súa dignidade rendida en tesouros de saber á teoloxía” [59].

O crego de Casdemiro, na súa certa observación, chega a escribir que “hai outros cheos de textos e conceptos pulpítables que, en vez de ilustrar, confunden; en vez de mover, alporizan” [77]. Non podemos por menos de nomear a obra do padre Isla, nacido o 25 de

xullo de 1703, titulada *Historia del famoso predicador fray Gerundio de Campazas, alias Zote*, impresa a primeira edición no mes de febreiro de 1758, suspendida a estampación, e o 10 de maio de 1760 pregóase a condena do Santo Oficio, como nos lembra Pedro de Lorenzo.

XXXV

A AVOGACÍA

1

Feixoo viviu todas as inquedanzas do dereito cun espírito extraordinario, non descoñecendo ren. Se exercese a nobre profesión sería a expresión viva do avogado que deixa o ronsel da súa limpa executoria. Noutro lugar ocupámonos da crítica que el fixera de causas nomeadas. Pódese decatarse calquera de que, no seu exame, brilla o avogado en suma proxección. O estudo que fai é digno da mellor peza forense. É o avogado, en ponderación obxectiva e insuperable. É o home con plena vocación xurídica, en todas as dimensións, cos problemas humanos diante e todas as súas resonancias.

Referíndose aos avogados e médicos di que “o seu maior ou menor saber lles proporciona, non só unha

honra meirande, senón tamén un aumento de come-
nencias, ao paso que na lectura e a meditación atopan
especies que os enchen de ledicia, tropezan tamén en
coidados que os conturban. Nestas dúas profesións é
un gran contrapeso da dozura do estudo a emulación
doutros da mesma facultade cos que, en frecuentes
concorrencias, se disputa a vantaxe. É esta unha gue-
rra máis mental ca sensible, onde, aínda que non é
moito o ruído das voces, non poucas veces polo esta-
lido dos beizos coñécese a pólvora que arde nos cora-
zóns” [139].

Censura con acritude ao avogado que non estima dig-
no. “O meu sentir é que non haxa indulxencia ou re-
misión ningunha nin co avogado que supón citas ou
doutrinas falsarias (deixando á prudencia os casos no
que isto se pode atribuír a equivocación ou fallo da
memoria), nin co escribán ou receptor que dolosamen-
te colorea os ditos das testemuñas, nin co relator que
suprime cláusulas. Semellantes atentados, se se exa-
mina a súa contrariedade á virtude da xustiza, tanta
ruindade teñen coma unha testemuña falsa”; “nin se

deben deixar sen castigo severo (xulgo –di– sería o
máis proporcionado a privación ou suspensión longa
do exercicio) o avogado que patrocina causas eviden-
temente inxustas e o procurador que, co fin de dila-
tar, introduce artigos impertinentes. Mais xa estas e
outras faltas da legalidade e boa fe se xulgan ben cas-
tigadas cunha repreñión verbal...” [16].

Cando refire que ten por certo que dos escribáns, re-
ceptores, procuradores, notarios e ministrables so-
bran máis da metade dos que hai, non menciona aos
avogados [131].

O freire de Casdemiro diferencia a misión do teólogo
e do xurista. “Respondo que os xuristas deben sope-
sar os delitos doutra maneira ca os teólogos. O teólo-
go examina a ruindade intrínseca do acto, o xurista
considera as consecuencias que ten para o público; e
poden ser estas graves, aínda que a culpa, segundo
a primeira ollada, sexa leve. É verdade que tamén o
teólogo considera as consecuencias cando as prevé o
delincuente, o que a proporción agrava aínda no foro
interno a súa culpa. O xurista non pode nin lle toca

examinar se as preveu, senón aplicar o remedio que prescribe a lei, para evitar o dano, e así no foro externo castígase ao reo coma se estivese previsto ese dano.” [16]

Feixoo preocúpase desta cuestión cardinal, distinguindo entre moral e dereito e que constitúe a inqueda coa que de sempre se sentiu polos tratadistas. Poderán ter puntos de contacto, mais no desenvolvemento son situacións diferenciadas. O Mestre sentou deste xeito o criterio dominante na doutrina actual que segue en pé na súa totalidade.

Sentiu admiración polos avogados. A avogacía constitúe o portaestandarte da liberdade, porque esta áchase na xustiza mesma.

2

A avogacía clamou sempre contra o que estima indebido ou inxusto. Xamais se puxo de xeonllos diante do que non estimou procedente dentro do sentido fundamental da xustiza.

Viña clamando pola reforma das leis penais. Sempre, a quen nos lembra Del Val [94], dicía: “Os nosos tribunais e o ministerio están cheos de avogados que coñecen os vicios dos nosos códigos e desexan poñerlles remedio”.

A avogacía española coñeceu a obra de Beccaria antes da súa tradución. Aquel autor fai referencia á obra *De Reorum*, de Alonso María de Acevedo, publicada no 1770, na que sostén que o tormento “se opón aos primitivos dereitos da natureza e que choca certisimamente cos pactos da vida social. Para isto apóiase en testemuños de infinidade de autores, entre eles Beccaria, aínda que sen dar o seu nome, pois, probablemente, coñecería o libro a través dunha edición anónima” [94].

A avogacía española foi sempre oposta ao tormento. Lémbbrano Del Val: [94] “Polo que atinxe ao tormento, había unha clara tendencia á súa supresión”. Como di Sempre: “Sequera hai en Madrid avogado dalgunha instrución que non coñeza a necesidade de rexeitar nos tribunais práctica tan contraria á humanidade e

tan pouco útil para a indagación dos delitos”.

Antes de Beccaria, estaba Feixoo, estaba a avogacía española contra o tormento, pregoando a liberdade do home. Interesa sinalar como Salvador de Moxó, catedrático da Universidade Complutense, refire o influxo dos letrados na administración castelá, que se estende ao longo dos séculos XIV e XV, para ter o seu cume en figuras de grande altura durante o reinado dos Reis Católicos, colaborando así directamente na formación do Estado moderno [140]. A avogacía española sempre ocupou un posto de vangarda.

3

Na obra de Feixoo sempre está presente o avogado. Chega soamente con ler *Balanza de Astrea ou Recta administración de la justicia* [16]. É o vello avogado, unxido en todos os problemas humanos, coa súa experiencia, dando consellos; o avogado, recollendo a plenitude do deber e da vida, en expresión sublime.

XXXVI

XURISCONSULTOS

O padre Feixoo, inqueda e preocupado por todo, tamén se ocupou da xurisprudencia. En realidade, el é un xurisconsulto.

Brissot de Warbille, na súa obra *Bibliothèque philosophique du législateur, du politique, du jurisconsulte*, citada por Del Val [94], malia sinalar que, nas luces filosóficas, España se atopaba no estado no que estaba Francia cen anos antes e que entón a filosofía da xurisprudencia se encontraba no cero, non pode por menos de recoñecer que podían acharse pasaxes importantes en Macanaz, Acevedo e Feixoo.

Este destaca o labor intelectual necesario. “Así pode suceder que un saiba de memoria todas as obras de San Tomé e sexa curto teólogo; que saiba, do mesmo xeito, os dereitos civil e canónico e sexa moi mal xu-

rista. E, aínda que se di que a xurisprudencia consiste case unicamente na memoria ou, polo menos, máis na memoria ca no entendemento é outro erro común. Con moitos textos de dereito pódese facer un mal alegato, como con moitos textos das Escrituras un mal sermón. A elección dos máis axeitados ao asunto toca ao entendemento e ao bo xuízo.” [141]

Xa que logo, refire como gozan de certeza a xeometría e a aritmética en moi superior grao ca a xurisprudencia, sen que por iso na república literaria sexan máis estimadas ca esta [142].

O padre Feixoo lembra as glorias españolas dedicadas á xurisprudencia. “Florece os españois naquelas facultades ás que se teñen aplicado con algunha paixón; quero dicir, a teoloxía, a xurisprudencia e a metafísica ideal.” [143] “En canto á xurisprudencia civil e canónica... deu España moitos homes consumadísimos nela, que hoxe son a admiración de toda Europa.” [144]

1. MARTÍN de AZPILCUETA. Navarro, a quen se lle deu o epíteto ‘do maior teólogo de todos os xuristas

e o meirande xurista de todos os teólogos’. Lorenzo de Beyerlinh e os autores do novísimo *Grande diccionario histórico*, apélano "Oráculo da xurisprudencia". Admirouse en Roma a súa doutrina e a súa piedade cando a aquela capital do orbe foi defender o seu grande amigo, o señor don frei Bartolomé Carranza... [144]

2. DIEGO de COVARRUBIAS y LEYVA. Chamado de común consentimento ‘o Bártulo de España’, do que o sacrosanto Concilio de Trento fixo tan sinalada estimación que lle encomendou a formación dos decretos, na compañía do famoso xurisconsulto italiano Hugo de Boncompaño, despois Papa co nome de Gregorio XIII. Escoitei dicir que a este sapientísimo varón, sendo examinado na Capela de Santa Bárbara para recibir o grao de licenciado, reprobou o Claustro da Universidade de Salamanca... despois esta respectouno e obedeceuno como reformador seu, por nominación de Filipe II, e finalmente venerouno como xefe no Supremo Consello de Castela [144].

3. ANTONIO AGUSTINO. Arcebispo de Tarragona, que foi un daqueles espíritos raros, pois á súa incomparable comprensión dun e outro dereito engadiu unha fondísima erudición de todo xénero de antigüidades eclesiásticas, profanas e mitolóxicas. Paulo Manucio, aquel varón tan sinalado no estudo e coñecemento das letras humanas, dicía de si mesmo que “comparado con outros era algo na bela literatura, pero ren se o comparaban con Antonio Agustino”. Vosio, aínda que desafecto pola patria, inimigo da relixión, chamouno varón supremo e confesaba que era un dos maiores homes do mundo. Chámao o Tuano Grande Luz de España. O padre Andrés Escoto apelídao "Príncipe dos Xurisconsultos e Flor do seu Século", engadindo que no corpo deste home parece resucitaran ou puxeran nel, por un xeito de transmigración pitagórica, as almas daqueles antigos máximos xurisconsultos Paulo, Ulpiano e Papiniano [144].

Échese de ledicia falando de Antonio Agustino: “Con tal rápido voo subiu Antonio Agustino ao cume da xurisprudencia e que tan só con vinte anos de idade

acabados de cumprir deu a luz aquela excelente obra titulada *Emendationes iuris civilis* nas que acharon tanto que aprender os que xa envellecera no estudo do dereito [144]. “Pero a súa obra suprema, como froito de idade máis madura, foi a *Corrección de Graciano*, parte chea de portento dunha egrexia sabedoría e dun xuízo admirable”[144].

4. ANTONIO DE GOVEA. Chegou a tal grao de eminenencia na comprensión do dereito que aquel oráculo de Francia, Xacobe Cuiacio, testemuñou que entre cantos intérpretes do dereito de Iustiniano houbo xamais era o único a quen se debía de xustiza o principado. Así o refire o Tuano na súa *Historia* do ano 1505. O máis admirable é que fose tan consumado na espiñosa e vasta facultade da Xurisprudencia [144].

5. AGUSTÍN ou MANUEL BARBOSA. É celebrado polos estranxeiros, Agustín Barbosa, como se ve nos eloxios que fixeron del Ugelio, Jano Nicio Eritreo e Lorenzo Crasso, malia sospeitaren algúns que o mellor

que anda na vasta colección das súas obras non é seu, senón do seu pai Manuel Barbosa. Deu motivo grave a esta sospeita que as primeiras obras que deu á luz o noso agostiño exceden en calidade as posteriores, e ao non ser verosímil que as súas primeiras producións tivesen excelencia superior ás que foron froito de maior estudo e máis madura idade, resulta por boa ilación que aquelas foron parte doutro enxeño, cuxos manuscritos posuía Agustín; e sendo este como foi, nos seus primeiros anos moi pobre é ben crible que non tivese outros manuscritos preciosos que os do seu pai, do cal se sabe que foi xurisconsulto egrexio [145].

6. FRANCISCO MACEDO. Transcribe o que del nos di Juan Brancaccio na súa *Ars memoria vindicata*, traducíndoo do latín: “... foi egrexio teólogo, filósofo insigne, peritísimo nun e noutro dereito civil e canónico, orador elocuente, poeta de admirable facilidade, de xeito que, preguntado sobre calquera asunto, ao momento daba a resposta en verso. Sabía as historias de todos os pobos, de todas as idades, as sucesións

dos imperios, a historia eclesiástica. Falaba, fóra da nativa, vinte e dúas linguas. Tiña de memoria todas as obras de Cicerón, de Salustio, de Tito Livio, de César, de Curcio, de Paterculo, de Suetonio, de Tácito, de Virgilio, de Ovidio, de Horacio, de Catulo, de Tíbulo, de Propercio, de Stacio, de Sílio, de Claudiano... Non se atopou cousa tan escura ou impenetrable dalgún escritor antigo latino, grego ou xudeo, sobre a que, preguntado, non respondese no momento. Era certamente biblioteca de todas as ciencias e oráculo común de toda Europa” [26].

O padre Feixoo fai especial fincapé nos xurisconsultos galegos. “Xa o amor á patria –di–, xa a singularidade dos suxeitos indúceme a facer particular memoria de dous que tiveron a súa orixe e berce no nobrísimo reino de Galicia” [132].

“O primeiro é o señor don Francisco Salgado, espírito sublime que entre escollos soubo navegar o mar da xurisprudencia, por onde, ata o seu tempo, se vulgára impracticable, descubrindo rumbo para acordar as

dúas supremas potestades, pontificia e rexia, por un estreito tan mol que, a pouco que bandee o buque do discurso, ou ha crebar contra o dereito natural ou ha rachar contra o divino. Grande enxeño! Quen, se nas obras que escribiu sobre este asunto deu a coñecer que sabía navegar entre penedos, noutra, non menos útil que difícil, amosou que tamén sabía camiñar por labirintos” [132].

É unha egrexia figura don Francisco Salgado de Somoza. Riaza e García Gallo [146] lembran o “sutilísimo Francisco Salgado de Somoza, cuxas doutrinas recorda Kohler”.

Casals Coldecarrera [147] dixonos que a doutrina de Salgado de Somoza se recolle nos estudos dunha lei concursal ou de quebra.

Ogando Vázquez [148] realizou un estudo completo deste galego famoso, que nace na Coruña no 1591 ou 1595, e actúa diante da súa Real Audiencia, lembrando as súas obras *Tractatus de regia protectione, De supplicatione ad santissimum, Labyrinthium crediturum, Patrocinium pro patria, etc.*

“O segundo –dinos Feixoo– é o señor don Diego Sarmiento e Valladares, inquisidor xeral que foi destes reinos e honra grande do egrexio Colexio da Santa Cruz de Valladolid, quen, por non lle dar algunhas obras á estampa faise máis acredor a que neste escrito se dea noticia ao mundo da súa chocante comprensión dun e doutro dereito. O testemuño auténtico que del se deu, cando era olexial no devandito Colexio da Universidade de Valladolid, foi tan extraordinario e peregrino que non se viu deica agora outro igual, nin probablemente se verá xamais. O día 31 de maio do 1654 expúxose en conclusións públicas a responder a todos os xuristas e canonistas daquela universidade sobre todas ou case todas as leis das *Partidas*, as de *Toro* e a *Nova Recopilación*.” [144]

Noutra pasaxe da súa obra o padre Feixoo di que “só fixen memoria de dous xurisconsultos famosos de Galicia. Foi rara inadvertencia non decatarme entón doutro que, por parente meu, era naturalísimo telo máis presente ca os que loei. Este foi don Xoán de Puga Feixoo, catedrático de Prima da Universidade de Sa-

lamanca, cuxa vida e escritos sacou pouco hai á luz o doutor don Gregorio Mayáns. A sona deste insigne varón, oráculo da xurisprudencia, durará canto dure a Universidade de Salamanca. Nin é mester facer aquí a súa loanza, porque as voces de cantos doutores salmantinos o acadaron e o sucederon berraron a toda España, e hoxe gritan os seus escritos a toda Europa o seu singularísimo enxeño” [26]. “Tanto os Pugas coma os Feixoo –engade– teñen a súa devanceira orixe na provincia de Ourense, parte do reino de Galicia.”

O padre Feixoo tiña un coñecemento completo dos estudos de dereito, non pasándolle preto cousa ningunha da cal non se decatase, tal era a súa inqueda.

E así escribe: “Non obstante, xulgo que se outros sabios no dereito que por aquí tivésemos fosen coñecidos dos estranxeiros, como os devanditos que trataron moito con eles, quizais non serían menos apreciados ou serían pouco menos. Neste número poden entrar os señores Castillo, Larrea, Solórzano, Molina, Crespi, Valenzuela Velázquez, Amaya, Gutiérrez, González, Acevedo, Gregorio López e outro moitos, na

loanza dos cales non debemos deternos, porque sendo aquí o noso intento asegurar a excelencia dos xuristas españois sobre o testemuño dos autores estranxeiros só os que destes achamos singularmente celebrados por eles, teñen lugar competente neste discurso” [26].

XXXVII

FEIXOO E GALICIA

Non debe darse remate a este modesto traballo sen facer referencia concreta a Feixoo e ao seu vencellamento con Galicia.

Sente agarimo insuperable por esta terra na que naceu. “Galicia, a miña patria.” [149] A súa galeguidade é notoria. Fala do “chan natalicio”, non condenando “algún afecto inocente e moderado”. Como di Moure Mariño [101], “non se pode poñer en dúbida a galeguidade do padre Feixoo, posta de manifesto incluso no seu espírito inquisitivo, naquela actitude que o levaba a unha metódica dúbida científica e a non dar por certo ren non probado”.

É grande observador, e o seu resultado aplica a si mesmo, e non fai falla facer esforzo ningún para que se faga evidente que na súa obra está de xeito constan-

te o home galego. É intuitivo na súa expresión, no seu ensino. “É adaxio vulgar en Galicia, a miña patria: un exempliño aclara moito a vista. E é unha bonita locución metafórica.” [42]

Refire como Galicia é país onde viven moito os homes, e menciona como morreu no ano de 1726 un pobre labrego chamado Xoán de Outeiro, veciño que foi da vila de Fefiñáns, á idade de 146 anos, e que foi “digno pola súa longa vida da máis longa memoria, e aínda que se lle perpetúe o nome polas prensas” [150].

Fala tamén como enchen os camiños “as tropas de galegos que van a Castela, á sega” [151]. A súa lembranza prodúcelle fonda anguria. Está sempre viva a inqueda polos galegos. Galegos a Castela, galegos ao mundo universal. É interesante atender ao *Informe* de Campomanes e ao que comenta Moure Mariño [128]. “Segundo se desprende deste, os labregos fuxían de ir a Castela porque en moitas partes táxanlles o xornal da sega, ademais da inxustiza de incluír nas quintas aos galegos en todas as provincias de Castela e con tal arte que sempre lles fan veña a sorte a

eles... iniquidades que se cometían cos galegos e que ían dende o desprezo persoal –moitas veces lembrado polo padre Feixoo–, ata a taxa dos seus xornais e aldraxantes trampas para que os rapaces galegos cumprisen o servizo militar en lugar dos casteláns”, esquecendo o seu nobre corazón, a súa intelixencia e o seu espírito nobre e exquisito, cunha carga espiritual insuperable que ten de sempre. O galego chegou ao currunchos máis afastado para mellorar o tesouro espiritual do mundo. Aberto a todo o que signifique dedicación e sacrificio, o Mestre refire o que lle sucedeu cun sinxelísimo castelán de Salamanca. “Tivo comigo algún trato, no cal notei que non só non lle desagradaba a miña conversa, senón que me escoitaba con certo xénero de suspensión misteriosa que significaba algo máis ca unha simple folganza, sen que eu puidese adiviñar a causa ata que el ma deu a coñecer dicíndome con toda seriedade, ao cuarto ou quinto día, que o sorprendera o meu xeito de explicarme, porque estaba antes en xuízo de que todos os galegos eran coma os que ían segar a súa terra” [144].

Un pobo valente, sufrido. Lembra Feixoo como “Xustino loa os ánimos españois por intrépidos para a morte e amantes das fatigas militares; que Silvio Itálico, co meirande encarecemento, lles aplica aos galegos, afirmando que estes tiñan por ocupación indigna de homes todo o que non era manexar as armas na campaña. Coma Estrabón, que é farto estranxeiro, oriúndo de Creta e nacido na Capadocia, confirma o dito por Silvio Itálico, chamando aos galegos xente sumamente guerreira e dificultosísima de conquistar” [144]. Monte Medulio. Tamén se ocupa da lingua galega. Combate os que viñan sostendo que os galegos, aínda sabendo ben a lingua castelá, a pronuncian algo mal, atribuíndo este defecto á imperfecta organización da lingua proveniente do influxo do clima. “Non hai cousa –di Feixoo–. Ese vicio vén do costume tomado da nenez; o que evidencia que os galegos que de moi nenos se levan a Castela e se crían entre casteláns pronuncian con tanta limpeza e expedición este idioma coma os naturais de Castela. Sei que hai poucos anos era celebrada polo fermoso desenguedello da pronun-

cia e aire de movemento unha comediante, nacida nunha pobre aldea de Galicia, que de catro ou cinco anos a levou un tío seu á Corte.” [132]

Sostén que a lingua lusitana ou galega non se pode considerar subdialecto ou corruptela da castelá, senón que o idioma galego e o luso son o mesmo. “En fin, en honor da nosa patria, diremos que se o idioma de Galicia e Portugal non se formou en promiscuidade a un tempo nos dous reinos, senón que dun pasou ao outro, debe discorrerse que de Galicia pasou a Portugal, non de Portugal a Galicia.” [132]

O portugués Antonio José Saraiva [154], ao tratar as orixes e desenvolvemento da lingua portuguesa, di que están contidas as primeiras manifestacións nuns cancioneros, chamados primitivos, cuxos poemas máis antigos datan de finais do século XII, e que foron escritos, en xeral, por oriúndos de Galicia e do norte de Portugal, engadindo que Galicia, segundo a división administrativa romana, estendíase ata o Douro e incluía, por conseguinte, a actual provincia portuguesa de entre Douro e Miño.

Non fai máis que reforzar a teoría do Mestre na que trata do mesmo idioma que se comunicou de Galicia a Portugal.

Moure Mariño [155] comenta a tese de Oliveira Martins na Historia da civilización deste, dicindo que, sen dúbida, o galego é a ponla fermosa do latín e a primeira que naceu, non do latín clásico –do sermo nobilis– senón do sermo rusticus, falado polo pobo e os lexionarios, como di Couceiro Freixomil. A fonética e o ton e ademais moitísimas palabras de orixe celta, máis outras que recolleu no decorrer dos séculos, xeraron unha lingua nova que aínda conserva a súa música encantada dos celtas antigos. O mesmo autor dinos como “Xa o padre Sarmiento, en *Vida y viajes literarios* deixou dito: É bárbara crueldade e necidade que uns forasteiros ensinen os nenos galegos mediante a lingua castelá, castigándoos se se lles vai algunha palabra ou frase galega, das que mamaron...”.

O padre Feixoo escribira no seu Paralelo: “Primeiro se lle quita a un reino a liberdade ca o idioma”. E remato. Na exposición que precede atópase o padre Feixoo,

ficando recollidas as súas palabras ao redor dos diversos aspectos e problemas.

Está o seu ensino, no que sobresaie un espírito nobre, egrexio, prócer. Deica el diríxese todo o meu esforzo. Tamén ao mosteiro de San Xián de Samos, que se mantén nos séculos como faro de humildade e sabedoría. Foi fundado polo rei Ramiro, cando era abade Arxerico, cos mosteiros de San Cristovo e San Xoán en Lóuzara, en Lor o mosteiro de Sobrado, a igrexa de Quiroga coa súa vila, o territorio de Valdeorras, no Bierzo os mosteiros de San Xoán e San Estevo, o mosteiro de Bubal, en Celaicorantes as igrexas de San Xoán e San Pedro con todos os seus bens e pesqueiras, no Arnego a vila Cumarro, no Salnés a vila Pinaria coas súas terras e salinas. Velaí, presentes, aos que se dirixe o agarimo e a admiración. Luz sempre, sol e lúa.

Ano de 1976:

III Centenario do Nacemento do Padre Feixoo

- [1] Kamen, H.: *La inquisición española*, Alianza Editorial, Madrid, 1973.
- [2] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VIII, disc. 12.
- [3] De Zulueta, E.: *La crítica intelectual en la obra de Fernández de la Mora*, Madrid, 1969.
- [4] Castro, A.: *Español, palabra extranjera: razones y motivos*, Ed. Taurus, Madrid, 1970.
- [5] García Camarero, E. y E.: *La polémica de la ciencia española*, Madrid, 1970.
- [6] Morayta, M.: *Historia de España*, Madrid, 1861.
- [7] Varela, J. L.: “Galicia e Feixoo”, artigo no xornal *ABC*, 28 de novembro de 1965.
- [8] Álvarez Blázquez, J. M.: artigo no xornal *El Correo Gallego*, 7 de outubro de 1968.
- [9] Feixoo Montenegro, B. X.: *Prólogo ao Teatro crítico universal*, I, Clásicos Castellanos, Espasa.-Calpe, S. A., Madrid, 1941.
- [10] Mestre, A.: *Pensamiento político-religioso de Mayáns*, Valencia, 1968. Comentario por Gonzalo Fernández de la Mora.
- [11] Ruiz Jiménez, J.: “Derecho y poder en el siglo XVIII”, no xornal *ABC*, 9 de marzo de 1973.
- [12] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo III, disc. 13.
- [13] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. 7.
- [14] Marías, J.: “La metafísica en el siglo XVII”, no xornal *ABC*, 19 de novembro de 1972.
- [15] Marías, J.: “Las grandes vigencias, la razón y el progreso”, no xornal *ABC*, 15 de decembro de 1969.
- [16] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo III, disc. 11.
- [17] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo V, disc. 2.
- [18] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo V, disc. 3.
- [19] Casás Fernández, M.: *El P. Feijóo y la justicia*, A Coruña, 1952.
- [20] Ferri: *L'omicidio nell'antropologie criminale*, Turín, 1895, páx. 31.
- [21] Marañón, G.: *Las ideas biológicas del P. Feijóo*, Madrid, 1962, páx. 215.
- [22] Rof Carballo, J.: “El jaguar”, no xornal *ABC*, 26 de setembro de 1969.

- [23] Talenti, A.: *Aspectos médicos en la obra del Maestro Fray Benito Jerónimo Feijóo*, Oviedo, 1969.
- [24] Junceda Avello, E.: *El saber ginecológico del Padre Feijóo*, Oviedo, 1964.
- [25] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo V, disc. 6.
- [26] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IX.
- [27] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo IV, carta XIV.
- [28] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo V, carta XVIII.
- [29] Sáinz Amor, C.: *Ideas pedagógicas del Padre Feijóo*, Madrid, 1950.
- [30] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VI, disc. 1.
- [31] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VI, disc. 62.
- [32] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo II, carta I.
- [33] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta XXIV.
- [34] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta XXII.
- [35] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta XXIII.
- [36] Mariás, J.: “Ilustración y crítica del estado de error de Feijóo”, no xornal *ABC*, 20 de xaneiro de 1970.

- [37] Pérez Muga, P.: *Historia de la filosofía*, Barcelona, 1917, pp. 310 e ss.
- [38] Arenal, C.: *Juicio crítico de las obras de Feijóo*, Edicións Galicia, Bos Aires, 1966.
- [39] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo II, carta XXVI.
- [40] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VIII, disc. IV.
- [41] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo I, carta I.
- [42] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo V, carta II.
- [43] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VI, disc. 17.
- [44] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. III.
- [45] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo V, disc. III.
- [46] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo II, carta XVI.
- [47] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo II, carta XXIII.
- [48] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo IV, carta XXIII.
- [49] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo II, carta XXIV.
- [50] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo V, carta I.
- [51] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo II, carta XXVI.

- [52] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo III, disc. III.
- [53] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. VII.
- [54] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo IV, carta XXI.
- [55] Ortega y Gasset, J.: *En torno a Galileo, Obras completas*, tomo V.
- [56] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VII, disc. XI.
- [57] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VII, disc. XII.
- [58] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VIII, disc. II.
- [59] Otero Pedrayo, R.: *El Padre Feijóo, su vida, doctrina e influencia*, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo, Ourense, 1972.
- [60] Roa Dávila, J.: *De regnorum iustitia*, Madrid, 1970.
- [61] Rocamora Valls, P.: Conferencia pronunciada en Burgos, no xornal *ABC*, 17 de decembro de 1972.
- [62] De las Casas, B.: *De regia potestate*, Madrid, 1969.
- [63] Fernández de la Mora, G.: Comentario no xornal *ABC*.
- [64] Martínez-Risco y Macías, S.: *Las ideas jurídicas del Padre Feijóo*, Ourense, 1973.

- [65] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo I, disc. I.
- [66] De Entrambasaguas, J.: “Selección y prólogo”, *Antología*, Madrid, 1942.
- [67] Elorrieta y Artaza, T.: *Liberalismo*, Madrid, 1926.
- [68] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta I.
- [69] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo V, disc. X.
- [70] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. II.
- [71] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo I, disc. IV.
- [72] Alborg, J. L.: *Historia de la literatura española*, Madrid, 1972.
- [73] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo V, disc. IV.
- [74] Herr, R.: *España y la revolución del siglo XVIII*, Madrid, 1973.
- [75] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. I.
- [76] Del Vecchio, G.: *Filosofía del derecho*, Barcelona, 1942.
- [77] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo III, disc. XII.

- [78] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta XXV.
- [79] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo XI, disc. XXXVIII.
- [80] Schmidt, E.: *La ley y los jueces*, Madrid, 1971.
- [81] Moix, M.: *Nuevas perspectivas de la justicia clásica*, Madrid, 1968. E tamén comentarios diversos de Fernández de la Mora.
- [82] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VIII, disc. XII.
- [83] Rocamora Valls, P.: *Libertad y voluntad en el derecho*, Madrid, 1947.
- [84] Feixoo Montenegro, B. X.: *De la Ilustración apologética*.
- [85] Cosentini, F.: *La reforma de la legislación civil y el proletariado*, Madrid, 1921.
- [86] Carnelutti, F.: “Arte del derecho”, en *Seis meditaciones sobre el derecho*, Bos Aires, 1956. Transcribe Recaséns Sitges.
- [87] De la Vega Benayas, C.: *Introducción al derecho judicial*, Madrid, 1970.
- [88] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo II, disc. XI.
- [89] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo V. Aprobación Fr. Francisco Folch.

- [90] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VII, disc. X.
- [91] Ruíz-Jarabo y Baquero, F.: *La misión de juzgar*, Madrid, 1969.
- [92] Martín Gaité, C.: *Antología de obras de Benito Feijóo*, Madrid, 1970.
- [93] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VIII, disc. XIII.
- [94] Del Val, J. A.: *Introducción a la obra de Cesare de Beccaria De los delitos y de las penas*, Madrid, 1968.
- [95] Melgarejo Manrique de Lara, P.: *Compendio de contratos y de residencias*, Madrid, 1667.
- [96] Tomás y Valiente, F.: *Tortura en España*, Madrid, 1973.
- [97] Sueiro, D.: *La pena de muerte*, Madrid, 1974.
- [98] Silva Melero, V.: “La faceta criminológica en el pensamiento del Padre Feijóo”, *Anuario de derecho penal y ciencias penales*, tomo IX, xaneiro-abril, 1956.
- [99] Díaz, J. R.: “Primeros tiempos de la Inquisición en Santiago”, no xornal *La Voz de Galicia*, 11 de agosto de 1974.
- [100] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VI. Aprobación Fr. Francisco Folch.

[101] Moure Mariño, L.: “Sobre el Padre Sarmiento”, no xornal *La Voz de Galicia*, 1 de marzo do 1970.

[102] Voltaire, L.: *Comentario sobre el libro De los delitos y de las penas por un avogado de provincias*.

[103] Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Lugo: *Libro de actas*, 1970.

[104] Iglesias Corral, M.: Artigo no xornal *La Voz de Galicia*, 13 de xuño de 1969.

[105] Iglesias Corral, M.: Conferencia organizada polo Colexio de Avogados de Lugo no Círculo das Artes de Lugo, maio, 1974.

[106] San Mateo 26, 36-38.

[107] San Mateo 26, 29, 41, 42, 44.

[108] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VI, disc. XI.

[109] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VI, disc. IX.

[110] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo III, disc. X.

[111] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo I, carta XXIX.

[112] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo I, carta XXVIII.

[113] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo IV, carta V.

[114] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta XII.

[115] Pardo Bazán, E.: *Feijóo y su siglo*, citado en [21].

[116] Armesto, V.: *Dos gallegos: Feijóo y Sarmiento*, A Coruña, 1964.

[117] Galindo Carrillo, M. A.: *Tres hombres y un problema: Feijóo, Sarmiento y Jovellanos ante la educación moderna*, Madrid, 1953.

[118] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta XXVII.

[119] Junco, A.: “Derechos políticos de la mujer”, no xornal *ABC*, 1974.

[120] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo I, disc. XV.

[121] *Enciclopedia xurídica*, Ed. Seix.

[122] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo IV, carta III.

[123] Condomines Valls, F.: Conferencia organizada polo Colexio de Avogados da Coruña.

[124] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo IV, carta XIX.

[125] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo V, carta XVI.

[126] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta XVII.

[127] Tomás y Valiente, F.: Conferencia organizada pola Universidade Internacional de Santander, *ABC*, 9 de agosto de 1974.

[128] Moure Mariño, L.: “Informe de Campomanes sobre Galicia”, no xornal *La Voz de Galicia*, 14 de setembro do 1969.

[129] Anes, G.: *Economía e Ilustración*, Barcelona, 1972.

[130] De la Huerta y Vega, F. X. M.: *Anales del Reyno de Galicia*, tomo II, Santiago, Imprenta de Antonio Guerra, 1734.

[131] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VIII, disc. XIII.

[132] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. XIV.

[133] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo III, carta V.

[134] Feixoo Montenegro, B. X.: *Justa repulsa*, p. 37.

[135] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo IV, carta I.

[136] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo II, carta VII.

[137] Recasens Sitges, L.: *La naturaleza del pensamiento jurídico*, Reus, 1971.

[138] Gil, L.: “El arte de la palabra en el mundo clásico”, no xornal *ABC*, 22 de marzo de 1970.

[139] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo I, disc. VII.

[140] De Moxó, S.: *Los letrados en la sociedad política de la Baja Edad Media*.

[141] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo II, disc. XIII.

[142] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo V, carta XXI.

[143] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo II, carta XXIII.

[144] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. XIII.

[145] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. XIX.

[146] Riaza, R.- García Gallo, A.: *Manual de historia del derecho español*, Madrid, 1934.

[147] Casals Colldecarrera, M.: “Ante el anteproyecto de una ley concursal”. Conferencia 6 de xullo de 1976.

[148] Ogando Vázquez, X. F.: Conferencia titulada “Francisco Salgado de Somoza”, 13 de xullo do 1976.

[149] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo VII, disc. X.

[150] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo I, disc. XII.

[151] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo IV, disc. XI.

[152] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo I, disc. XIV.

- [153] Feixoo Montenegro, B. X.: *Cartas*, tomo IV, carta XII.
- [154] Saraiva, A. J.: *Breve historia de la literatura portuguesa*, Madrid, 1971.
- [155] Moure Mariño, L.: “Nosa lingua, noso sangue...”, no xornal *La Voz de Galicia*, 22 de febreiro do 1970.
- [156] Prieto Castro, Leonardo: *Tratado de derecho procesal*, tomo I, Madrid, 1952.
- [157] Fernández Mosquera, Ramón: “Feijóo y el anteproyecto de ley procesal”, *ABC*, 8 de xullo de 1967.
- [158] Feixoo Montenegro, B. X.: *Teatro crítico universal*, tomo V, disc. 1.

<i>A Irmandade Xurídica Galega e D. Pedro González López.</i>	7	XVII.	Dereito procesal	181	
<i>Pedro González López. Datos biográficos.</i>	29	XVIII.	Proceso penal	189	
<i>O padre frei Bieito Xerónimo Feixoo e Montenegro,</i>		XIX.	As testemuñas falsas. A mentira	193	
<i>por Pedro González López.</i>	31	XX.	Dereito internacional	198	
I.	Frei Bieito Xerónimo Feixoo e Montenegro	41	XXI.	Sobre as custas. Abundancia de litixios	204
II.	A filosofía	51	XXII.	Crítica sobre causas célebres	208
III.	Lóxica. As súmulas	75	XXIII.	Sobre a muller	213
IV.	Da política	78	XXIV.	Suicidio	216
V.	Do príncipe	94	XXV.	Sobre o duelo	219
VI.	Xustiza. Dereito	98	XXVI.	A prodigalidade	222
VII.	Tribunais, xuíces e misión de xulgar	106	XXVII.	A difamación	225
VIII.	Funcionarios xudiciais	120	XXVIII.	Vagos e maleantes	228
IX.	Dereito penal	124	XXIX.	Poboación	231
X.	Tormento	132	XXX.	Empregos e oficios	233
XI.	A pena de morte	142	XXXI.	Agricultura	238
XII.	Pena de multa	161	XXXII.	Sociedades económicas de amigos do país	246
XIII.	O perdón do príncipe	164	XXXIII.	Días de festa	248
XIV.	Fisionomía	167	XXXIV.	Oratoria, retórica e dialéctica	250
XV.	Medicina legal	174	XXXV.	A avogacía	251
XVI.	Menores. Arbitrio xudicial	179	XXXVI.	Xurisconsultos	263
			XXXVII.	Feixoo e Galicia	274
				Bibliografía	282

Discurso inédito pronunciado por
D. Pedro González López
no acto do seu ingreso na Academia de Lexislación e Xurisprudencia
que fora contestado polo
maxistrado D. Ramón Carballal Pernas.
Editase agora co gallo da celebración do III capítulo da
Imposición de Togas e Medallas da
Irmandade Xurídica Galega
celebrado en Lugo
o día 3 de xullo de 2010.